



PARLAMENTO
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

XI lexislatura
Número 437
13 de xaneiro de 2023

Fascículo 2



SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.5. Procedementos relativos a outras institucións e órganos

1.5.1. De ámbito autonómico galego

1.5.1.2. Consello de Contas

1.5.1.2.3. Memoria de actividades

■ Acordo da Mesa do Parlamento, do día 3 de agosto de 2022, polo que se admite a trámite o escrito do Consello de Contas de Galicia no que se remite a Memoria de actividades e as contas anuais correspondentes ao exercicio 2021, e os Informes de fiscalización contidos na memoria (11/ICON-000007; 11/MCON-000003; doc. núm. 38478) [170288](#)



1. Procedementos parlamentarios

1.5. Procedementos relativos a outras institucións e órganos

1.5.1. De ámbito autonómico galego

1.5.1.2. Consello de Contas

1.5.1.2.3. Memoria de actividades

Acordo da Mesa do Parlamento, do día 3 de agosto de 2022, polo que se admite a trámite o escrito do Consello de Contas de Galicia no que se remite a Memoria de actividades e as contas anuais correspondentes ao exercicio 2021, e os Informes de fiscalización contidos na memoria (11/ICON- 000007; 11/MCON-000003; doc. núm. 38478)

No Rexistro Xeral do Parlamento de Galicia tivo entrada, co número 38478, o escrito do Consello de Contas de Galicia relativo á Memoria anual de actividades correspondente ao exercicio 2021 e os informes de fiscalización das contas do sector público de Galicia correspondentes ao exercicio 2020.

A Mesa, por unanimidade, adopta os seguintes acordos:

1º. A cualificación e admisión a trámite da Memoria anual de actividades correspondente ao exercicio 2021 e os informes de fiscalización das contas do sector público de Galicia correspondentes ao exercicio 2020, aprobados polo Pleno do Consello de Contas de Galicia e remitidos a este Parlamento en cumprimento do disposto nos artigos 19, 20 e 25 da Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas, e no artigo 62 do seu Regulamento de réxime interior (doc. núm. 38478).

2º. A remisión da documentación presentada aos grupos parlamentarios.

3º. A publicación da referida documentación na páxina web do Parlamento de Galicia.

4º. A publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* da Memoria anual de actividades do Consello de Contas de Galicia correspondente ao exercicio 2021.

Santiago de Compostela, 5 de agosto de 2022

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente




Consello de Contas
de Galicia



MEMORIA DE ACTIVIDADES


EXERCICIO 2021





ÍNDICE

MEMORIA ANUAL	3
MEMORIA ANUAL DE ACTIVIDADES EJERCICIO 2021.....	3
I. INTRODUCCIÓN	3
II. COMPOSICIÓN E ACTIVIDADE DOS ÓRGANOS DE GOBERNO	5
II.1. COMPOSICIÓN	5
II.2. ACTIVIDADE DOS ÓRGANOS COLEXIADOS	6
III. ACTIVIDADE DE FISCALIZACIÓN	8
III.1. A FUNCIÓN FISCALIZADORA	8
III.2. INFORMES APROBADOS POLO PLENO DO CONSELLO NO ANO 2021	9
III.3. COMUNICACIÓNS OU DENUNCIAS PRESENTADAS ANTE O CONSELLO DE CONTAS	11
IV. ACTIVIDADE DE PREVENCIÓN DA CORRUPCIÓN	12
IV.1. ACTIVIDADE DA SECCIÓN DE PREVENCIÓN	12
IV.2. ACTUACIÓNS DO COMITÉ DE ÉTICA	16
IV.3. ACTIVIDADE DA COMISIÓN TÉCNICA DE PREVENCIÓN DA CORRUPCIÓN	16
V. ACTIVIDADE XURISDICCIONAL	17
VI. ACTIVIDADE CONSULTIVA	17
VII. DESENVOLVEMENTO DOS SERVIZOS	18
VII.1. PERSOAL	18
VII.2. FORMACIÓN	19
VII.3. BIBLIOTECA E ARQUIVO	20
VII.4. SERVIZO DE INFORMÁTICA	24
VII.5. GRUPO DE TRABALLO DE ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA	28
VIII. ACTIVIDADE INSTITUCIONAL	30
IX. PARTICIPACIÓN EN ÓRGANOS COLEXIADOS	34
IX.1. COMISIÓN DE TRANSPARENCIA	34
IX.2. COMISIÓN MIXTA CONSELLO DE CONTAS-INTERVENCIÓN XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA	34
X. EXECUCIÓN ORZAMENTARIA 2021	35



Cod. Validación: 42SHTGL70926GDDWP5KGNMHQD | Corrección: https://consellocontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 192



X.1. EXECUCIÓN DO ORZAMENTO DE GASTOS	35
X.2. EXECUCIÓN DO ORZAMENTO DE INGRESOS	39
XI. INFORMACIÓN SOBRE O SEGUIMIENTO DAS RECOMENDACIÓNS EFECTUADAS POLO CONSELLO DE CONTAS DE GALICIA	40
XI.1. OBXECTIVO E ALCANCE	40
XI.2. TRATAMENTO DAS CONTESTACIÓNS ENVIADAS POLOS ÓRGANOS XESTORES	43
XI.3. RESULTADOS DO SEGUIMIENTO DAS RECOMENDACIÓNS NO SECTOR PÚBLICO AUTONÓMICO	44
APÉNDICES	49
APÉNDICE 1. ORGANIGRAMA: FISCALIZACIÓN, PREVENCIÓN DA CORRUPCIÓN E AXUIZAMENTO A 31 DE DECEMBRO DE 2021	
APÉNDICE 2. INFORME DE ACTIVIDADES DA SECCIÓN DE PREVENCIÓN DA CORRUPCIÓN. EJERCICIO 2021	
APÉNDICE 3. INFORME DE ACTUACIÓNS DO COMITÉ DE ÉTICA. EJERCICIO 2021	
APÉNDICE 4. INFORMACIÓN SOBRE O SEGUIMIENTO DE RECOMENDACIÓNS. EJERCICIOS 2012 A 2019	



MEMORIA ANUAL

En cumprimento do previsto no artigo 20 da Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas, e no artigo 50 do Regulamento de réxime interior aprobado pola Comisión permanente non lexislativa para as relacións do Parlamento de Galicia co Consello de Contas, preséntase a Memoria anual correspondente ao exercicio 2021, integrada polos seguintes documentos:

Documentos remitidos ao Parlamento

Documentos
<i>Memoria anual de actividades do Consello de Contas de Galicia correspondente ao exercicio 2021</i>
<i>Contas anuais do Consello de Contas de Galicia correspondentes ao exercicio 2021</i>
Informes de fiscalización
<i>Informe de fiscalización da Conta Xeral da Comunidade Autónoma. Exercicio 2020</i>
<i>Informe de fiscalización da Conta Xeral do Sergas. Exercicio 2020</i>
<i>Informe de fiscalización da Conta Xeral das entidades locais de Galicia. Exercicio 2020</i>
<i>Informe económico-financeiro das entidades instrumentais autonómicas. Exercicio 2020</i>
<i>Informe de fiscalización dos Fondos Europeos. Exercicio 2020</i>
<i>Informe de fiscalización dos Fondos de Compensación Interterritorial. Exercicio 2020</i>
<i>Informe de fiscalización do destino dos recursos empregados no proxecto Life Rexenera Limia. Exercicios 2016-2019</i>
<i>Informe de fiscalización sobre a aplicación e suficiencia dos ingresos do fondo COVID-19 para a xestión da pandemia na CA de Galicia. Exercicio 2020</i>
<i>Informe de fiscalización de Taxas, Prezos Públicos e Outros Ingresos patrimoniais do Sergas. Exercicios 2016-2018</i>
<i>Informe de fiscalización selectiva do Concello da Coruña. Exercicio 2018</i>
<i>Informe de fiscalización selectiva do Concello de Curtis. Exercicios 2010 a 2019</i>

MEMORIA ANUAL DE ACTIVIDADES EJERCICIO 2021

I. INTRODUCCIÓN

O Consello de Contas de Galicia, ente fiscalizador das contas e da xestión económico-financeira do sector público galego, foi creado pola Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de Autonomía de Galicia. A Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas (en diante LCC), modificada pola Lei 4/1986, do 26 de decembro, pola Lei 8/2015, do 7 de agosto, pola Lei 9/2017, do 26 de decembro e pola Lei 7/2019, de 23 de decembro, regula a súa organización e funcionamento.

Cod. Validación: 42SHTGL709265QDWP5KGNMHDQ | Corrección: <https://consellocontasgalicia.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 192



O Tribunal Constitucional, na súa Sentenza 18/1991, do 31 de xaneiro, precisou, entre outras cuestións, que as competencias do Consello de Contas en materia de axuízamento serán exercidas, no seu caso, por delegación do Tribunal de Cuentas.

Por Acordo do 23 de febreiro de 2017 da Comisión permanente non lexislativa para as relacións co Consello de Contas do Parlamento de Galicia aprobouse o Regulamento de réxime interior da Institución (en diante RRI), ultimándose deste xeito o marco legal no que exerce as súas funcións.

O inicio das actividades do Consello de Contas produciuse o 1 de marzo de 1991, ao tomar posesión dos seus cargos os cinco conselleiros designados polo Parlamento de Galicia. De acordo co previsto na disposición transitoria 2ª da Lei do Consello de Contas, tres conselleiros foron renovados aos tres anos, isto é en 1994, para así poder axustar os nomeamentos dos conselleiros á renovación parcial na forma legalmente establecida, tres e dous, mantendo a duración dos seus mandatos en seis anos. Posteriormente en 1994, 1995, 1997, 2000, 2003, 2007, 2009, 2013, 2015 e 2016 foron efectuados polo Parlamento de Galicia os nomeamentos dos distintos conselleiros.


Destaca a reforma da Lei aprobada en 2015, na que se reforzan as competencias do Consello de Contas, atribuíndolle funcións en materia de prevención da corrupción, e potenciando a súa independencia, eficiencia e capacidade de cooperación con outras institucións.

Pola súa relevancia, cabe facer mención a algúns dos aspectos máis destacables desta reforma:

Atribúenselle ao Consello de Contas as competencias en materia de prevención da corrupción no ámbito da actividade económico-financeira do sector público da Comunidade Autónoma, creando unha nova sección no Consello de Contas, a de Prevención da Corrupción, que estará presidida polo conselleiro ou conselleira maior e asistida por todo o persoal do Consello.

No ámbito da fiscalización, adiántase a data de rendición da Conta Xeral da Comunidade Autónoma, que queda fixada no 30 de setembro; ademais, o Consello asume a competencia de fiscalizar a evolución dos bens patrimoniais das persoas que ocupen altos cargos no sector público autonómico e refórzase o mecanismo de inicio dos procedementos de fiscalización a través de comunicacións de persoas físicas ou xurídicas.

No ámbito consultivo, ábrese a vía para que o Consello, a petición dos órganos competentes, poida emitir informes facultativos que unifiquen os criterios que permiten levantar os reparos que no ámbito da Administración local e en materia económico-financeira se poidan presentar. Ademais, o Consello pasa a ser a institución asesora da Cámara lexislativa en materia económico-financeira e asume a competencia de responder as consultas que se lle formulen sobre a execución e liquidación dos orzamentos autonómicos, así como sobre os proxectos normativos que afecten os ingresos e os gastos públicos.





II. COMPOSICIÓN E ACTIVIDADE DOS ÓRGANOS DE GOBERNO

II.1. COMPOSICIÓN

A composición orgánica do Consello de Contas é a establecida polo artigo 6 da LCC. Segundo o disposto nesa norma, son órganos da Institución de control externo: o Pleno; o conselleiro ou conselleira maior; a Comisión de Goberno; as Seccións de Fiscalización, de Axuizamento, e de Prevención da Corrupción; os conselleiros e conselleiras; e a Secretaría Xeral.

As funcións que corresponden a cada un destes órganos detállanse nos artigos comprendidos entre os números 7 ao 11 do devandito texto legal. Ao Pleno atribúenselle competencias en materia de fiscalización, axuizamento e prevención da corrupción, xunto con outras de réxime interno; os outros órganos exercen funcións de carácter máis específico: de fiscalización e axuizamento e prevención da corrupción, no caso das Seccións; de administración e réxime interno, no da Comisión de Goberno.

Doutra banda, as atribucións do conselleiro maior consisten na representación institucional, convocar e presidir o Pleno, a Comisión de Goberno e a Sección de Prevención da Corrupción, e na xestión interna, exercer a xefatura superior de persoal, ordenación de gastos e pagos, contratación de obras, servizos e subministracións, entre outras. A Secretaría Xeral constitúe un órgano de apoio técnico-administrativo dos anteriores.


Ao longo do 2021 a composición dos órganos do Consello de Contas foi a seguinte:

Pleno:

Presidente:	Excmo. Sr. don José Antonio Redondo López
Vogais:	Excma. Sra. dona Ana María Otero López (cesou o 6 de outubro de 2021)
	Excma. Sra. dona María Begoña Villaverde Gómez
	Excmo. Sr. don Constantino Carreiras Souto
	Excmo. Sr. don Simón Rego Vilar (nomeado conselleiro o 1 de febreiro de 2021 en substitución de dona Beatriz Rodríguez Fraga)
Secretaria	Ilma. Sra. dona María Luisa Cardesín Díaz (cesou o 26 de abril de 2021)
	Ilma. Sra. dona Ana Ornilla Guillamón (tomou posesión o 27 de abril de 2021)

Comisión de Goberno:

Presidente:	Excmo. Sr. don José Antonio Redondo López
Vogais:	Excma. Sra. dona Ana María Otero López (cesou o 6 de outubro de 2021)
	Excma. Sra. dona María Begoña Villaverde Gómez



Cod. Validación: 42SHTGL7Q9265QDW95KGNMHQD | Corrección: <https://consellocontasgalicia.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma esPública | Páxina 7 a 192



Excmo. Sr. don Constantino Carreiras Souto (dende o 6 de outubro de 2021, en substitución de dona Ana María Otero López)

Secretaría Ilma. Sra. dona María Luisa Cardesín Díaz (cesou o 26 de abril de 2021)

Ilma. Sra. dona Ana Ornilla Guillamón (tomou posesión o 27 de abril de 2021)

Sección de Fiscalización

Está integrada por todos os membros do Consello e estivo presidida pola conselleira da Área de Corporacións Locais, a Excma. Sra. dona María Begoña Villaverde Gómez.

Sección de Axuizamento

Está integrada por todos os membros do Consello e estivo presidida ata o seu cese pola conselleira da Área do Sergas, a Excma. Sra. dona Ana María Otero López.

Sección de Prevención da Corrupción

Está integrada por todos os membros do Consello e estivo presidida polo conselleiro maior, o Excmo. Sr. don José Antonio Redondo López.


A adscrición dos conselleiros no ano 2021 ás diferentes áreas produciuse do seguinte xeito:

- Área de Coordinación Xeral: Excmo. Sr. don José Antonio Redondo López.
- Área do Sergas: Excma. Sra. dona Ana María Otero López ata o 26 de outubro de 2021, sendo substituída tralo seu cese polo Excmo. Sr. don Constantino Carreiras Souto.
- Área de Conta Xeral: Excmo. Sr. don Constantino Carreiras Souto.
- Área de Corporacións Locais: Excma. Sra. dona María Begoña Villaverde Gómez.
- Área de Institucional: Excma. Sra. dona María Begoña Villaverde Gómez, sendo substituída polo Excmo. Sr. don Simón Rego Vilar dende o 1 de febreiro de 2021.

Como apéndice 1 a esta memoria, xúntanse dous cadros explicativos, un do organigrama de funcionamento das Seccións de Fiscalización, Prevención da Corrupción e Axuizamento e outro da Secretaría Xeral.

II.2. ACTIVIDADE DOS ÓRGANOS COLEXIADOS

No exercicio 2021, a actividade dos órganos colexiados, en número de sesións celebradas reflíctese no seguinte cadro:





Número de sesións dos órganos colexiados

Órganos colexiados	Núm. de sesións
Pleno	22
Comisión de Goberno	18
Sección de Fiscalización	12
Sección de Prevención da Corrupción	4
Sección de Axuizamento	0
Total sesións	56

Pola súa relevancia, desagreganse no seguinte cadro o número de asuntos tratados/acordos adoptados polo Pleno tendo en conta as materias ás que afectan:

Asuntos tratados/acordos adoptados polo Pleno

Asunto/materia	Núm. de asuntos
Aprobación informes de fiscalización	26
Ditames e opinións	0
Normas	4
Medidas orzamentarias	1
Medidas en materia de Recursos Humanos	2
Plan de Implantación da Administración Electrónica no Consello de Contas 2019-2022	3
Plan anual de traballo	1
Premio de Investigación "Carlos G. Otero Díaz".	2
Autorizacións de convenios	3
Acordos sobre comunicacións ou denuncias	16
Total asuntos	58


II.2.1. NORMATIVA

Neste exercicio o Pleno, en sesión do 30 marzo de 2021 aprobou dúas instrucións para a remisión telemática ao Consello de Contas dos contratos e convenios formalizados polas entidades do sector público de Galicia e da relación anual daqueles.

O 6 de outubro de 2021 o Pleno aprobou a modificación do Convenio Colectivo do Persoal Laboral do Consello de Contas de Galicia, relativa á súa carreira administrativa, sendo obxecto de publicación no Boletín Oficial da Provincia da Coruña o 14 de decembro de 2021 (núm. 236).

Por outra banda, en sesión do 6 de outubro de 2021 aprobou as bases comúns para a convocatoria de concursos específicos de méritos. Dito acordo foi publicado no Diario Oficial de Galicia número 205, do 25 de outubro. Nesta mesma sesión, o Pleno adoptou o Acordo polo que se regula o teletraballo do persoal desta entidade, publicado no DOG núm. 203, do 21.10.2021.

Finalmente, o 20 de decembro de 2021, adoptou o acordo polo que se regula o procedemento para a realización das operacións contables de peche da contabilidade dos gastos e dos ingresos



correspondentes a un exercicio e de apertura da contabilidade do exercicio seguinte no Consello de Contas.

II.2.2. CONVENIOS DE COLABORACIÓN

Durante o exercicio 2021 asináronse os seguintes convenios previo acordo do Pleno:

- Convenio de colaboración educativa entre a Universidade de Santiago de Compostela (USC) e o Consello de Contas para a realización de prácticas académicas externas curriculares ou extracurriculares do alumnado de titulacións oficiais de grao e máster universitario da área de coñecemento de Ciencias Sociais e Xurídicas impartidas na USC (05.02.2021).
- Convenio de colaboración entre a Escola Galega de Administración Pública e o Consello de Contas de Galicia para o desenvolvemento de actividades de formación, divulgación e investigación (19.02.2021).
- Convenio marco de colaboración entre o Tribunal de Cuentas e o Consello de Contas para potenciar a utilización, desenvolvemento, adaptación e mellora das ferramentas informáticas no ámbito da súa actividade (07.05.2021).

III. ACTIVIDADE DE FISCALIZACIÓN

III.1. A FUNCIÓN FISCALIZADORA

Ao delimitar as competencias fiscalizadoras do Consello, a LCC sinala que o sector público galego está composto pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico, as entidades locais e organismos dependentes, as universidades públicas do sistema universitario de Galicia e as súas entidades e empresas dependentes e as corporacións de dereito público.

Como órgano estatutario, que depende do Parlamento de Galicia, o Consello de Contas exerce as súas funcións con plena independencia e sometemento ao ordenamento xurídico, actuando de oficio, a petición do Parlamento de Galicia, por delegación do Tribunal de Cuentas ou do Tribunal de Cuentas Europeo, cos que, ademais, pode colaborar en tarefas fiscalizadoras.

A función fiscalizadora do Consello de Contas comprende a actividade económico-financeira e contable do sector público de Galicia, e as subvencións, créditos, axudas, avais, exencións fiscais concedidas por aquel, así como os contratos celebrados polos entes públicos sinalados. Todo isto con criterios de legalidade, eficacia, eficiencia e economía. Ten encomendada ademais a emisión de ditames e consultas que lle soliciten as institucións e os entes públicos, en materia de contabilidade pública e de xestión económica e financeira.



Os traballos de fiscalización do Consello de Contas conclúen coa emisión de informes que se presentan ao Parlamento de Galicia. Os informes de fiscalización realízanse por iniciativa do propio Consello de Contas, que os inclúe no plan de traballo que anualmente remite ao Parlamento de Galicia, tendo en conta as súas recomendacións, e, no seu caso, as comunicacións ou denuncias recibidas.

As fiscalizacións poden ser de tres tipos: de cumprimento, financeiras e operativas. Nas fiscalizacións de cumprimento verifícase se as actividades cumpren, en todos os aspectos significativos, coa normativa que as regula; nas financeiras, se a información financeira se presenta de conformidade co marco normativo que lle resulte aplicable; e nas operativas, analízase se as entidades fiscalizadas se xestionan de conformidade cos principios de economía, eficiencia e eficacia. Pódese dar o caso de que se combinen os distintos tipos de fiscalización.

Os informes, na fase de anteproxecto, unha vez coñecidos pola Sección de Fiscalización, sométense ás alegacións dos entes fiscalizados. Á vista das alegacións formuladas redáctase, pola área correspondente, un anteproxecto de informe que se somete á consideración da Sección de Fiscalización, que acorda o seu paso como proxecto ao Pleno para a súa aprobación. Unha vez aprobados polo Pleno, os informes remítense ao Parlamento de Galicia, á Xunta de Galicia, aos organismos e entidades fiscalizadas, e ao Tribunal de Cuentas.

III.2. INFORMES APROBADOS POLO PLENO DO CONSELLO NO ANO 2021

O Programa anual de traballo para o exercicio 2021 foi aprobado polo Pleno do Consello de Contas na súa sesión do 22 de decembro de 2020 e remitido ao Parlamento de Galicia o día 23 do dito mes.

O Plan anual recolle as fiscalizacións que se realizan en cumprimento dun mandato legal, as solicitadas polo Parlamento, as previstas en colaboración co Tribunal de Cuentas, e as programadas por iniciativa do Consello de Contas.

Tendo en conta que o proceso de execución das fiscalizacións se prolonga máis alá de cada exercicio, cada ano o Pleno aproba informes referidos a distintos plans de traballo. De forma prioritaria aténdese respecto de cada plan á execución e aprobación dos informes de Conta Xeral (programados en cumprimento dun mandato legal) referidos ás contas rendidas en setembro do exercicio anterior, aos efectos de acadar o obxectivo de achegamento da data dos informes ao ano fiscalizado, seguindo a recomendación que se ten feito desde a Comisión permanente non lexislativa para as relacións co Consello de Contas.

Durante o ano 2021 o Pleno do Consello aprobou un total de 26 informes, que se detallan no seguinte cadro:



Informes de fiscalización aprobados en 2021

Informes de fiscalización sobre o sector público de Galicia aprobados en 2021	Aprobación polo Pleno	Envío ao Parlamento
Informe de fiscalización selectiva do Concello de Padrón. Exercicios 2015-2017	01-03-2021	14-05-2021
Informe de fiscalización selectiva do Concello de Vigo. Exercicio 2018	01-03-2021	14-05-2021
Informe de fiscalización selectiva da Deputación de Ourense. Exercicio 2018	01-03-2021	14-05-2021
Informe sobre a contratación do sector local de Galicia. Exercicio 2017	01-03-2021	14-05-2021
Informe de fiscalización da rendición da Conta Xeral das entidades locais de Galicia. Exercicio 2019	16-07-2021	30-07-2021
Informe de fiscalización da Conta Xeral das entidades locais de Galicia. Exercicio 2019	16-07-2021	30-07-2021
Informe de fiscalización da Conta Xeral da Comunidade Autónoma. Exercicio 2019	16-07-2021	30-07-2021
Informe económico-financieiro das entidades instrumentais autonómicas. Exercicio 2019	16-07-2021	30-07-2021
Informe de fiscalización da Conta Xeral do Sergas. Exercicio 2019	16-07-2021	30-07-2021
Informe de fiscalización da execución da contratación do Sergas. Exercicios 2012-2017	16-07-2021	30-07-2021
Informe de fiscalización selectiva do Concello de Verín. Exercicio 2018	28-07-2021	30-07-2021
Informe sobre a contratación do sector local de Galicia. Exercicio 2018	28-07-2021	30-07-2021
Informe de fiscalización dos Fondos Europeos. Exercicio 2020	28-07-2021	30-07-2021
Informe de fiscalización da asistencia sanitaria con medios alleos na área sanitaria de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos. Exercicio 2019	06-10-2021	18-10-2021
Informe de fiscalización sobre os criterios de repartición de recursos entre concellos a través dos plans provinciais e a eficiencia do gasto na Deputación da Coruña. Lexislaturas 2003-2019	06-10-2021	18-10-2021
Informe de fiscalización sobre os criterios de repartición de recursos entre concellos a través dos plans provinciais e a eficiencia do gasto na Deputación de Lugo. Lexislaturas 2003-2019	06-10-2021	18-10-2021
Informe de fiscalización sobre os criterios de repartición de recursos entre concellos a través dos plans provinciais e a eficiencia do gasto na Deputación de Ourense. Lexislaturas 2003-2019	06-10-2021	18-10-2021
Informe de fiscalización sobre os criterios de repartición de recursos entre concellos a través dos plans provinciais e a eficiencia do gasto na Deputación de Pontevedra. Lexislaturas 2003-2019	06-10-2021	18-10-2021
Informe de fiscalización selectiva do Concello de San Amaro.	06-10-2021	18-10-2021
Informe de fiscalización das universidades públicas galegas. Universidade de Santiago de Compostela.	22-10-2021	29-10-2021
Informe de fiscalización das universidades públicas galegas. Universidade de Vigo.	22-10-2021	29-10-2021
Informe de fiscalización das universidades públicas galegas. Universidade de A Coruña.	22-10-2021	29-10-2021
Informe de fiscalización dos Fondos de Compensación Interterritorial. Exercicio 2019	06-10-2021	29-10-2021
Informe de seguimento das recomendacións incluídas nos informes de fiscalización da dependencia. Exercicios 2008-2015	09-11-2021	11-11-2021
Informe de fiscalización de gastos de persoal na Administración xeral. Exercicios 2014-2019	09-11-2021	11-11-2021
Informe de fiscalización do Programa 131A de Administración de Xustiza. Exercicios 2014-2019	09-11-2021	11-11-2021

Xunto cos informes anteriores, o Consello de Contas presentou ao Parlamento as súas contas anuais e a memoria de actividades correspondentes ao ano 2020.

Os informes de fiscalización aprobados polo Pleno do Consello de Contas de Galicia durante o ano 2021 atópanse dispoñibles a texto completo na sede web da Institución www.ccontasgalicia.es. Nesta dirección recóllese unha relación completa de todos os informes de fiscalización que o Consello de Contas de Galicia presentou ao Parlamento de Galicia desde o inicio da súa actividade e a versión electrónica dos informes posteriores ao exercicio 1996. Para consultar os anteriores, é dicir, os



Cod. Validación: 425HTGL709265QDWP5KGNMHDQ | Corrección: <https://consellocontasgalicia.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 12 a 192



correspondentes aos exercicios 1990 a 1995, é preciso pórse en contacto coa biblioteca da Institución, onde se facilitará a súa consulta.

III.3. COMUNICACIÓNS OU DENUNCIAS PRESENTADAS ANTE O CONSELLO DE CONTAS

O artigo 24 da LCC establece que o procedemento para o exercicio da función fiscalizadora tamén se poderá iniciar de oficio por acordo do Pleno do Consello de Contas, logo da comunicación presentada por persoa física ou xurídica.

Os artigos 65 e 66 do RRI regulan a tramitación das comunicacións ou denuncias e as actuacións complementarias que poden desenvolverse cando o Consello tivese coñecemento da existencia de feitos ou comportamentos que puidesen ser constitutivos de responsabilidade contable para os efectos de ampliar os feitos e cualificar, con maior coñecemento daqueles, a existencia de indicios desta responsabilidade.

Desde 2017 o Consello dispón dun protocolo de actuacións a seguir para a tramitación de comunicacións e denuncias, establecendo as distintas respostas que se deban dar ás denuncias presentadas, podendo adoptar algunha ou varias das seguintes decisións:

- Arquivo das actuacións, por entender que a denuncia trata cuestións que non se atopan dentro das competencias da Institución.
- Remisión ao Tribunal de Cuentas para o seu coñecemento en relación á posible esixencia de responsabilidades contables.
- Remisión á Fiscalía no caso de que os feitos denunciados puidesen dar lugar a responsabilidades penais.
- Desenvolvemento de actuacións complementarias para ampliar os feitos e cualificar a posible existencia de responsabilidades.
- Inclusión nas fiscalizacións dos plans de traballo aprobados.
- Toma en consideración de cara á elaboración dos futuros plans de traballo.

No exercicio 2021 recibíronse 16 denuncias que foron obxecto de resolución polo Pleno. No cadro seguinte ofrécese información ao respecto dos acordos tomados polo Pleno en contestación ás denuncias presentadas:



Acordos adoptados polo Pleno en relación coas denuncias e comunicacións presentadas

Acordo do Pleno	Núm. de acordos
Arquivo das actuacións	9
Remisión ao Tribunal de Contas	0
Inclusión nas fiscalizacións dos plans de traballo aprobados	6
Toma en consideración para a elaboración de futuros plans de traballo	1
Total acordos	16

Os feitos obxecto das denuncias tomadas en consideración para a elaboración de futuros plans de traballo serán analizados no informe de fiscalización da Área de Corporacións Locais programado no Plan de Traballo do ano 2022, en relación co Concello de Valga.

Por outra banda, as denuncias e comunicacións recibidas e que se inclúen en plans de traballo xa aprobados polo Consello correspóndense coas seguintes entidades locais:

- Concello de Cangas (Plan de traballo 2019).
- Concello de Burela (Plan de traballo 2021).
- Concello de Trazo (Plan de traballo 2021).
- Concello de Valga (Plan de traballo 2021).
- Concello de Gondomar (Plan de traballo 2021).
- Mancomunidade do Ribeiro (Plan de traballo 2022)

IV. ACTIVIDADE DE PREVENCIÓN DA CORRUPCIÓN

IV.1. ACTIVIDADE DA SECCIÓN DE PREVENCIÓN DA CORRUPCIÓN

IV.1.1. INTRODUCCIÓN

A Lei 8/2015, do 7 de agosto, de reforma da Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas, supuxo o reforzamento institucional do Consello a través da atribución de novas competencias, entre as que destacan as relacionadas coa prevención da corrupción, a fiscalización e control da actividade económico-financeira das formacións políticas que perciban subvencións da Comunidade Autónoma, no marco establecido na normativa do Estado, e a evolución dos bens patrimoniais das persoas que ocupen altos cargos no sector público autonómico.

Dende o punto de vista organizativo, a aprobación do Regulamento de réxime interior trata de dotar de operatividade o contido das novas funcións, concretando os elementos de detalle que permiten a definición, no marco establecido pola lei, dun auténtico modelo de realización das novas funcións preventivas en materia de corrupción.



O desenvolvemento da función de prevención da corrupción apóiase na seguinte estrutura organizativa:

- A Sección de Prevención da Corrupción, que exercerá as funcións que o Consello ten atribuídas nesta materia, presidida polo conselleiro maior e integrada polos conselleiros/as que o Pleno designe. A horizontalidade dos traballos desta Sección require para o seu desenvolvemento da participación de tódolos departamentos do Consello de Contas.
- A Comisión Técnica de Prevención da Corrupción, integrada por cinco auditores designados polos conselleiros/as de cada departamento, que ten encomendadas, entre outras funcións, definir os criterios para a avaliación dos sistemas de control interno e para a elaboración de guías e modelos de plans de prevención da corrupción. Asisten ás súas sesións en calidade de asesores a letrada maior e o interventor do Consello.
- A Unidade de Prevención da Corrupción, que dará apoio administrativo á Comisión para garantir a súa operatividade.

Dende o punto de vista estratéxico, definíronse tres eixes fundamentais en torno aos que se desenvolverán as actividades nesta materia: colaboración na implantación dos sistemas de prevención, asesoramento institucional, e sensibilización e concienciación.

A Sección de Prevención da Corrupción, en sesión celebrada o 22 de xullo de 2022, aprobou o informe das actividades desenvolvidas no ano 2021, que segundo o artigo 20.4 da LCC debe incorporarse a esta memoria anual.¹

A continuación relaciónanse as principais actuacións desenvolvidas no exercicio 2021, que se centraron nos eixes 1 e 3 definidos no documento de estratexia.

IV.1.2. COLABORACIÓN NA IMPLANTACIÓN DE SISTEMAS DE PREVENCIÓN (EIXE 1)

Neste eixe de actuación, a estratexia a seguir polo Consello de Contas pasa polo establecemento nas entidades públicas dunha política de integridade institucional (normas, procesos e órganos que preveñan as condutas inadecuadas), a identificación das actividades e riscos susceptibles de actos de corrupción, a adopción de medidas para minimizalos e a realización de actividades de control para a súa supervisión. O obxectivo é que todos estes elementos se plasmen nun programa ou plan de prevención da corrupción.

Con esta finalidade, no exercicio 2021 realizáronse os seguintes traballos:

¹ Apéndice 2



- *Directrices Técnicas da actuación "1612020-03 Avaliación do control interno e xestión de riscos na área de subvencións. Exercicio 2019."*

No plan anual de traballo para o ano 2020, aprobado polo Pleno do Consello de Contas, recóllese a realización, a iniciativa do propio Consello, do informe de avaliación dos sistemas de control interno e de xestión de riscos no ámbito das subvencións públicas. O documento *Estratexia en materia de prevención da corrupción* aprobado pola Sección de Prevención da Corrupción contempla, ademais da revisión integral do control interno das organizacións públicas, outras revisións sectoriais que afectan a áreas específicas, en especial as áreas de maior risco como contratación, xestión de persoal e subvencións. O obxecto deste diagnóstico é realizar unha avaliación das medidas que afectan ao contorno de control na xestión das subvencións públicas, do nivel de identificación de riscos polos xestores, e das medidas específicas desenvolvidas para evitar ou reducir a exposición a eses riscos. O traballo realizarase sobre unha selección de centros da Administración xeral, e completarase co seguimento das recomendacións dos informes anteriores no que afecte a esta materia.

A Comisión Técnica de Prevención da Corrupción acordou, en sesión celebrada o 5 de xullo de 2021, remitir as directrices á Sección de Prevención da Corrupción, dando por cumprido o trámite de coñecemento previo da Comisión Técnica de Prevención da Corrupción, establecido polo artigo 61 do Regulamento de réxime interior do Consello de Contas.

- *Directrices Técnicas da actuación da actuación 1632017-05. Diagnóstico sobre a implantación dos sistemas de control interno e de xestión de riscos nas sociedades mercantís do sector público autonómico, exercicio 2018.*

No plan anual de traballo para o ano 2021, aprobado polo Pleno do Consello, recóllese dentro das actuacións a desenvolver pola Área de Administración Institucional a realización, a iniciativa do propio Consello, dunha diagnose sobre a implantación dos sistemas de control interno e de xestión de riscos nas sociedades mercantís do sector público autonómico. Esta actuación enmárcase dentro da previsión legal de "solicitar información ás administracións relativa aos seus sistemas de prevención da corrupción, comprobando o idóneo deseño e implantación das políticas de integridade".

Neste traballo, que culminará no documento "Avaliación do control interno e da xestión de riscos nas sociedades mercantís autonómicas", realizarase unha revisión dos sistemas de control interno e políticas de integridade sobre:

- Os centros da Administración xeral con competencias horizontais de deseño e regulación desas políticas, no que respecta á relación destes centros coas sociedades mercantís do sector público autonómico da Comunidade Autónoma.
- Unha mostraxe de sociedades públicas dependentes da Xunta de Galicia na que se completará unha revisión dos sistemas de control interno e políticas de integridade co impulso e





acompañamento para a realización dunha análise e avaliación de riscos e a elaboración dun plan de prevención de riscos de xestión.

A Comisión Técnica de Prevención da Corrupción acordou, en sesión celebrada o 5 de xullo de 2021, remitir as directrices á Sección de Prevención da Corrupción, dando por cumprido o trámite de coñecemento previo da Comisión Técnica de Prevención da Corrupción, establecido polo artigo 61 do Regulamento de réxime interior do Consello de Contas.

No ámbito interno a sección tomou en consideración e acordou, en sesión celebrada o 21 de outubro de 2021, remitir ao Pleno o Documento nº 6: Plan de prevención de riscos do Consello de Contas.

Este documento describe as políticas de integridade da Institución (código ético, canal de denuncias, comité de ética) e recolle unha análise dos riscos de xestión, incluídos os de corrupción, sinalando os factores que os provocan, o nivel de exposición da organización a ditos riscos e prevendo as medidas que permitan controlalos, atenualos ou, no seu caso, eliminalos.

Por outra banda, para asegurar o cumprimento do Plan de prevención, o Consello dótase dun órgano responsable da integridade e prevención.

O documento é froito da participación de todo o persoal do Consello de Contas que, a través de diferentes reunións por áreas de actividade, foron analizando os factores de risco e identificando os riscos en cada procedemento. E esta análise será continuada no tempo, de forma que a prevención de riscos se configure como un proceso suxeito a revisión periódica para que sexa operativo e perdure no tempo.

IV.1.3. SENSIBILIZACIÓN E CONCIENCIACIÓN (EIXE 3)

Este eixe de actuación comprende as accións de sensibilización para reforzar a implantación de mecanismos efectivos de prevención da corrupción, e as actuacións de concienciación e participación cidadá a favor da transparencia e o comportamento ético.

Neste sentido, os instrumentos de colaboración configúranse como elementos fundamentais para o establecemento dun marco xeral que garanta o desenvolvemento eficaz das novas funcións de prevención; o seguimento dos protocolos vixentes constituíu o núcleo fundamental das actuacións levadas a cabo neste ámbito no exercicio 2021.

Polo que respecta ao *Protocolo de colaboración entre o Consello de Contas de Galicia e a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional para a formación e sensibilización en materia de integridade e comportamento ético*, neste exercicio puxéronse a disposición do profesorado as unidades didácticas para o curso 2021-2022 sobre a cultura da integridade e o comportamento ético da sociedade civil na súa relación cos poderes públicos.



Por último, en relación ao *Protocolo de colaboración entre a Fiscalía da Comunidade Autónoma de Galicia e o Consello de Contas de Galicia para a prevención da corrupción no ámbito do sector público da Comunidade autónoma de Galicia*, o 16 de abril de 2021 celebrouse a sesión constitutiva da Comisión Mixta para o seu seguimento incluíndo como puntos na orde do día a presentación da estratexia en materia de prevención da corrupción do Consello de Contas de Galicia e o inicio do procedemento para a aprobación do Plan de traballo da Comisión para o exercicio 2021.

IV.2. ACTUACIÓNS DO COMITÉ DE ÉTICA

En cumprimento do previsto na norma décima das Normas de funcionamento do Comité de Ética e da canle de queixas e denuncias, o 20 de xullo de 2022 o Pleno do Consello acordou, a proposta do propio Comité e por unanimidade, a aprobación e incorporación do Informe de actuacións do Comité de Ética do exercicio 2020 a esta memoria de actividades.²

O Comité celebrou durante 2021 unha sesión, na que se trataron os seguintes asuntos:

Sesións do Comité de Ética

Data da sesión	Asuntos tratados
28.04.2021	Toma de coñecemento do nomeamento dos novos membros do Comité
	Presentación do Informe de actuacións correspondentes ao exercicio 2020

No exercicio 2021 non se presentaron queixas ou denuncias sobre posibles incumprimentos dos valores, principios ou condutas recollidos no Código Ético institucional, polo que non houbo ningún pronunciamento do Comité sobre este tipo de condutas.

Tampouco se presentaron consultas, polo que non houbo ningún pronunciamento ao respecto no ano 2021.

IV.3. ACTIVIDADE DA COMISIÓN TÉCNICA DE PREVENCIÓN DA CORRUPCIÓN

Tal como se establece no documento Estratexia en materia de prevención da corrupción, a Comisión de Prevención da Corrupción, constituída mediante acordo do Pleno de 7 de abril de 2017, configúrase como un dos elementos organizativos básicos sobre os que se apoia o desenvolvemento desta nova función. Está integrada por cinco auditores designados polos conselleiros de cada departamento e correspóndelle, entre outras funcións, definir os criterios para a avaliación dos sistemas de control interno e para a formulación de guías e modelos de plans de prevención da

² Apéndice 3.

corrupción. Asisten ás súas sesións en calidade de asesores a Letrada maior e o Interventor do Consello.

Durante o ano 2021 a Comisión reuniuse en dúas ocasións. O seguinte cadro recolle unha relación da documentación aprobada nas sesións celebradas e remitida á Sección de Prevención da Corrupción:

Documentación aprobada pola Comisión Técnica de Prevención da Corrupción

Data da sesión	Documentos remitidos á Sección de Prevención da Corrupción
05-07-2021	Directrices Técnicas da actuación 1612020-03 Avaliación do control interno e xestión de riscos na área de subvencións, exercicio 2019.
	Directrices Técnicas da actuación 1632017-05. Diagnóstico sobre a implantación dos sistemas de control interno e de xestión de riscos nas sociedades mercantís do sector público autonómico, exercicio 2018.
03-11-2021	Guía modelo de Plan de prevención de riscos de xestión e de medidas antifraude.

V. ACTIVIDADE XURISDICCIONAL

Neste exercicio non se realizaron no Consello de Contas actividades xurisdiccionais practicadas por vía de delegación do Tribunal de Cuentas, ao non se producir ningunha delegación do devandito tribunal nese sentido.

VI. ACTIVIDADE CONSULTIVA

O artigo 4 f) da LCC establece que o Consello de Contas emitirá ditames e consultas que en materia de contabilidade pública e de xestión económico-financeira lle soliciten as institucións e entidades previstas no punto 1 do artigo 2, así como atender as consultas do Parlamento sobre os orzamentos da Comunidade Autónoma e a súa execución e liquidación e emitir opinión, por solicitude do Parlamento ou da Xunta, sobre proxectos normativos que afecten aos ingresos ou gastos públicos.

Por outra banda, a letra i) do artigo anterior atribúe ao Consello a posibilidade de emitir informes facultativos, por petición da consellería competente en materia de facenda, por instancia do órgano de control competente por razón da materia da Administración que teña atribuída a tutela financeira das entidades locais de Galicia, para resolver as discrepancias que lle sexan elevadas a este órgano polas persoas que ocupen a presidencia das entidades locais a través do procedemento regulado na normativa do Estado.

Finalmente, os artigos 67 a 69 do RRI desenvolven esta función consultiva, concretando o seu procedemento de tramitación.

No ámbito desta función, a Institución non tramitou no exercicio 2021 ningún ditame ou consulta.



VII. DESENVOLVEMENTO DOS SERVIZOS

VII.1. PERSOAL

A Relación de Postos de Traballo da Institución non sufriu modificacións durante o ano 2021.

Ao longo do ano, xubiláronse as persoas funcionarias que ocupaban os seguintes postos de traballo:

- Auditor/a nivel 30
- Xefe/a de Sección de Arquivo e Biblioteca

Tamén cesaron tres persoas funcionarias, polo seu traslado a outras administracións:

- Auditor/a nivel 28
- Auxiliar-administrativo/a
- Técnico/a de Auditoría

A praza de Interventor foi convocada polo sistema de libre designación polo Acordo do 30.04.2021 (DOG nº 84 do 05.05.2021) e resolta polo Acordo do 24.06.2021 (DOG núm. 128, de 07.07.2021).

Así mesmo, procedeuse á cobertura dos seguintes tres postos en comisión de servizos:

- 2 Técnicos/as de Auditoría
- Técnico/a xurídico, dependente da Secretaría Xeral.

No DOG núm. 148, do 24.07.2020, publicouse a Resolución do 15 de xullo de 2020 pola que se ordenou a publicación do Acordo da Comisión de Goberno do 13 de xullo de 2020, mediante o que se convocou o proceso selectivo de consolidación de emprego temporal para o acceso a postos de auxiliar administrativo (subgrupo C2), desenvolvido nas súas fases iniciais e intermedias ao longo do exercicio 2021.

A estrutura do persoal resultante, a 31 de decembro de 2021, é a seguinte:

Estrutura do persoal funcionario do Consello de Contas

Persoal funcionario			
Denominación do posto de traballo	Total	Ocupadas	Vacantes
Auditor, nivel 30	12	8	4
Auditor-Director técnico, nivel 30	1	0	1
Interventor, nivel 30	1	1	0
Letrado maior, nivel 30	1	1	0
Letrado, nivel 28	1	1	0
Auditor, nivel 28	6	5	1
Auditor-técnico, nivel 28	2	0	2



Persoal funcionario			
Denominación do posto de traballo	Total	Ocupadas	Vacantes
Xefe Servizo Informática, nivel 28	1	1	0
Técnico de Auditoría, nivel 26	19	18	1
Xefe de Sección, nivel 26	3	2	1
Técnico de Informática, nivel 26	1	1	0
Técnico de Informática, nivel 25	1	1	0
Técnico de xestión	1	0	1
Técnico-xurídico, nivel 25	1	1	0
Axudante de Auditoría, nivel 23	11	11	0
Axudante Arquivo e Biblioteca, nivel 22	1	1	0
Administrativo de Informática, nivel 22	1	1	0
Responsable área xestión e asuntos xerais	1	0	1
Secretaria/o do Secretario Xeral, nivel 18	1	1	0
Aux.-Admvo. (secretario/a n. 30), nivel 16	2	1	1
Auxiliar-Admvo., nivel 16	15	12*	3
Total persoal funcionario	83	68	15

* 8 prazas ocupadas por persoal interino en proceso de consolidación

Estrutura do persoal laboral do Consello de Contas


Persoal laboral			
Denominación do posto de traballo	Total	Ocupadas	Vacantes
Conductor de alto cargo	6	6	0
Conserxe	1	1	0
Subalterno	1	1	0
Total persoal laboral	8	8	0

Estrutura do persoal eventual do Consello de Contas

Persoal eventual			
Denominación do posto de traballo	Total	Ocupadas	Vacantes
Secretaria/o	5	5	0
Total persoal eventual	5	5	0

VII.2. FORMACIÓN

O Consello de Contas de Galicia organizou en Santiago de Compostela, os días 1 a 3 de decembro, os II Encontros Xurídicos dos OCEX e os XIV Encontros Técnicos dos OCEX, nos que participaron máis de duasetentas persoas, na súa maioría empregados/as públicos/as, e diferentes altos cargos e funcionarios/as da Institución interviñeron como moderadores ou conferenciantes nos diferentes grupos de traballo.



Cod. Validación: 42SHTGL7Q9265QDWP5KGNMHQD | Corrección: https://consellocontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 21 a 192



Así mesmo, o persoal do Consello de Contas vén participando regularmente en actividades formativas impartidas pola Fundación para a Formación e Investigación en Auditoría do Sector Público (FIASEP). No seguinte cadro reflíctense os cursos e outras actividades convocados pola FIASEP nos que participou persoal da Institución ao longo do exercicio 2021:

Actividades formativas convocadas por FIASEP en 2021

Actividades	Núm. participantes
Xestión e control dos Fondos de Recuperación, Transformación e Resiliencia da Unión Europea	1
Curso xeral de Contabilidade Pública	1
Auditoría da execución orzamentaria	1
Total	3

Outras actividades formativas realizadas en 2021

Actividades	Núm. participantes
Curso sobre a modificación do Plan Xeral de Contabilidade e as súas disposicións complementarias	1
Resolución do ICAC para o recoñecemento de ingresos pola entrega de bens e prestacións de servizos	1
Clasificación e valoración de instrumentos financeiros baixo a NIIF9	1
Total	3

Igualmente, no marco dos convenios de colaboración que o Consello de Contas de Galicia vén asinando anualmente coa Escola Galega de Administración Pública (EGAP), diferente persoal da Institución asistiu a múltiples cursos organizados pola EGAP, referentes tanto ao currículo básico horizontal que constitúe as bases da organización da administración pública como aos contidos sectoriais relativos a competencias concretas.

No mes de outubro de 2021 tamén se realizou unha formación na ferramenta corporativa de análise de información *QLIKSense* ao persoal de auditoría e informática, co obxecto de crear unha explotación automatizada e unha consolidación de análise para os informes de auditoría. Leváronse a cabo tres tipos de formación en modalidade online para un total de 16 asistentes: Analista QLIK, Analista avanzado e Arquitecto de datos.

VII.3. BIBLIOTECA E ARQUIVO

A Sección de Arquivo e Biblioteca constitúe unha unidade administrativa do Consello de Contas de Galicia cuxas funcións son a xestión dos recursos de información institucionais, fundamentalmente a documentación de arquivo e as publicacións propias, e a obtención dos recursos bibliográficos e documentais necesarios para o desempeño das actividades de control do sector público galego, de prevención da corrupción e as actividades administrativas corporativas.





Os servizos de Arquivo e Biblioteca teñen como obxectivo a plena satisfacción do usuario baixo criterios de legalidade, eficiencia e calidade. As actividades desenvolvidas polo Arquivo están orientadas a dar cumprimento ás funcións propias dun arquivo público do Sistema de Arquivos de Galicia: a xestión documental, a información e acceso aos documentos, e a protección do patrimonio documental do Consello. Pola súa parte, as actividades da Biblioteca dan cumprimento a estándares e normas internacionais baixo criterios de responsabilidade social, calidade técnica de procesos e servizos, produtividade, eficacia e redución de custos.

VII.3.1. ARQUIVO E XESTIÓN DOCUMENTAL

A Sección de Arquivo e Biblioteca, como unidade responsable dos servizos de arquivo, desempeña as funcións propias dun arquivo central e constitúe a cabeceira do sistema de arquivos e xestión de documentos da Institución.

No relativo á xestión da documentación administrativa, realiza tarefas de recollida, instalación, descrición e servizo ás unidades produtoras dos fondos documentais da Institución. Como resultado desas funcións de arquivo central durante o ano 2021, no Arquivo entraron 27 unidades de instalación de documentación transferidos desde as áreas de fiscalización. A documentación foi reinstalada e descrita ao longo do ano. Por outra banda, o Arquivo realizou 3 préstamos de documentos para a súa consulta nos despachos. Os datos destas actividades quedan recollidos no seguinte cadro resumo:

Unidades de instalación ingresadas e descritas – Unidades documentais prestadas en 2021

	Conta Xeral	Coordinación	Corporacións Locais	Institucional	Sergas	Secretaría	Total
Ingresadas	--	--	20	--	--	7	27
Descritas	--	--	20	--	--	7	27
Prestadas	--	--	--	--	2	1	3

Para poder achegar información relativa á xestión dos documentos e arquivo ás unidades administrativas e áreas de fiscalización, seguimos desenvolvendo dentro da Intranet a sección denominada ARQUIVO que conta cos apartados de Arquivo, Sistema de xestión documental e Comisión Técnica de Arquivo e Xestión Documental.

A Sección de Arquivo e Biblioteca realiza, a través da Comisión Técnica de Arquivo e Xestión Documental (CTAXD) e do Grupo de Traballo de e-Administración (GTAE), como órganos técnicos consultivos, propostas de regulación e desenvolvemento do Sistema de arquivos e de xestión dos documentos da Institución. Así mesmo, a unidade desenvolveu diversas actividades encamiñadas a dar cobertura a proxectos corporativos relativos ao desenvolvemento de procesos de identificación e



catalogación dos procedementos da institución e de identificación e catalogación das actuacións correspondentes aos plans anuais de traballo da Institución.

Actualmente, o Arquivo forma parte do Consello de Arquivos de Galicia que é o órgano colexiado, consultivo de asesoramento, cooperación e participación en materia de arquivos, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia e, como vogal, a súa responsable participou na última reunión do 22 de abril de 2021.

VII.3.2. BIBLIOTECA E CENTRO DE DOCUMENTACIÓN

Para o desenvolvemento das funcións propias dun servizo de Biblioteca, realízanse actividades de carácter técnico, de selección e tratamento da información, e tarefas de prestación de servizos a usuarios internos e a institucións e usuarios externos. Estas actividades teñen como obxecto o subministro de información adecuada e aliñada coas metas do Consello, a promoción da educación e o desenvolvemento profesional do persoal, a accesibilidade, a rapidez e a pertinencia na atención ao usuario.

Dentro dos procesos técnicos son fundamentais os de localización e adquisición de fondos e documentos, e os que teñen como obxecto o control dos recursos bibliográficos mediante a súa incorporación ao catálogo automatizado da Biblioteca. Os datos que resumen o noso cometido neste sentido son os seguintes:

Rexistros catálogo automatizado

Monografías	Publicacións seriadas	Exemplares de publ. seriadas	Analíticas de periódicas e monografías	Total
Rexistros catalogados en 2021				
33	-	175	193	401
Rexistros dados de baixa 2021				
1	0	0	0	0
Número total de Rexistros no Catálogo a 31/12/2021				
10.044	396	10.932	12.292	33.654
Recursos electrónicos (e-books, bases de datos e outros)				1.755

A Sección de Arquivo e Biblioteca, como centro de documentación, presta servizos de atención personalizada en sala, facilitando información sobre fondos ou servizos propios, efectuando buscas bibliográficas e localizando fondos doutras bibliotecas ou servizos documentais. Pódese estimar que durante o ano 2021 a Biblioteca recibiu 728 visitantes entre o persoal da Institución. Os datos recollidos no seguinte cadro reflicten o número de solicitudes atendidas pola Biblioteca nos servizos de Préstamo a domicilio e de Acceso ao documento, así como o número de documentos ou copias facilitadas mediante eses servizos:





Servizos aos usuarios 2021

Fondos bibliográficos	Número de solicitudes	Número de ítems
Préstamo a domicilio	188	188
Préstamo interbibliotecario	0	0
Acceso ao documento	6	6 ítems (722 copias 6 pdf)

Ademais dos servizos de atención personalizada, de cuxa actividade dan conta os cadros anteriores, a Biblioteca presta outros **servizos de referencia e difusión da información**, empregando as seguintes canles:

- O módulo OPAC que permite a todo o persoal da Institución consultar en todo momento o catálogo bibliográfico da Biblioteca y acceder aos artigos de revistas a texto completo ou aos sumarios das monografías de maior interese.
- A intranet da Institución, que constitúe un portal único que fai visibles os recursos da Biblioteca, facilita o acceso a recursos de información virtual, e permite unha difusión práctica e áxil da información, mediante alertas ou boletíns de novidades institucionais, xurídicas ou bibliográficas.
- O correo electrónico que se emprega como complemento na difusión de novas sobre os servizos da Biblioteca ou como canle de difusión de información de interese.

No cadro seguinte queda constancia do número de consultas efectuadas na Intranet aos recursos e servizos da Biblioteca e tamén das consultas dos fondos da Biblioteca mediante o catálogo OPAC:


Consultas 2021

Consultas no OPAC	Consultas na Intranet					Total intranet
	Información xeral	Servizos	E-Biblioteca	Taboleiro	Boletín electrónico	
433	560	36	450	20	56	1.122

VII.3.3. COMISIÓN TÉCNICA DE ARQUIVO E XESTIÓN DOCUMENTAL

O 2 de febreiro do 2018 o Pleno do Consello de Contas adoptou o Acordo polo que se crea e regula a Comisión Técnica de Arquivo e Xestión Documental do Consello de Contas de Galicia (DOG núm. 39, do 23 de febreiro de 2018), constituíndose o 12 de abril de 2018.

A Comisión Técnica de Arquivo e Xestión Documental (CTAXD) constitúe un órgano técnico e de asesoramento, adscrito á Secretaría Xeral do Consello, encargado da avaliación e selección documental e do estudo das medidas e procedementos orientados á mellora da xestión documental e a coordinación do Sistema arquivístico da Institución. A norma define a xestión documental e determina, entre as funcións e procesos que deben incluírse no sistema de xestión documental e



arquivo, os relativos á definición e catalogación dos procedementos administrativos, ao deseño dos documentos e ás garantías de xestión documental, seguridade da información e protección de datos persoais na implantación dos procedementos electrónicos. As funcións desta comisión detállanse no artigo terceiro da citada norma de creación.

A CTAXD está composta (art. 4) por unha Presidencia, unha Secretaría e cinco vogais con voz e voto. Correspóndelle a Presidencia ao/á titular da Secretaría Xeral do Consello e a Secretaría a un técnico ou técnica da unidade administrativa responsable en materia de arquivo. Son vogais a persoa titular da unidade administrativa responsable en materia de arquivo, a persoa responsable do Servizo de Informática, un letrado ou letrada, a persoa titular dunha das unidades administrativas da Secretaría Xeral e un auditor ou auditora.

A composición da CTAXD a 31 de decembro era a seguinte:

Presidenta: Dona Ana Isabel Ornilla Guillamón
Secretaria: Dona M^a Consuelo Tacón Sanjuás
Vogais: Dona Mar Cibreiro Cordeiro
Dona Patricia Iglesias Rey
Don José Manuel Dacal Vázquez
Don Ulpiano L. Villanueva Rodríguez
(Vacante)

No ano 2021 a CTAXD non se reuniu.

VII.4. SERVIZO DE INFORMÁTICA

VII.4.1. PROXECTOS CORPORATIVOS

Sitio web para a XIV edición dos Encontros técnicos dos OCEX 2021

O Consello de Contas acolleu no 2021 a celebración da edición XIV dos Encontros técnicos dos OCEX 2021 dándolle continuidade á anterior celebrada en Valencia. Os Encontros Técnicos dos OCEX son eventos bianuais que permiten reunir a funcionarios dos equipos de fiscalización e conselleiros das distintas institucións de control externo coa finalidade de intercambiar coñecementos e experiencias relacionadas co desempeño da función das devanditas institucións. Incorporáronse a este evento o II Encontro dos Servizos Xurídicos así como as sesións do foro tecnolóxico dos OCEX que congrega ao persoal de TI das institucións.



Para cubrir as necesidades de información e xestión do evento, levouse a cabo este proxecto de deseño e desenvolvemento dun sitio web para a edición XIV dos Encontros técnicos dos OCEX 2021. Dende esta páxina web publicouse o programa do evento e a información relevante para os asistentes, así como a xestión das inscricións. Unha vez finalizado o evento proporcionouse un espazo para publicar as presentacións e os vídeos dos relatorios.

Redes sociais – Canle *Youtube* do Consello de Contas

O Consello de Contas abriu unha canle de *Youtube* para a publicación de todos os vídeos dos Encontros técnicos dos OCEX 2021, así como todos aqueles vídeos corporativos publicados na páxina web.

Goberno de datos

Esta é unha das liñas nas que o Consello de Contas profundou no 2021 para o tratamento da información como un proceso, e dispor dunha contorna corporativa de BI onde se realice de forma homoxénea o procesamento dende a súa recepción ata a súa publicación. Continuouse a traballar tanto en información do Sector Público Autonómico como do Sector Local.

a) Sector Publico Autonómico

Integráronse a Conta Xeral da Comunidade Autónoma e do Sergas cos procesos homoxéneos de carga e transformación necesarios. Tamén se crearon visualizacións acordes coas necesidades de análise do persoal de auditoría.

Da información de contratos da administración autonómica, tras acordar o formato de remisión segundo se establece na normativa do Consello, realizouse a carga e procesamento na ferramenta de BI da información contractual dende 2018, quedando a disposición do persoal de auditoría para a súa análise.

b) Sector Local

Ampliouse o proxecto de carga de contratos das corporacións locais cos expedientes e as incidencias das remisións, quedando a disposición da área para a súa análise.

Foi necesario abrir un novo proxecto de analítica de datos de control interno en relación cos reparos e os expedientes de non conformidade das entidades de Administración Local debido a modificacións lexislativas que afectaron á forma de remisión desta información.



c) Terceiros

Desenvolveuse un censo integrado de entidades que se relacionan co Consello TERCON (inventario de terceiros corporativo) adaptando todos os aplicativos das áreas do Consello e integrando información de entidades de DIR3 e DIROF.

Administración electrónica

Durante o 2021 continuouse coa posta en marcha de varios procedementos no xestor de expedientes electrónico, sobre todo de trámites de empregado público (vacacións, licenzas, axudas do fondo de acción social, anticipo de nómina, axudas ao transporte, autorización de teletraballo).

Unha vez realizada a análise dos procesos internos, configurouse na ferramenta de tramitación e deseñáronse os formularios necesarios. Tamén se elaboraron as guías e manuais, tanto na versión orientada aos xestores do proceso como aos usuarios finais.

Durante o 2021 implantouse a dixitalización de documentos en papel como copia auténtica electrónica no rexistro do Consello mediante a incorporación de novos equipos de escaneado e a definición do proceso.

Implantouse tamén un mecanismo de sinatura na nube con certificado electrónico de persoa física de navegador permitindo aos usuarios autoproviseionarse dos certificados. A xestión centralizada dos certificados de sinatura e a súa eliminación nos dispositivos do usuario crean un sistema máis seguro e doado de utilizar, evitando as instalacións de hardware, drivers e certificados software. Con este cambio, agora pódense asinar documentos en calquera interfaz web (sen certificado instalado) ou na App móbil.

Ferramentas de xestión de auditoría

Durante o 2021 o Consello de Contas participou no proxecto común cos OCEX e o Tribunal de Cuentas dunha nova ferramenta de xestión de auditoría que aínda está en fase de definición. Mentres tanto, realizáronse as tarefas de mantemento do Teammate como actualizacións, migracións e traspaso de proxectos pechados a unha base de datos de arquivo da ferramenta.

VII.4.2. RENOVACIÓN E MANTEMENTO DE SISTEMAS

Cableado estruturado

Debido á obsolescencia da infraestrutura de voz e datos actual, que xa non cubre as necesidades de crecemento nin de rendemento, realizouse un proxecto de modernización das infraestruturas de telecomunicacións. A modernización do sistema de cableado estruturado para a mellora da rede de área local do Consello de Contas de Galicia incluíu os seguintes puntos de mellora:



- Melloras de distribución da rede de datos por plantas.
- Melloras de capacidade da rede de datos ata 10 Gbps.
- Retirada do cableado obsoleto, limpeza e optimización dos postos de usuario.
- Integración coa xestión da electrónica de rede, cableado estruturado e telefonía por parte do Centro de Xestión de Rede (CXR) da Xunta de Galicia.

O proxecto planificouse en varias fases secuenciais abarcando dúas anualidades. No ano 2021 executáronse as seguintes:

- Fase 0: lanzamento do proxecto e actuacións preliminares (replanteo)
- Fase 1: migración da rede de datos. Esta fase abarca a substitución do sistema de cableado centralizado actual en estrela por un sistema de distribución por plantas. Instaláronse repartidores nas plantas e substituíuse toda a instalación dos despachos por unha acorde aos novos requirimentos.

Electrónica de comunicacións

No marco do proxecto de migración do cableado estruturado foi necesaria a substitución da electrónica de rede. Segundo o deseño de distribución da rede de datos fíxose necesario dotar de electrónica aos repartidores de cada planta. Adquiríronse nove conmutadores PoE acordes aos requirimentos da nova telefonía IP que se vai implantar.

VII.4.3. CONFIGURACIÓN E SOPORTE DE SISTEMAS

Durante o exercicio 2021 o Servizo de Informática, empregando os recursos propios da Institución, levou a cabo todas as tarefas relacionadas coa configuración e soporte de sistemas e mantemento do CPD como son:

- Instalación e xestión de paquetes software, tanto de uso xeneralizado (sistema operativo, antivirus, etc.) como específico dun usuario ou grupos de usuarios.
- Instalación e configuración das aplicacións corporativas do Consello de Contas.
- Administración de servidores (Windows Server, Linux) e da contorna de virtualización.
- Deseño e administración de bases de datos corporativas.
- Mantemento de rede e dos servizos. Cabe destacar o incremento e dedicación ás tarefas en materia de seguridade como poden ser:



- a) Monitorización do estado de seguridade de rede, servidores e equipos finais.
- b) Configuración do equipamento de seguridade perimetral e de posto final.
- c) Xestión de incidencias de seguridade.

VII.4.4. ATENCIÓN AOS USUARIOS

Entre as funcións do servizo está a atención ao persoal do Consello e, dende a posta en marcha da nova sede electrónica a atención a usuarios das entidades na resolución de incidencias e dúbidas do funcionamento do contorno. As tarefas máis importantes deste ámbito son:


- Asesoramento aos usuarios na utilización avanzada das ferramentas ofimáticas e aplicacións corporativas.
- Atención de incidencias de equipamento de microinformática.
- Atención de usuarios externos nos servizos de sede electrónica.
- Implantación de novos mecanismos e procesos para o soporte dos usuarios que teletraballan.

VII.5. GRUPO DE TRABAJO DE ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA

O Grupo de Trabajo de Administración Electrónica (GTAE) creado no seo da Comisión Técnica de Arquivo e Xestión Documental (CTAXD) o 4 de outubro de 2018 e que, mediante o Acordo do Pleno, do 20 de decembro de 2018, pasou a depender do Pleno, ten por finalidade avaliar a adaptación da institución á lexislación da administración electrónica, tanto no relativo ao específico dos propios procedementos, e ás canles de comunicación en uso, como no relativo á tecnoloxía específica necesaria para a implantación da Administración electrónica e o traballo de soporte organizativo dos procesos internos.

O Grupo de Trabajo está formado por: un conselleiro ou conselleira do Pleno do Consello de Contas, que actúa como presidente, a persoa titular do Servizo de informática, a persoa titular da Sección de Arquivo e Biblioteca, un letrado ou letrada dos servizos xurídicos e un/unha funcionario/a designado pola Secretaría Xeral, que actúa como secretario ou secretaria daquel. A composición do GTAE a 31 de decembro era a seguinte:

Presidenta: Dona Begoña Villaverde Gómez
Secretario: Don Ulpiano L. Villanueva Rodríguez
Vogais: Dona Mar Cibreiro Cordeiro



Dona Caridade E. Sanz Bravo e, na súa substitución, dona M^a Consuelo Tacón Sanjuás

Dona Patricia Iglesias Rey

Por nomeamento do Pleno de 6 de outubro incorpóranse ao Grupo de Traballo dona Ana Ornilla Guillamón e don Juan José García Martínez, en calidade de vogais.

Durante o ano 2021 o grupo reuniuse en 8 ocasións, nas que se trataron os asuntos que se sinalan a continuación:

Reunións do Grupo de Traballo de Administración Electrónica

Grupo de Traballo de Administración Electrónica	Núm. de asuntos
Identificación e análise de procedementos	10
Elaboración de guías de implantación de procedementos	3
Configuración e adaptación do xestor de expedientes para implantación dos procedementos	4
Calendario de actuacións	2
Outros	2
Total	21

Identificación e análise de procedementos

No seo do GTAE desenvolvéronse traballos de identificación de procedementos dos seguintes grupos funcionais:

- Goberno e dirección. Procedemento de elaboración do Plan anual de traballo.
- Administración. Procedementos de xestión de recursos humanos e de teletraballo.
- Fiscalización. Procedementos de fiscalización: fase de peche, petición potestativa de informes á Asesoría xurídica e de publicación e comunicación.

Elaboración de guías de implantación de procedementos

Para unha mellor xestión dos procedementos revisados que se implantan no xestor de expedientes, o grupo de traballo revisou as seguintes guías:

- Goberno e dirección.
- Administración.
- Fiscalización e Prevención da corrupción.



Configuración e adaptación do xestor de expedientes para implantación dos procedementos

A configuración e adaptación dos procedementos propios do Consello de Contas ao xestor de expedientes foi obxecto de supervisión por parte do Grupo por medio de:

- Reunións periódicas coa empresa adxudicataria.
- Control do calendario de actuacións.
- Adaptación da tramitación electrónica interna e externa dos procedementos de xestión

VIII. ACTIVIDADE INSTITUCIONAL

O Consello de Contas participa activamente en distintos foros, tanto a nivel nacional como internacional, potenciando a proxección da Institución fóra da Comunidade Autónoma, mediante a elaboración de relatorios e comunicacións, fundamentalmente no ámbito da colaboración entre os diferentes órganos de control externo, que permiten unha adecuada difusión da labor desenvolvida por esta Institución.

O conselleiro maior no exercicio 2021 representou á Institución nas seguintes ocasións:

- 28 de maio, o Consello de Contas, representado polo seu conselleiro maior, José Antonio Redondo López e o resto dos membros do Pleno, participou na xornada “Catro décadas de autogoberno. As institucións estatutarias de Galicia. Retos e oportunidades” organizadas polo Parlamento de Galicia con motivo do 40 Aniversario do Estatuto de Autonomía.
- 25 de xuño, o conselleiro maior compareceu na Comisión Permanente non Lexislativa para as Relacións co Consello de Contas para explicar o informe de fiscalización sobre as contabilidades electorais das eleccións ao Parlamento de Galicia do 12 de xullo de 2020.
- 7 de xullo, o conselleiro maior reuniuse por vídeoconferencia co resto de membros da Conferencia de presidentes de ASOCEX, ao obxecto de seguir profundando na súa colaboración.
- 8 de xullo tivo lugar, na sede do Tribunal de Contas, a reunión semestral da Comisión de Coordinación dos presidentes do Tribunal de Cuentas e dos Órganos de Control Externo das Comunidades Autónomas (OCEX) o conselleiro maior asistiu por vídeoconferencia.
- 30 de xullo, o conselleiro maior entregou ao Presidente do Parlamento de Galicia a Memoria e as contas do Consello de Contas correspondentes o ano 2020 e os informes de fiscalización de 2019.
- 3 de novembro, o conselleiro maior compareceu na Comisión 3ª de Economía, Facenda e Orzamentos para explicar as liñas básicas do orzamento do Consello de Contas para o ano 2022.



- 1 de decembro, celebrouse a Conferencia de presidentes de ASOCEX, a asociación que reúne aos 12 órganos de control externo autonómicos, reuniuse en Santiago de Compostela organizada polo conselleiro maior, baixo a presidencia do síndico mayor da Sindicatura de Comptes da Comunitat Valenciana, Vicent Cucarella.
- 1 de decembro, a Comisión de Coordinación dos presidentes do Tribunal de Contas e dos Órganos de Control Externo das Comunidades Autónomas (OCEX) reuniuse no Parlamento de Galicia. O encontro foi organizado polo Consello de Contas de Galicia, coa asistencia do conselleiro maior, José Antonio Redondo, e presidido pola nova presidenta do Tribunal de Cuentas, Enriqueta Chicano.
- Os días 2 e 3 de decembro celebráronse en Santiago de Compostela os XIV Encontros técnicos e o IX Foro Tecnolóxico dos Órganos de Control Externo (OCEX), organizados polo Consello de Contas.

No ano 2021, o conselleiro da área de institucional D. Simón Rego Vilar representou á Institución, participou e estivo presente en distintos actos e reunións, xornadas, seminarios e congresos celebrados a nivel nacional e internacional, entre os que cabe destacar:


- Xornada por videoconferencia da Fundación FIASEP "Xestión e Control dos Fondos de Recuperación, Transformación e Resiliencia da Unión Europea" o 9 de marzo de 2021.
- Xornada: Catro décadas de autogoberno. As institucións estatutarias de Galicia. Retos e oportunidades celebrada no Parlamento de Galicia o 28 de maio de 2021.
- Participante no curso monográfico: Fondos Europeos NextGenerationUE organizado pola Escola Galega de Administración Pública (EGAP) co relatorio: "A contribución do control externo na xestión dos fondos NG: proactividade, flash-audits e declaracións de fiabilidade na xestión de riscos. Os conflitos de interese" o 16 de xuño de 2021.
- Conferencia virtual "Fondos Europeos: Xestión, control e responsabilidade" organizada polo Tribunal de Cuentas Europeo e o Tribunal de Cuentas de Portugal en Lisboa o 21 e 22 de xuño de 2021.
- Encontro virtual: VII Encontro Rede da Rede de Oficinas e Axencias Anticorrupción organizado pola IGAE-Servizo nacional de coordinación antifraude o 28 de xuño de 2021.
- Fondos de recuperación da UE (Next Generation) impartido por Nicolás González Casares, Deputado no Parlamento Europeo organizado polo Ilustre Colexio Oficial de Enxeñeiros Industriais de Galicia (ICOIIG) en Santiago de Compostela o 22 de xullo de 2021.
- Evento Telemático de NEF Online coa relatora Ms. Mariya Gabriel, Comisaria Europea de Innovación, Investigación, Cultura, Educación e Xuventude o 10 de setembro de 2021.



- VI Congreso Internacional de Transparencia e Acceso á Información na Universidade de Alacante do 27 ao 29 de setembro de 2021.
- Xornada: Galicia. Corenta anos de autonomía (1981-2021) homenaxe a Valeriano Martínez na Escola Galega de Administración Pública (EGAP) o 19 de outubro de 2021.
- Seminario Internacional EURORAI: “O valor e os beneficios das institucións rexionais de control externo, especialmente no contexto da pandemia de COVID-19” celebrado en Sarajevo os días 4 a 6 de novembro de 2021.
- I Congreso Internacional “O desafío da recuperación e o papel da contratación pública” organizado pola Cámara de Contas de Aragón en Zaragoza os días 10 e 11 de novembro de 2021.
- IX Encontro da Rede Estatal de Axencias e Oficinas Antifraude organizado pola Axencia de Transparencia do AMB en Barcelona o 12 de novembro de 2021.
- Organizador dos II Encontros Servizos Xurídicos OCEX 2021 celebrados na Fundación ABANCA en Santiago de Compostela o 2 de decembro de 2021.
- Organizador e participante como relator con: Os órganos de control externo e a auditoría dos fondos NGEU: ¿Novo modelo de control? nos XIV Encontros Técnicos dos OCEX 2021 celebrados no Pazo de Fonseca de Santiago de Compostela o 2 e 3 de decembro de 2021.
- Exposición: O poder da palabra. 40 anos do Parlamento de Galicia celebrada no Parlamento de Galicia o 12 de decembro de 2021.
- Acto Homenaxe Xaquín Álvarez Corbacho organizado por Rifde (Rede de investigadores en financiamento autonómico e descentralización financeira en España) no Pazo de Fonseca en Santiago de Compostela o 20 de decembro de 2021.
- Participante por videoconferencia na Xornada: A Importancia dos plans antifraude nos concellos: da xestión dos fondos europeos á xestión do público co relatorio: Introducción aos fondos NGEU e o papel dos órganos de control o 22 de decembro de 2021.

O conselleiro D. Constantino Carreiras Souto en condición de conselleiro do Consello de Contas de Galicia, no ano 2021, participou en distintas xornadas, seminarios e congresos celebrados a nivel nacional e internacional, entre os que cabe destacar:

- Xornada “Enriquecemento inxusto no sector público ¿uso ou abuso?”, celebrada por videoconferencia (día 24 de marzo de 2021), organizada pola Axencia Valenciana Antifraude.
- Seminario “Ferramentas de xestión da integridade durante a pandemia”, celebrado por videoconferencia (día 25 de marzo de 2021), organizado pola Oficina Antifraude de Cataluña.





- Xornada "Catro décadas de autogoberno. As institucións estatutarias de Galicia. Retos e oportunidades", celebrada no Parlamento de Galicia (día 28 de maio de 2021).
- "VII Encontro da Rede de oficinas e axencias anticorrupción del estado español", celebrado por videoconferencia (día 28 de xuño de 2021), organizado polo Servicio Nacional de Coordinación Antifraude (Madrid).
- "VI Congreso Internacional de transparencia "VIII Encontro da Rede de oficinas e axencias anticorrupción do estado español", celebrados en Alicante (días 27 a 30 de setembro de 2021), organizados pola Agencia Valenciana Antifraude.
- Xornada "Galicia, 40 anos de autonomía (1981-2021)", celebrada no Hostal dos Reis Católicos (día 19 de outubro de 2021), organizada polo Parlamento de Galicia.
- "II Encontros Xurídicos dos OCEX 2021" celebrados en Santiago de Compostela (día 1 de decembro de 2021), organizados polo Consello de Contas de Galicia.
- "XIV Encontros Técnicos dos OCEX 2021" celebrados en Santiago de Compostela (días 2-3 de decembro de 2021), organizados polo Consello de Contas de Galicia.

A conselleira Dña. Ana M^a Otero López en condición de conselleira do Consello de Contas de Galicia da Área do Sergas, participou en distintas xornadas, seminarios e congresos realizados a nivel nacional e internacional, entre os que cabe destacar:

- Xornada "Catro décadas de autogoberno. As institucións estatutarias de Galicia. Retos e oportunidades" organizada polo Parlamento de Galicia con motivo do 40 aniversario do Estatuto de Autonomía de Galicia.

A conselleira Dona María Begoña Villaverde Gómez en condición de conselleira do Consello de Contas de Galicia da Área de Corporacións Locais, participou en distintas xornadas, seminarios e congresos realizados a nivel nacional, entre os que cabe destacar:

- Xornada conmemorativa do 40 aniversario do Estatuto de Autonomía de Galicia, día 28 de maio de 2021, organizado polo Parlamento de Galicia.
- II Encontros xurídicos dos OCEX, celebrados o día 1 de decembro de 2021 en Santiago de Compostela, organizados polo Consello de Contas de Galicia.
- XIV Encontros Técnicos dos OCEX, celebrados os días 2 e 3 de decembro de 2021 en Santiago de Compostela, organizados polo Consello de Contas de Galicia.
- Acto Homenaxe Xaquín Álvarez Corbacho organizado por Rifde (Rede de investigadores en financiamento autonómico e descentralización financeira en España) no Pazo de Fonseca en Santiago de Compostela o 20 de decembro de 2021.



IX. PARTICIPACIÓN EN ÓRGANOS COLEXIADOS

IX.1. COMISIÓN DE TRANSPARENCIA

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, crea no seu artigo 33.1. a Comisión da Transparencia como órgano colexiado independente adscrito ao Valedor do Pobo. A este órgano correspóndelle a resolución das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública que establece o artigo 28 da dita lei.

O artigo 33.2 atribúe a presidencia da Comisión ao titular da institución do Valedor do Pobo, a vicepresidencia ao adxunto ou adxunta á institución do Valedor do Pobo, e as vogalías a unha persoa representante da Comisión Interdepartamental de Información e Avaliación da Xunta de Galicia, unha persoa representante do Consello Consultivo de Galicia, unha persoa representante do Consello de Contas, e unha persoa representante da Federación Galega de Municipios e Provincias.

A proposta do Consello de Contas, e mediante Resolución do 20 de abril de 2017 do Valedor do Pobo, nomeáronse a un auditor da Área de Conta Xeral e a unha auditora da Área de Institucional como vogal e como suplente, respectivamente, da Comisión da Transparencia, en representación da Institución.

Durante o ano 2021 a Comisión celebrou 11 sesións, nas que resolveu 203 reclamacións contra as resolucións sobre solicitudes de acceso á información pública.

IX.2. COMISIÓN MIXTA CONSELLO DE CONTAS–INTERVENCIÓN XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA

O artigo 23.6 da LCC crea unha Comisión mixta formada por representantes do Consello de Contas e da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, co obxectivo de intercambiar información implantando a rendición telemática, facilitar o acceso á documentación, e mellorar o seguimento das recomendacións contidas nos informes de control. A composición, organización e funcionamento da Comisión regúlase mediante convenio.

No exercicio 2021 a Comisión celebrou unha sesión ordinaria o día 21 de xuño, que foi presidida, de acordo coas quendas rotatorias previstas no convenio, pola interventora xeral da Comunidade Autónoma.

Nesta sesión tratáronse, en primeiro lugar, as conclusións do estudo do grupo de traballo constituído no seo da Comisión para o seguimento de recomendacións. As distintas intervencións plasmaron valoracións positivas do traballo realizado nas sesións dese grupo, que reuniron a auditores e xestores, pola súa utilidade para a mellor comprensión por parte dos xestores dos termos dalgunhas das recomendacións formuladas nos informes de fiscalización e tamén polo consenso acadado sobre a



necesidade de establecer etapas intermedias na implantación dalgunhas recomendacións de forma que se facilite a medición dos avances parciais no seu cumprimento.

Tamén foron tratados nesta sesión os avances na creación do rexistro de entidades do sector público da Comunidade Autónoma de Galicia, na que a Intervención Xeral anunciou o inicio da tramitación do decreto que regulará o Rexistro de entidades ao que se refire o artigo 52 da LOFAXGA.

X. EXECUCIÓN ORZAMENTARIA 2021

X.1. EXECUCIÓN DO ORZAMENTO DE GASTOS

X.1.1. CRÉDITOS INICIAIS. MODIFICACIÓNS E CRÉDITOS DEFINITIVOS


A Lei 3/2021, do 28 de xaneiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021, establece que estes orzamentos xerais integran os dos órganos estatutarios e consigna créditos para executar na Sección 02 Consello de Contas de Galicia por importe de 7.847.453 euros.

Os créditos orzamentarios destínanse a financiar operacións correntes por importe de 7.303.353,00 euros (o 93,07% do orzamento) distribuídos en gastos de persoal por importe de 6.197.637,00 euros, gastos en bens correntes e servizos por 1.082.011,00 euros e transferencias correntes por 23.705 euros; operacións de capital por importe de 508.039,00 euros (o 6,47% do orzamento), constituídas por investimentos reais; e operacións financeiras por 36.061 euros (o 0,47% do orzamento), constituídas por activos financeiros.

Ata a entrada en vigor da Lei de orzamentos xerais para 2021 o Consello de Contas operou co orzamento prorrogado segundo o previsto no artigo 54 do TRLRFOG, e unha vez aprobados os definitivos, procedeuse á imputación das operacións realizadas durante o período de prórroga.

Durante o exercicio 2021 materializáronse dúas modificacións orzamentarias:

- Unha transferencia de crédito, do subconcepto 623.00 ao subconcepto 640.00, por importe de 9.000 euros, para dar cobertura á elaboración de dous vídeos corporativos sobre a imaxe e difusión da actividade do Consello de Contas, cunha proxección plurianual e, polo tanto, coa condición de inmovilizado intanxible.
- A baixa dos créditos non executados ao peche do exercicio, por importe de 1.808.081 euros, que responde ao Acordo do Pleno do 20 de decembro de 2021 polo que se regula o procedemento para a realización das operacións contables de peche da contabilidade dos gastos e dos ingresos correspondentes a un exercicio e de apertura da contabilidade do exercicio seguinte no Consello de Contas.



Esta instrución, de primeira aplicación para o peche de 2021, sinala que o último día do exercicio procederase á anulación para todas e cada unha das aplicacións orzamentarias do ano dos saldos de documentos en fase D que non acadaron a fase de recoñecemento de obriga (fase O), dos saldos de autorizacións, así como das retencións de créditos existentes. Así mesmo, establece que unha vez realizadas as operacións anteriores, se procederá a dar de baixa no sistema contable o importe dos créditos non executados coa correspondente baixa das previsións de ingreso nas respectivas aplicacións orzamentarias.

Os créditos iniciais e as súas modificacións móstranse no cadro seguinte:

Créditos iniciais, modificacións orzamentarias e orzamento definitivo

Capítulos	Orzamento inicial	Modificacións de crédito		Orzamento definitivo	% variación Capítulos
		Positivas	Negativas		
1. Gastos persoal	6.197.637,00		-1.008.963,52	5.188.673,48	-16,28%
2. Gastos en bens correntes e servizos	1.082.011,00		-441.765,82	640.245,18	-40,83%
4. Transferencias correntes	23.705,00		-16.667,00	7.038,00	-70,31%
Operacións correntes	7.303.353,00	0,00	-1.467.396,34	5.835.956,66	-20,09%
6. Gastos en investimentos	508.039,00		-316.324,53	191.714,47	-62,26%
		9.000,00	-9.000,00		
Operacións de capital	508.039,00	9.000,00	-325.324,53	191.714,47	-62,26%
Operacións non financeiras	7.811.392,00	9.000,00	-1.792.720,87	6.027.671,13	-22,95%
8. Anticipos ao persoal	36.061,00	0,00	-24.361,00	11.700,00	-67,55%
Operacións financeiras	36.061,00	0,00	-24.361,00	11.700,00	-67,55%
	7.847.453,00	9.000,00	-1.817.081,87	6.039.371,13	23,04%


X.1.2. EXECUCIÓN DO ORZAMENTO DE GASTOS

Durante o exercicio 2021 executáronse gastos por 6.039.371,13 euros o que supuxo o recoñecemento de obrigas no 76,96% dos créditos iniciais. Por tipo de gasto as porcentaxes de execución sobre créditos iniciais son do 79,91% para gastos por operacións correntes, do 37,74% para gastos por operacións de capital e, do 32,45% para gastos por operacións financeiras, polos anticipos concedidos ao persoal.

Durante o exercicio realizáronse pagamentos a acredores orzamentarios por importe de 5.964.801,96 euros o que supuxo a cancelación do 98,77% do total de obrigas recoñecidas. As obrigas pendentes de pagamento a fin de exercicio son 74.569,17 euros e supoñen o 1,24 % do total de obrigas.

As obrigas de exercicios anteriores por 122.216,96 euros foron canceladas na súa totalidade.

Por capítulos de gasto, as cifras e porcentaxes de obrigas e pagamentos son os seguintes:





Execución do orzamento de gastos 2021

Capítulos	C. iniciais	Obrigas	%obrigas s/C. iniciais	Pagamentos	%pagamentos s/ obrigas	%pagamentos s/C. iniciais
I Gastos de persoal	6.197.637,00	5.188.673,48	83,72%	5.135.554,01	98,98%	82,86%
II Gastos en bens correntes e servizos	1.082.011,00	640.245,18	59,17%	618.795,48	96,65%	57,19%
IV Transferencias correntes	23.705,00	7.038,00	29,69%	7.038,00	100,00%	29,69%
VI Investimentos reais	508.039,00	191.714,47	37,74%	191.714,47	100,00%	37,74%
VIII Activos financeiros	36.061,00	11.700,00	32,45%	11.700,00	0,00%	32,45%
Total	7.847.453,00	6.039.371,13	76,96%	5.964.801,96	98,77%	76,01%

A comparativa coa execución do exercicio anterior recóllese no seguinte cadro:

Comparativa da execución do orzamento de gastos 2021-2020

Capítulos	Obrigas recoñecidas			Pagamentos		
	2021	2020	% variación	2021	2020	% variación
I. Gastos de persoal	5.188.673,48	5.206.113,47	-0,33%	5.135.554,01	5.150.159,72	-0,28%
II. Gastos en bens correntes e servizos	640.245,18	559.546,50	14,42%	618.795,48	493.283,29	25,44%
IV. Transferencias correntes	7.038,00	1.000,00	603,80%	7.038,00	1.000,00	603,80%
VI. Investimentos reais	191.714,47	230.266,82	-16,74%	191.714,47	230.266,82	-16,74%
VIII. Activos financeiros	11.700,00	0,00	0,00%	11.700,00	0,00	0,00%
Total	6.039.371,13	5.996.926,79	0,71%	5.964.801,96	5.874.709,83	1,53%


O detalle da execución do orzamento de gastos por capítulos e artigos é a seguinte:

Capítulo I Gastos de persoal

Artigos	C. iniciais	Obrigas recoñecidas	% obrigas s/ C. iniciais	Pagamentos realizados	% pagamentos s/ C. iniciais
10 Altos cargos	426.359,00	402.706,06	94,45%	402.706,06	100,00%
11 Persoal eventual	150.693,00	150.692,65	100,00%	150.692,65	100,00%
12 Funcionarios	4.453.729,00	3.705.716,53	83,20%	3.705.716,53	100,00%
13 Laborais	286.609,00	282.961,32	98,73%	282.961,32	100,00%
16 Cotas, pres. gastos sociais	880.247,00	646.596,92	73,46%	593.477,45	91,78%
Total	6.197.637,00	5.188.673,48	83,72%	5.135.554,01	82,86%

O importe destinado a gastos de persoal é de 6.197.637,00 euros que representa o 78,98% do importe total do orzamento inicial. O importe executado é de 5.188.673,48 euros o que supón unha porcentaxe do 83,72%.

Tendo en conta a orixe legal das obrigas de gastos de persoal, os remanentes son consecuencia fundamentalmente da non cobertura durante todo o exercicio da totalidade das prazas dotadas e existentes na relación de postos de traballo.



Capítulo II Gastos en bens correntes e servizos

Artigos	C. iniciais	Obrigas recoñecidas	% obrigas s/ C. iniciais	Pagamentos realizados	% pagamentos s/ C. iniciais
20 Alugueros e canons	83.206,00	55.176,15	66,31%	50.609,61	60,82%
21 Repar., mant. e conservación	186.350,00	117.917,79	63,28%	117.917,79	63,28%
22 Material, subministracións e outros	734.075,00	460.053,10	62,67%	443.169,94	60,37%
23 Indem. por razón servizo	75.380,00	7.098,14	9,42%	7.098,14	9,42%
27 Publicacións	3.000,00	0,00	0,00%	0,00	0,00%
Total	1.082.011,00	640.245,18	59,17%	618.795,48	57,19%

O importe destinado a gasto en bens correntes e servizos é de 1.082.011,00 euros que representa o 13,79% do importe total do orzamento inicial. O importe executado é de 640.245,18 euros o que supón o 59,17%.

Estes remanentes son consecuencia dunha orzamentación suficiente para asegurar o financiamento interno das decisións de gasto necesarias para o funcionamento da Institución e o seguimento dunha política de restrición de gastos, realizándose unicamente os imprescindibles.

Capítulo IV Transferencias correntes

Artigos	C. iniciais	Obrigas recoñecidas	% obrigas s/ C. iniciais	Pagamentos realizados	% pagamentos s/ C. iniciais
48 A ent. sen ánimo de lucro	21.000,00	7.038,00	33,51%	7.038,00	33,51%
49 Ao exterior	2.705,00	0,00	0,00%	0,00	0,00%
Total	23.705,00	7.038,00	29,69%	7.038,00	29,69%

O importe inicial destinado a gasto en transferencias correntes é de 23.705,00 euros, que representa o 0,30% do importe total do orzamento inicial. O importe executado é de 7.038,00 euros o que supón o 29,69% dos créditos iniciais.

Capítulo VI Inversións reais

Artigos	C. iniciais	Obrigas recoñecidas	% obrigas s/ C. iniciais	Pagamentos realizados	% pagamentos s/ C. iniciais
62 Inversión novo	468.624,00	183.931,78	39,25%	183.931,78	39,25%
63 Inversión de reposición	39.415,00	522,69	1,33%	522,69	1,33%
64 Inversións intanxibles	0,00	7.260,00		7.260,00	
Total	508.039,00	191.714,47	37,74%	191.714,47	37,74%

O importe destinado a gasto en inversións reais é de 508.039,00 euros e representa o 6,47% do importe total do orzamento inicial. O importe executado é de 191.714,47 euros o que supón o 37,74% dos créditos iniciais.

Os remanentes son consecuencia dunha orzamentación suficiente para asegurar o financiamento interno das decisións de investimento e a realización estrita das necesarias.





Capítulo VIII Activos financeiros

Artigos	C. iniciais	Obrigas recoñecidas	% obrigas s/ C. iniciais	Pagamentos realizados	% pagamentos s/ C. iniciais
83 Préstamos fóra do sector público	36.061,00	11.700,00	32,45%	11.700,00	32,45%
Total	36.061,00	11.700,00	32,45%	11.700,00	32,45%

A finalidade é proporcionar cobertura financeira para conceder anticipos reintegrables; polo tanto o importe fórmulase con carácter precautorio e o gasto execútase en función das peticións formuladas.

O importe destinado a gasto en concesión de anticipos é de 36.061,00 euros e representa o 0,46% do importe total do orzamento inicial, quedando executada a partida nun 32,45%.

X.2. EXECUCIÓN DO ORZAMENTO DE INGRESOS


X.2.1. PREVISIÓNS INICIAIS, DEREITOS E RECADACIÓN

A apertura e a execución do orzamento de ingresos realízase en correspondencia coa apertura e execución do orzamento de gastos, tendo novamente en conta que o orzamento estivo prorrogado ata a aprobación do definitivo.

Durante o exercicio 2021 non se materializou ningunha modificación nas previsións de ingresos, agás a derivada do peche do exercicio, por importe de 1.808.081, que se corresponde cunha baixa polos créditos non executados, conforme ao disposto no Acordo do Pleno do 20 de decembro de 2021 polo que se regula o procedemento para a realización das operacións contables de peche da contabilidade dos gastos e dos ingresos correspondentes a un exercicio e de apertura da contabilidade do exercicio seguinte no Consello de Contas, ao que xa se fixo mención.

Previsións iniciais e modificacións 2021

Partida orzamentaria	Orzamento inicial	Modificacións de crédito		Orzamento definitivo	% variación Capítulos
		Positivas	Negativas		
309: Taxas	0,00		0,00	0,00	0,00%
309: Ingresos diversos	0,00		0,00	0,00	0,00%
450: Transferencias correntes	7.303.353,00		-1.467.396,34	5.835.956,66	-20,09%
Operacións correntes	7.303.353,00	0,00	-1.467.396,34	5.835.956,66	-20,09%
750: Transferencias de capital	508.039,00	0,00	-316.324,53	191.714,47	-62,26%
Operacións de capital	508.039,00	0,00	-316.324,53	191.714,47	-62,26%
Operacións non financeiras	7.811.392,00	0,00	-1.783.720,87	6.027.671,13	-22,83%
830: Anticipos ao persoal	36.061,00	0,00	-24.361,00	11.700,00	-67,55%
Operacións financeiras	36.061,00	0,00	-24.361,00	11.700,00	-67,55%
	7.847.453,00	0,00	-1.808.081,87	6.039.371,13	-23,04%



As previsións, dereitos recoñecidos, recadación e dereitos pendentes de cobro correspondentes ao exercicio corrente e, o saldo inicial e recadación de exercicios anteriores reflíctese no cadro seguinte:

Execución de ingresos 2021

Capítulos	Exercicio corrente				Exercicios anteriores	
	Previsións iniciais	Dereitos recoñecidos	Recadación	Dereitos pendentes de cobro	Saldo inicial de dereitos	Recadación
III. Taxas, prezos públicos e outros ingresos	0,00	81,38	81,38	0,00	0,00	0,00
III. Ingresos diversos	0,00	170,00	170,00	0,00	0,00	0,00
IV. Transferencias correntes	7.303.353,00	5.738.114,12	5.663.544,95	74.569,17	122.216,96	122.216,96
V. Ingresos patrimoniais	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
VII. Transferencias de capital	508.039,00	191.714,47	191.714,47	0,00	0,00	0,00
VIII. Activos financeiros	36.061,00	11.700,00	4.050,06	7.649,94	0,00	0,00
Total	7.847.453,00	5.941.779,97	5.859.560,86	82.219,11	122.216,96	122.216,96

XI. INFORMACIÓN SOBRE O SEGUIMIENTO DAS RECOMENDACIÓNS EFECTUADAS POLO CONSELLO DE CONTAS DE GALICIA

XI.1. OBXECTIVO E ALCANCE

En cumprimento do disposto no artigo 50 do Regulamento de réxime interior, procédese a incluír nesta memoria a información sobre o seguimento das recomendacións realizadas en informes de fiscalización anteriores.

O ámbito do traballo abrangue o sector público autonómico, atopándose pendente de aprobación o correspondente informe sobre o seguimento das recomendacións no sector público local de Galicia, polo que os datos relativos a estas entidades non se inclúen na memoria.

A análise comprende os informes de fiscalización emitidos polo Consello de Contas de Galicia en informes de fiscalización dos exercicios 2012 a 2019, que son realizados de forma periódica, polo que a verificación do grao de implantación das recomendacións formuladas nos informes de fiscalización dos ditos exercicios levarase a cabo na fiscalización do exercicio inmediato seguinte.

O obxectivo é avaliar o impacto dos informes de fiscalización sobre a mellora das prácticas de xestión da Administración da Comunidade Autónoma e as entidades e organismos dela dependentes, así como das entidades locais de Galicia a través da avaliación da aplicación das recomendacións formuladas polo Consello de Contas nos seus informes de fiscalización.



Este seguimento das recomendacións ten como referencia para a análise as contestacións remitidas polas entidades suxeitas a este control. Non se trata dun informe de fiscalización, senón que xurde como consecuencia das fiscalizacións realizadas en anos anteriores.

O alcance destas actuacións comprende o exame das contestacións remitidas ás distintas recomendacións formuladas nos seguintes informes de fiscalización:

Informes recorrentes:

1. Informe de fiscalización da Conta Xeral da Comunidade Autónoma. Exercicios 2012 a 2019.
2. Informe de fiscalización da Conta Xeral do Sergas. Exercicios 2012 a 2019.
3. Informe de fiscalización dos Fondos procedentes da Unión Europea. Exercicios 2012 a 2019.
4. Informe de fiscalización dos Fondos de Compensación Interterritorial. Exercicios 2012 a 2019.
5. Informe económico – financeiro das entidades instrumentais autonómicas. Exercicios 2012 a 2019.

Informes non recorrentes

6. Informe de fiscalización da tesouraría da Administración xeral. Exercicios 2014-2016.
7. Informe de fiscalización do procedemento de xestión do inventario de bens do Sergas. Exercicios 2014-2016.
8. Informe de fiscalización da responsabilidade patrimonial do Sergas. Exercicio 2017.
9. Informe de fiscalización do concerto co hospital Povisa.
10. Informe de fiscalización sobre os procesos de extinción de entidades dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia. Exercicios 2010-2016.
11. Informe de fiscalización do endebedamento autonómico. Exercicios 2013-2017.
12. Informe de fiscalización dos gastos en bens correntes e servizos na Administración Xeral da Comunidade Autónoma. Exercicio 2017.
13. Informe de fiscalización do Plan de Asistencia ao Ictus. Exercicios 2017-2018.
14. Informe de fiscalización da execución da contratación do Sergas. Exercicios 2012 ao 2017.
15. Informe de fiscalización do programa 131A de Administración de Xustiza Exercicios 2014-2019.
16. Informe de fiscalización de gastos de persoal da Administración Xeral Exercicios 2014-2019.

Na análise e valoracións efectuadas aplicáronse os seguintes criterios de avaliación das contestacións formuladas polos entes fiscalizados:



1. Recomendación total ou substancialmente aplicada.

Considérase que a recomendación foi total ou substancialmente aplicada cando a entidade adoptou no seu ámbito competencial as medidas correctoras suficientes e proporcionadas para considerar que a recomendación foi atendida e non quedou pendente de resolución ningunha cuestión de significativa importancia.

2. Recomendación parcialmente aplicada.

Cando a entidade obxecto de control tomou en consideración as recomendacións e comezou a realizar actuacións dirixidas a corrixir as deficiencias, debilidades ou insuficiencias que se puxeran de manifesto, nunha parte delas ou nalgúns aspectos, sen completar a súa execución. Neste caso considerarase a recomendación parcialmente cumprida polo que se manterá a recomendación axustándoa ou reformulándoa no caso que sexa procedente.

3. Recomendación non aplicada.

Considerarase que a recomendación non foi aplicada se a entidade obxecto de control non ten realizado as actuacións dirixidas a corrixir as deficiencias, debilidades ou insuficiencias que se puxeran de manifesto, ou ben o tivera feito de xeito insuficiente ou inadecuado de maneira que a recomendación segue sen aplicarse.

Atendendo á diferente casuística que se produce, e sen prexuízo doutros casos que poidan considerarse, pódense distinguir, cando menos, as subcategorías seguintes.

3.1. *Non aceptada, non compartida.* Esta situación prodúcese cando a entidade obxecto de control non a ten tomado en consideración por discrepar coa recomendación efectuada polo Consello de Contas no seu informe de fiscalización.

3.2. *Non contestada.* Trátase de recomendacións sobre as que a entidade obxecto de control, en función da súa resposta ao seguimento efectuado, non se ten pronunciado nin expresa nin tanxencialmente, é dicir, non contestou ao seguimento efectuado individualmente da recomendación, ou o ten feito de xeito xenérico, poñendo de manifesto as medidas levadas a cabo pero sen vencellalas a unha recomendación concreta.

3.3. *Aceptada. Pendente de aplicar.* Neste suposto a entidade obxecto de control ten tomado en consideración a recomendación, mesmo reconece a súa pertinencia e está de acordo co seu contido, malia non a aplicou. Tamén terá esta cualificación cando aínda que se teñen realizado actuacións, estas foron levadas a cabo de xeito insuficiente ou incompleto. Enténdese que a recomendación sendo aceptada e compartida atópase pendente de aplicación.





3.4. *Aceptada. En proceso de aplicación.* Neste caso a entidade obxecto de control acepta a recomendación e está a levar a cabo actuacións que permiten considerar que está en proceso de aplicación.

4. Recomendación non válida no marco actual.

Trátase de recomendacións que, aínda que válidas e pertinentes cando se emitiu o informe e para o exercicio fiscalizado, e aínda sendo aceptadas e recoñecidas pola entidade obxecto de control, non poden aplicarse no contexto actual, ao non darse as circunstancias que o permitan ou a mesma casuística que entón, é dicir, non se dan no momento actual os feitos que provocaron a recomendación no pasado.

5. Recomendación non verificada.


Trátase de recomendacións que, aínda que aceptadas ou mesmo aplicadas e corrixidas pola entidade obxecto de control, necesitarían obrigatoriamente dalgunha proba adicional para contrastar ou aclarar o manifestado pola entidade fiscalizada que excede o alcance previsto para esta información de seguimento.

XI.2. TRATAMENTO DAS CONTESTACIÓNS ENVIADAS POLOS ÓRGANOS XESTORES

O Consello de Contas remitiu no mes de decembro de 2021 á IXCA, a listaxe de recomendacións que serían obxecto de seguimento, concedendo un prazo que rematou o 15 de marzo de 2022, para que tanto a IXCA como as demais entidades concernidas polas recomendacións formulasen todas aquelas contestacións que en relación co seu seguimento considerasen oportuno.

As contestacións ás recomendacións foron formuladas pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, a Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos, a Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos, a Dirección Xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos, a Dirección Xeral de Recursos Económicos do Sergas, a Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa, a Dirección da Axencia Tributaria de Galicia, a Dirección Xeral da Función Pública, a Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio, a Subdirección Xeral de Xestión Económico-Patrimonial das Entidades Instrumentais do Sector Público Autonómico, a Secretaría Xeral Técnica da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, o Servicio Técnico Xurídico II do Sergas, a Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria e a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.

Estas entidades ofreceron os datos e explicacións das actuacións que se están a desenvolver para o cumprimento das recomendacións formuladas nos correspondentes informes de fiscalización. Estes datos e manifestacións avaliáronse co obxecto de determinar se as recomendacións foron admitidas,



se puxeron en marcha as medidas ou mecanismos para solucionar as irregularidades ou deficiencias comunicadas ou si manifestan a súa disposición para solucionarlas no futuro.

Ao terse realizado o seguimento das recomendacións sobre a base das manifestacións realizadas polas entidades afectadas, a análise centrouse na valoración da coherencia das súas contestacións para a súa clasificación posterior, sen que formen parte do traballo a realización das probas substantivas de auditoría que sexan pertinentes.

Cando se considera que é necesario efectuar algunha proba adicional de comprobación, que excede o alcance previsto neste traballo, indícase, ao respecto da recomendación de que se trate, "non verificada", debendo ser analizada na forma e tempo oportunos, manténdose vixente o texto da recomendación.

Na avaliación da contestación realizada pola entidade afectada pode que o manifestado non se corresponda cos feitos que realmente se constatan nas fiscalizacións que periodicamente se efectúan e outras que se estean levando a cabo. Por ese motivo, os resultados deste traballo non condicionan os derivados de futuras fiscalizacións, nas que se poderán acadar conclusións diferentes das contidas aquí.

O texto das recomendacións e as correspondentes contestacións, así como o nome da entidade que as formula, as consideracións e explicacións e as actuacións realizadas ou propostas, órgano responsable e prazo de implantación, figuran detalladas no Apéndice 4 desta memoria.

XI.3. RESULTADOS DO SEGUIMENTO DAS RECOMENDACIÓNS NO SECTOR PÚBLICO AUTONÓMICO³

Analizáronse 91 recomendacións contidas nos 16 informes de fiscalización que foron obxecto de seguimento.

³ No apéndice 4 xúntase unha análise con máis detalle.



Recomendacións obxecto de seguimento sector público autonómico

Núm.	Informes de fiscalización Exercicios 2012 ao 2019	Número de recomendacións obxecto de seguimento
1	Conta Xeral da Comunidade Autónoma. Exercicio 2019	12
2	Fondos de Compensación Interterritorial. Exercicio 2019	10
3	Fondos procedentes da Unión Europea. Exercicio 2019	4
4	Fiscalización da Conta Xeral do Servizo Galego de Saúde. Exercicio 2019	14
5	Fiscalización da actividade económica das Entidades Públicas Instrumentais. Exercicio 2019	13
	Fiscalizacións recorrentes	53
6	Fiscalización da tesouraría da Administración Xeral. Ex. 2014-2016	3
7	Fiscalización do procedemento de xestión do inventario de bens do Sergas. Ex. 2014-2016	3
8	Fiscalización da responsabilidade patrimonial do Sergas. Ex. 2017	6
9	Fiscalización do concerto co hospital Povisa	1
10	Procesos de extinción de entidades dependentes da C.A de Galicia. Ex. 2010-2016	4
11	Fiscalización do endebedamento autonómico. Ex. 2013-2017	1
12	Fiscalización dos gastos en bens correntes e servizos na Admón. Xeral da C.A. Ex. 2017	3
13	Fiscalización do Plan de Asistencia ao Ictus. Ex. 2017-2018	4
14	Fiscalización da execución da contratación do Sergas Exercicios 2012 ao 2017	3
15	Fiscalización do programa 131A de Administración de Xustiza Exercicios 2014-2019	2
16	Fiscalización de gastos de persoal da Administración Xeral Exercicios 2014-2019	8
	Fiscalizacións non recorrentes	38
Total fiscalizacións		91

As 91 recomendacións analizadas foron contestadas polos órganos concernidos nos correspondentes informes de fiscalización.

Un total de 14 recomendacións, que supoñen aproximadamente un 15,4%, non foron aceptadas polas entidades suxeitas a control, das cales unha considerouse non válida no marco actual.

Das 77 aceptadas, 20 estaban parcialmente aplicadas (un 22% do total), 14 en proceso de aplicación (un 15,4% do total), 32 estaban pendentes de aplicar (o 35% do total) e 11 (un 12% do total) precisarían da realización de probas adicionais de comprobación para contrastar o manifestado, polo que serán obxecto dunha avaliación posterior.

Respecto ao exercicio anterior, no que se efectuou un seguimento de 96 alegacións, que é un número semellante ao actual, e que permite realizar comparacións cun razoable grao de homoxeneidade, cabe destacar o seguinte:

1. A importante redución do número de recomendacións non aceptadas polos órganos xestores, como consecuencia dunha mellor comunicación para realizar un seguimento máis detallado de cada unha das recomendacións clarexando as dúbidas que, de ser o caso, concorreran nos



- correspondentes supostos, co obxecto de que as recomendacións foran mellor comprendidas e compartidas por eles.
2. O incremento das recomendacións parcialmente aplicadas que, atopándose en proceso de aplicación ou pendentes de aplicación, rexistraron actuacións tendentes á súa completa implantación, téndose constatado importantes avances.
 3. O número de recomendacións que se retiran por terse constatado o seu axeitado cumprimento é semellante ao número de recomendacións novas que se formulan, como consecuencia da seguinte anualidade de fiscalización.
 4. Mentres que o número de recomendacións pendentes de aplicar é semellante nos dous exercicios, rexístrase un importante avance no número de recomendacións en proceso de aplicación por terse apreciado a posta en marcha das medidas tendentes a dar cumprimento ao recomendado polo Consello de Contas.
 5. Incrementábase tamén o número de recomendacións das que cómpre a realización de probas adicionais de comprobación, co obxecto de acadar unha avaliación máis axeitada. Esas probas deberán realizarse con ocasión dun traballo específico de fiscalización. Estas recomendacións que non puideron ser verificadas nesta actuación estatística, afectaron a cinco dos informes de fiscalización non recorrentes.
 6. No caso dos cinco informes recorrentes (53 recomendacións en 2019 e 51 recomendacións en 2018), a avaliación é parella, aínda que se teñen rexistrado avances no cumprimento das recomendacións por parte dos xestores.

Cómpre destacar o notable incremento das recomendacións que se avaliaron como parcialmente cumpridas, téndose apreciado que os xestores realizaron claras actuacións de impulso cara ao cumprimento total das recomendacións formuladas.

Hai que ter en conta que o cumprimento dalgunhas recomendacións esixe importantes cambios nos procedementos e mesmo precisan da aprobación de instrumentos normativos que requiren de prazos superiores aos daquelas actuacións máis sinxelas e que poden ser máis inmediatas. Neste sentido, as recomendacións máis sinxelas son aplicadas diligentemente polos xestores pero as máis relevantes precisan de recursos máis importantes para a súa completa implantación.

O número de recomendacións que o Consello considera correcta e completamente aplicadas é aínda moi escaso, polo que, tendo en conta o que antecede, á vista dos resultados da avaliación das contestacións das entidades obxecto de seguimento, o Consello de Contas considera que son apreciables os avances producidos respecto do ano anterior, pero aínda é insuficiente o grao acadado no cumprimento das recomendacións. En consecuencia, insta ás entidades fiscalizadas a mellorar a súa posta en práctica co obxectivo xeral de incrementar a calidade da xestión pública.






Grao de aplicación das recomendacións segundo o Consello de Contas

Nº	Informes de fiscalización Ex. 2012 ao 2019	Número recomendacións obxecto de seguimento	Grao de aplicación segundo o Consello de Contas						
			Non aceptadas Non aplicadas	Non válidas no marco actual. Non aplicadas	Aceptadas				
					Aplicadas	Aplicadas parcialm.	En proceso de aplicación	Pendientes de aplicar	(*) Non verificadas
1	Conta Xeral da Comunidade Autónoma	12	4	0	0	4*	0	4*	0
2	Fondos de Compensación Interterritorial	10	0	0	0	2	5	3	0
3	Fondos procedentes da Unión Europea	4	1	0	0	0	3	0	0
4	Conta Xeral do Sergas	14	3	1	0	4	1	5	0
5	Entidades Públicas Dependentes	13	0	0	0	5	0	8	0
6	Tesouraría da Administración Xeral	3	0	0	0	0	0	3	0
7	Procedemento de xestión do inventario de bens do Sergas	3	0	0	0	1	0	2	0
8	Responsabilidade patrimonial do Sergas	6	2	0	0	0	0	1	3
9	Concerto co hospital Povisa	1	0	0	0	0	0	1	0
10	Procesos extinción entidades dependentes da C.A de Galicia	4	0	0	0	0	0	1	3
11	Endebemento autonómico	1	0	0	0	0	1	0	0
12	Gastos en bens correntes e servizos na Admón. Xeral da C.A.	3	2	0	0	0	0	0	1
13	Plan de Asistencia ao Ictus	4	0	0	0	1	0	1	2
14	Execución da contratación do Sergas Exercicios 2012 ao 2017	3	0	0	0	3	0	0	0
15	Programa 131A de Administración de Xustiza Exercicios 2014-2019	2	0	0	0	0	0	0	2
16	Gastos de persoal da Administración Xeral Exercicios 2014-2019	8	1	0	0	1	4	2	
Total		91	13	1	0	21*	14	31*	

* O número das recomendacións parcialmente aplicadas e das pendentes de aplicar difire do reflectido no informe de seguimento (Apéndice 4) debido á recepción dunha alegación en data posterior á finalización deste.








APÉNDICES




APÉNDICE 1.

ORGANIGRAMA: FISCALIZACIÓN, PREVENCIÓN DA CORRUPCIÓN E AXUIZAMENTO A 31 DE DECEMBRO DE 2021



ORGANIGRAMA DE ADMINISTRACIÓN A 31 DE DECEMBRO DE 2021



APÉNDICE 2. INFORME DE ACTIVIDADES DA SECCIÓN DE PREVENCIÓN DA CORRUPCIÓN. EXERCICIO 2021



INFORME DE ACTIVIDADES DA SECCIÓN DE PREVENCIÓN DA CORRUPCIÓN

EXERCICIO 2021


Cod. Validación: 42SHTGL7Q9265QDW95KGNMHQD | Corrección: <https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 55 a 192





ÍNDICE

I. INTRODUCCIÓN	5
II. COLABORACIÓN NA IMPLANTACIÓN DE SISTEMAS DE PREVENCIÓN (EIXE 1)	6
III. SENSIBILIZACIÓN E CONCIENCIACIÓN (EIXE 3)	8



I. INTRODUCCIÓN

A Lei 8/2015, do 7 de agosto, de reforma da Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas, supuxo o reforzamento institucional do Consello a través da atribución de novas competencias, entre as que destacan as relacionadas coa prevención da corrupción, a fiscalización e control da actividade económico-financeira das formacións políticas que perciban subvencións da Comunidade Autónoma, no marco establecido na normativa do Estado, e a evolución dos bens patrimoniais das persoas que ocupen altos cargos no sector público autonómico.

Dende o punto de vista organizativo, a aprobación do Regulamento de réxime interior trata de dotar de operatividade ao contido das novas funcións, concretando os elementos de detalle que permiten a definición, no marco establecido pola lei, dun auténtico modelo de realización das novas funcións preventivas en materia de corrupción.

O desenvolvemento da función de prevención da corrupción apóiase na seguinte estrutura organizativa:

- A Sección de Prevención da Corrupción, que exercerá as funcións que o Consello ten atribuídas nesta materia, presidida polo conselleiro maior e integrada polos conselleiros/as que o Pleno designe. A horizontalidade dos traballos desta Sección require para o seu desenvolvemento da participación de tódolos departamentos do Consello de Contas.
- A Comisión Técnica de Prevención da Corrupción, integrada por cinco auditores designados polos conselleiros/as de cada departamento, que ten encomendadas, entre outras funcións, definir os criterios para a avaliación dos sistemas de control interno e para a elaboración de guías e modelos de plans de prevención da corrupción. Asisten ás súas sesións en calidade de asesores a letrada maior e o interventor do Consello.
- A Unidade de Prevención da Corrupción, que dará apoio administrativo á Comisión para garantir a súa operatividade.

Dende o punto de vista estratéxico, definíronse tres eixes fundamentais ao redor dos que se desenvolverán as actividades nesta materia: colaboración na implantación dos sistemas de prevención, asesoramento institucional, e sensibilización e concienciación.

A continuación relaciónanse as principais actuacións desenvolvidas no exercicio 2021, que se centraron nos eixes 1 e 3 definidos no documento de estratexia.

Cod. Validación: 42SHTGL7Q9265QDWP5KGNMHQD | Corrección: <https://consellocontasgalicia.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma esPublico | Páxina 59 a 192



II. COLABORACIÓN NA IMPLANTACIÓN DE SISTEMAS DE PREVENCIÓN (EIXE 1)

Neste eixe de actuación, a estratexia a seguir polo Consello de Contas pasa polo establecemento nas entidades públicas dunha política de integridade institucional (normas, procesos e órganos que preveñan as condutas inadecuadas), a identificación das actividades e riscos susceptibles de actos de corrupción, a adopción de medidas para minimizalos e a realización de actividades de control para a súa supervisión. O obxectivo é que todos estes elementos se plasmen nun programa ou plan de prevención da corrupción.

Con esta finalidade, no exercicio 2021 realizáronse os seguintes traballos:

- *Directrices Técnicas da actuación "1612020-03 Avaliación do control interno e xestión de riscos na área de subvencións. Exercicio 2019."*

No plan anual de traballo para o ano 2020, aprobado polo Pleno do Consello de Contas, recóllese a realización, a iniciativa do propio Consello, do informe de avaliación dos sistemas de control interno e de xestión de riscos no ámbito das subvencións públicas. O documento Estratexia en materia de prevención da corrupción aprobado pola Sección de Prevención da Corrupción contempla, ademais da revisión integral do control interno das organizacións públicas, outras revisións sectoriais que afectan a áreas específicas, en especial as áreas de maior risco como contratación, xestión de persoal e subvencións. O obxecto deste diagnóstico é realizar unha avaliación das medidas que afectan ao contorno de control na xestión das subvencións públicas, do nivel de identificación de riscos polos xestores, e das medidas específicas desenvolvidas para evitar ou reducir a exposición a eses riscos. O traballo realizarase sobre unha selección de centros da Administración xeral, e completarase co seguimento das recomendacións dos informes anteriores no que afecte a esta materia.

A Comisión Técnica de Prevención da Corrupción acordou, en sesión celebrada o 5 de xullo de 2021, remitir as directrices á Sección de Prevención da Corrupción, dando por cumprido o trámite de coñecemento previo da Comisión Técnica de Prevención da Corrupción, establecido polo artigo 61 do Regulamento de réxime interior do Consello de Contas.

- *Directrices Técnicas da actuación da actuación 1632017-05. Diagnóstico sobre a implantación dos sistemas de control interno e de xestión de riscos nas sociedades mercantís do sector público autonómico, exercicio 2018.*

No plan anual de traballo para o ano 2021, aprobado polo Pleno do Consello, recóllese dentro das actuacións a desenvolver pola Área de Administración Institucional a realización, a iniciativa do propio Consello dunha diagnose sobre a implantación dos sistemas de control interno e de xestión de riscos nas sociedades mercantís do sector público autonómico. Esta actuación enmárcase dentro da previsión



legal de “solicitar información ás administracións relativa aos seus sistemas de prevención da corrupción, comprobando o idóneo deseño e implantación das políticas de integridade”.

Neste traballo, que culminará no documento “Avaliación do control interno e da xestión de riscos nas sociedades mercantís autonómicas”, realizarase unha revisión dos sistemas de control interno e políticas de integridade sobre:

- Os centros da Administración xeral con competencias horizontais de deseño e regulación desas políticas, no que respecta á relación destes centros coas sociedades mercantís do sector público autonómico da Comunidade Autónoma.
- Unha mostraxe de sociedades públicas dependentes da Xunta de Galicia na que se completará unha revisión dos sistemas de control interno e políticas de integridade co impulso e acompañamento para a realización dunha análise e avaliación de riscos e a elaboración dun plan de prevención de riscos de xestión.

A Comisión Técnica de Prevención da Corrupción acordou, en sesión celebrada o 5 de xullo de 2021, remitir as directrices á Sección de Prevención da Corrupción, dando por cumprido o trámite de coñecemento previo da Comisión Técnica de Prevención da Corrupción, establecido polo artigo 61 do Regulamento de réxime interior do Consello de Contas.

No ámbito interno a sección tomou en consideración e acordou, en sesión celebrada o 21 de outubro de 2021, remitir ao Pleno o Documento nº 6: Plan de prevención de riscos do Consello de Contas.

Este documento describe as políticas de integridade da Institución (código ético, canal de denuncias, comité de ética) e recolle unha análise dos riscos de xestión, incluídos os de corrupción, sinalando os factores que os provocan, o nivel de exposición da organización a ditos riscos e prevendo as medidas que permitan controlalos, atenualos ou, no seu caso, eliminalos.

Por outra banda, para asegurar o cumprimento do Plan de prevención, o Consello dótase dun órgano responsable da integridade e prevención.

O documento é froito da participación de todo o persoal do Consello de Contas, que a través de diferentes reunións por áreas de actividade, foron analizando os factores de risco e identificando os riscos en cada procedemento. E esta análise será continuada no tempo, de forma que a prevención de riscos se configure como un proceso suxeito a revisión periódica para que sexa operativo e perdure no tempo.

Cod. Validación: 42SHTGL7Q9265QDW5KGNMHQD | Corrección: <https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 61 a 192



III. SENSIBILIZACIÓN E CONCIENCIACIÓN (EIXE 3)

Este eixe de actuación comprende as accións de sensibilización para reforzar a implantación de mecanismos efectivos de prevención da corrupción, e as actuacións de concienciación e participación cidadá a favor da transparencia e o comportamento ético.


Neste sentido, os instrumentos de colaboración configúranse como elementos fundamentais para o establecemento dun marco xeral que garanta o desenvolvemento eficaz das novas funcións de prevención; o seguimento dos protocolos vixentes constituíu o núcleo fundamental das actuacións levadas a cabo neste ámbito no exercicio 2020.

Polo que respecta ao *Protocolo de colaboración entre a Xunta de Galicia e o Consello de Contas para a implantación e seguimento de plans de prevención de riscos da corrupción no sector público autonómico de Galicia*, a súa Comisión de seguimento reuniuse de xeito presencial en dúas ocasións, a primeira en xullo e a segunda en setembro.

Nas sesións celebradas, os representantes do Consello de Contas expuxeron aos asistentes as actuacións en materia de prevención da corrupción previstas pola institución para o exercicio 2020 e presentaron un borrador de propostas para un plan de formación neste ámbito. Así mesmo, a auditora responsable do *Informe de Avaliación da transparencia na actividade contractual das entidades instrumentais da Comunidade Autónoma galega* presentou perante a Comisión o contido deste traballo. Por último, tamén se incluíu entre os asuntos a tratar na orde do día da presentación do borrador do Programa de integridade institucional da Xunta de Galicia

No relativo ao *Protocolo de colaboración entre o Consello de Contas de Galicia e a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional para a formación e sensibilización en materia de integridade e comportamento ético*, a última sesión da Comisión de seguimento celebrouse en decembro de 2019.

Durante o exercicio 2020 abordouse, de acordo cos criterios adoptados na devandita sesión, a última fase da elaboración das unidades didácticas previstas no Protocolo (aspectos visuais, formato, maquetación, etc.). A versión final dos documentos inclúe un caderno para o alumnado e outro para o profesorado que poden ser consultado na páxina web do Consello de Contas.





APÉNDICE 3. INFORME DE ACTUACIÓNS DO COMITÉ DE ÉTICA. EXERCICIO 2021

Consello de Contas
de Galicia



INFORME DE ACTUACIÓNS DO COMITÉ DE ÉTICA EXERCICIO 2021



Cod. Validación: 42SHTGL7Q9265QDW95KGNMHQD | Corrección: <https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 63 a 192





ÍNDICE

I. PRESENTACIÓN	5
II. COMPOSICIÓN	5
III. REUNIÓN DO COMITÉ	6
IV. PRONUNCIAMENTOS DO COMITÉ DE ÉTICA	6



I. PRESENTACIÓN

O Comité de Ética do Consello de Contas de Galicia é un órgano creado no marco do seu Código ético institucional para a supervisión do cumprimento deste código e para a resolución das consultas e dos incumprimentos que se puidesen detectar no seo da Institución.

Calquera empregado do Consello ou calquera outra persoa poderá solicitar consultas sobre a aplicación do Código ético e sobre o funcionamento da canle de queixas e denuncias na dirección electrónica e realizar queixas e denuncias sobre comportamentos que se advirían no seo do Consello de Contas que supoñan o incumprimento dos valores, principios e regras recollidos no seu Código ético institucional.

A creación do Comité e a implantación da canle de queixas e denuncias como un medio que permita ter coñecemento de calquera acción ou omisión contraria aos principios de bo goberno, ademais de reforzar a xestión pública, constitúen dúas medidas clave do sistema de prevención da corrupción que todas as entidades públicas deberían adoptar.


O Comité iniciou a súa andadura coa sesión constitutiva celebrada o día 19 de febreiro de 2018. Ao longo do exercicio 2021 o Comité celebrou unha sesión.

En cumprimento das normas de funcionamento do Comité de Ética, a Secretaría do Comité elaborará un informe que recollerá todas as actuacións desenvolvidas durante o ano natural, que será elevado ao Pleno do Consello e xuntarse á memoria anual do Consello de Contas.

II. COMPOSICIÓN

O Comité está integrado por dous conselleiros ou conselleiras designados polo Pleno do Consello por un período de catro anos, un dos cales exerce a presidencia; pola persoa que exerce a presidencia da Comisión Técnica de Prevención da Corrupción do Consello de Contas; e por dúas persoas de experiencia, competencia e prestixio profesional contrastado en materias relacionadas coa ética, o dereito ou a gobernanza de organizacións tanto do sector público como do privado, designadas polo Pleno do Consello de Contas polo mesmo período de catro anos. Na sesión celebrada en 2021, o Comité estaba formado polos seguintes membros:

- Dona Ana María Otero López. Conselleira da Área do Sergas.
- Don Simón Rego Vilar. Conselleiro da Área de Institucional.
- Don Luís Míguez Macho. Catedrático de Dereito Administrativo da Universidade de Santiago de Compostela.
- Dona Sonia Esperanza Rodríguez Boente. Profesora contratada-doutora de Filosofía do Dereito da Universidade de Santiago de Compostela.



- Don José Manuel Pumares Besteiro, auditor da Área de Corporacións Locais.

III. REUNIÓN DO COMITÉ

Durante o exercicio 2021 o Comité celebrou unha reunión, nas que se trataron os seguintes asuntos:

Reunión do 28.04.2021

- Toma de coñecemento do nomeamento de novos membros.
- Presentación do Informe de actuacións do Comité, exercicio 2020.


IV. PRONUNCIAMENTOS DO COMITÉ DE ÉTICA

A. TRAMITACIÓN DE QUEIXAS OU DENUNCIAS PRESENTADAS

No exercicio 2021 non se presentaron queixas ou denuncias sobre posibles incumprimentos dos valores, principios ou condutas recollidos no Código Ético Institucional, polo que non houbo ningún pronunciamento do Comité sobre este tipo de condutas.

B. TRAMITACIÓN DE CONSULTAS PRESENTADAS

No exercicio 2021 non se presentaron consultas polo que non houbo ningún pronunciamento do Comité.



APÉNDICE 4: INFORMACIÓN SOBRE O SEGUIMIENTO DE RECOMENDACIÓNS. EXERCICIOS 2012 A 2019



INFORMACIÓN SOBRE O SEGUIMIENTO DE RECOMENDACIÓNS

[Artº 50.1.i) RRI CContas]

EXERCICIOS 2012 A 2019

[Expediente 773/2021]



ÍNDICE

I. INTRODUCCIÓN	13
I.1. ASPECTOS LEGAIS	13
II. METODOLOXÍA	13
II.1. ÁMBITO DO TRABALLO	14
II.2. OBXECTIVOS	14
II.3. RECOMENDACIÓNS OBXECTO DE SEGUIMENTO	14
II.4. DESENVOLVEMENTO DO TRABALLO	14
II.5. CRITERIOS DE AVALIACIÓN DAS CONTESTACIÓNS ÁS RECOMENDACIÓNS	15
III. LIMITACIÓNS DAS ACTUACIÓNS	16
IV. TRATAMENTO DAS CONTESTACIÓNS	17
V. CONCLUSIÓNS	17
VI. RESULTADOS DO TRABALLO	21
VI.1. ANÁLISE SEGUNDO AS ENTIDADES FISCALIZADAS	21
VI.2. ANÁLISE SEGUNDO A AVALIACIÓN DO CONSELLO DE CONTAS	24
VII. ANEXOS	33





ÍNDICE DE ANEXOS


Anexo 1: Resultados do traballo. Ánalse do seguimento das recomendacións	35
Anexo 2: Estatística das recomendacións vixentes e grao de aplicación	97
Anexo 3: Cadro resumo das recomendacións vixentes e grao de aplicación	99
Anexo 4: Cadro comparativo das contestacións ás recomendacións e a súa avaliación	109





ÍNDICE DE CADROS

Cadro 1: Recomendacións obxecto de seguimento sector público autonómico	21
Cadro 2: Grao aceptación recomendacións sector público autonómico segundo os xestores	22
Cadro 3: Grao de cumprimento recomendacións sector público autonómico segundo os xestores	23
Cadro 4: Grao de cumprimento recomendacións sector público autonómico segundo o Consello de Contas	25
Cadro 5: Grao de cumprimento recomendacións sector público autonómico Ex. 2019-2018.....	29



ÍNDICE DE GRÁFICOS.

Gráfico 1. Sector público autonómico. Recomendacións totais por informes de fiscalización. Ex. 2019.	22
Gráfico 2. Sector público autonómico. Recomendacións totais. Grao de aceptación segundo as entidades fiscalizadas. Ex. 2019.	23
Gráfico 3. Sector público autonómico. Grao de aplicación recomendacións totais segundo as entidades fiscalizadas. Ex. 2019.	24
Gráfico 4. Sector público autonómico. Grao de aplicación das recomendacións. Ex. 2019.	25
Gráfico 5. Sector público autonómico. Porcentaxe de aplicación das recomendacións segundo a avaliación do Consello de Contas. Ex. 2019.	26
Gráfico 6. Grao de aplicación recomendacións Conta Xeral da C.A. Ex. 2019.	27
Gráfico 7. Grao de aplicación recomendacións FFCL. Ex. 2019.	28
Gráfico 8. Sector público autonómico Grao de aplicación das recomendacións Informes recorrentes. Ex. 2019 -2018. ..	29



ABREVIATURAS

AC	Avaliación do Consello de Contas
ATRIGA	Axencia tributaria de Galicia
C	Contestacións
C.A.	Comunidade Autónoma
CCAA	Comunidades Autónomas
CAPD	Centro de atención a persoas maiores e dependentes
CE	Comunidade Europea
DX	Dirección Xeral
EOXI	Estrutura orgánica de xestión integrada
ESI	Fondos de inversión europeos
EUROSTAT	Oficina europea de estatística
FEDER	Fondo europeo de desenvolvemento rexional
FFCI	Fondos de compensación interterritorial
FFEE	Fondos europeos
FOGGA	Fondo galego de garantía agraria
FSE	Fondo social europeo
I+D+I	Investigación+desenvolvemento+innovación
IGAE	Intervención Xeral da Administración do Estado
IXCA	Intervención Xeral da Comunidade Autónoma
LCCG	Lei do Consello de Contas de Galicia
LOEOSF	Lei orgánica de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira
LOFAXGA	Lei de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público de Galicia
MCA	Marco comunitario de apoio
N/A	Non aplicable
OI	Organismo intermedio
OOAA	Organismos autónomos
P.O.	Programa Operativo
POPE	Programa Plurirrexional de España
PYME	Pequena e mediana empresa
R	Recomendación
RUEPSS	Rexistro único de entidades prestadoras de servizos sociais
SEC-2010	Sistema europeo de contas 2010
SER GAS	Servicio galego de saúde
TRLFOG	Texto refundido la lei financeira e orzamentaria de Galicia
UE	Unión Europea
XUMCO	Sistema de información de xestión unificada e mecanizada da contabilidade





I. INTRODUCCIÓN

O Pleno do Consello de Contas, por acordo do 8 de abril de 2022, aprobou o programa anual de traballo para o ano 2022 correspondente á fiscalización do exercicio 2020, no que se contempla a realización do seguimento das recomendacións formuladas como consecuencia das fiscalizacións dos exercicios 2012 ao 2019.

I.1. ASPECTOS LEGAIS

O artigo 51 da Resolución do 27 de febreiro de 2017 pola que se dispón a publicación do Regulamento de réxime interior do Consello de Contas de Galicia establece que o Consello propondrá nos seus informes as medidas que estime que deben adoptarse para a mellor xestión económico-administrativa do sector público, así como aquelas outras máis idóneas para lograr un control máis eficaz deste.

Pola súa parte, o artigo 50.1 do mesmo texto xurídico establece que a Memoria anual comprenderá un balance das actuacións practicadas polo Consello de Contas e un resumo da súa actividade e organización, e xuntaráselle a seguinte documentación.

"...

i) A información sobre o seguimento das recomendacións realizadas en informes de fiscalización anteriores.

..."

As recomendacións contidas nos informes de fiscalización pretenden a mellora dos sistemas, operacións, xestións e prácticas levadas a cabo polas entidades obxecto de exame.

As recomendacións son unha consecuencia das fiscalizacións e o Consello de Contas considera que o seu cumprimento por parte das entidades fiscalizadas implica unha mellora da xestión dos recursos públicos. Ademais, ao non ser vinculantes, o seu cumprimento manifesta que a entidade fiscalizada ten unha expresa vontade de mellorar a xestión e un compromiso coa transparencia.

Segundo as normas internacionais de auditoría, o seguimento dos informes de fiscalización constitúe a última fase do ciclo de planificación, execución e seguimento das auditorías de cumprimento.

Na realización deste traballo tívose en conta a metodoloxía que aplica o Tribunal de Contas Europeo, referido a fiscalizacións especiais.



Cod. Validación: 42SHTGL7Q9265QDW95KGNMHQD | Corrección: https://consellocontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 81 a 192



II. METODOLOXÍA

II.1. ÁMBITO DO TRABALLO

O traballo a realizar comprende aos informes de fiscalización emitidos polo Consello de Contas de Galicia respecto dos exercicios 2012 ao 2019, do Sector Público autonómico, que son realizados de forma periódica, polo que a verificación do grao de implantación das recomendacións formuladas nos informes de fiscalización dos ditos exercicios levarase a cabo na fiscalización do exercicio inmediato seguinte.

II.2. OBXECTIVOS

O traballo ten como obxectivo principal avaliar o impacto dos informes de fiscalización sobre a mellora das prácticas de xestión da Administración da Comunidade Autónoma e as entidades e organismos dela dependentes a través da avaliación da aplicación das recomendacións formuladas polo Consello de Contas nos seus informes de fiscalización de realización anual.

Este seguimento das recomendacións ten como referencia para a análise as contestacións remitidas polas entidades suxeitas a este control. Non se trata dun informe de fiscalización, senón que xurde como consecuencia das fiscalizacións realizadas en anos anteriores.

II.3. RECOMENDACIÓNS OBXECTO DE SEGUIMENTO

As recomendacións obxecto de seguimento están contidas nos seguintes informes de fiscalización:

INFORMES RECORRENTES DO SECTOR PÚBLICO AUTONÓMICO

1. Informe de fiscalización da Conta Xeral da Comunidade Autónoma. Exercicios 2012 a 2019
2. Fiscalización dos Fondos de Compensación Interterritorial. Exercicios 2012 a 2019
3. Fiscalización dos Fondos procedentes da Unión Europea. Exercicios 2012 a 2019.
4. Fiscalización da Conta Xeral do Servicio Galego de Saúde. Exercicios 2012 a 2019
5. Informe económico financeiro sobre as Entidades Públicas Instrumentais. Exercicios 2012 a 2019.

INFORMES NON RECORRENTES DO SECTOR PÚBLICO AUTONÓMICO

6. Informe de Fiscalización da tesouraría da Administración Xeral. Exercicios 2014 a 2016
7. Informe de Fiscalización do procedemento de xestión do inventario de bens do SERGAS. Exercicios 2014 a 2016
8. Informe de Fiscalización da responsabilidade patrimonial do SERGAS. Exercicio 2017





9. Informe de Fiscalización do concerto co hospital POVISA
10. Informe de fiscalización dos procesos de extinción de entidades dependentes da CAG. Exercicios 2010-2016
11. Informe de seguimento da fiscalización do endebedamento autonómico Exercicios 2013-2017
12. Informe de fiscalización dos gastos en bens correntes e servizos na Administración Xeral da Comunidade Autónoma. Exercicio 2017
13. Informe de fiscalización do Plan de Asistencia ao Ictus. Exercicios 2017-2018
14. Informe de fiscalización da execución da contratación do SERGAS Exercicios 2012 ao 2017
15. Informe de fiscalización do programa 131A de Administración de Xustiza Exercicios 2014-2019
16. Informe de fiscalización de gastos de persoal da Administración Xeral Exercicios 2014-2019

II.4. DESENVOLVEMENTO DO TRABALLO

A área de Coordinación Xeral é responsable de levar a cabo a coordinación dos traballos, e emitir o correspondente informe.

O traballo foi realizado de xeito transversal, é dicir, cada unha das áreas del Consello é a responsable da emisión dos informes que conteñen as recomendacións formuladas no seu momento, e levou a cabo o seguimento e a avaliación da coherencia das contestacións achegadas polas entidades fiscalizadas para a súa posterior clasificación, sen que forme parte do alcance do traballo realizar as probas de auditoría que foran pertinentes, proporcionando á Area de Coordinación Xeral os resultados das correspondentes avaliacións.

Cos resultados acadados, a Area de Coordinación Xeral elaborou o presente informe.

Para a consecución dos obxectivos formulados desenvolveuse o traballo conforme ás seguintes fases:

1. Listaxe de recomendacións. Elaboración dunha relación das recomendacións que figuran nos correspondentes informes de fiscalización do Consello de Contas. Clasificación das recomendacións por exercicio, tipo de entidade e tipo de recomendación.
2. Traballo de campo. Obtención de información actualizada do seu grao de aceptación e implantación, que se requirirá dos diferentes órganos xestores afectados, a través da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma (IXCA).
3. Análise e avaliación das contestacións. Realización da avaliación dos datos, informacións e explicacións ofrecidas pola IXCA e demais entidades concernidas, sobre a coherencia



das súas contestacións para a súa posterior clasificación, coa colaboración das áreas responsables dos informes de fiscalización a que corresponden as recomendacións.

4. Redacción do informe
5. Aprobación do informe

Dada a natureza deste seguimento de recomendacións, o informe non será sometido a trámite de alegacións.

II.5. CRITERIOS DE AVALIACIÓN DAS CONTESTACIÓNS ÁS RECOMENDACIÓNS

Na análise das contestacións formuladas pola IXCA e as demais entidades concernidas no obxecto do traballo, o Consello aplicou os seguintes criterios:

1. Recomendación total ou substancialmente aplicada.

Considérase que a recomendación foi total ou substancialmente aceptada cando a entidade adoptou, no seu ámbito de competencias, as medidas correctoras suficientes e proporcionadas para valorar que a recomendación foi atendida e non quedou pendente de resolución ningunha cuestión de importancia significativa. Neste caso a recomendación considerase cumprida.


2. Recomendación parcialmente aplicada

Cando a entidade obxecto de control tomou en consideración as recomendacións e comezou a realizar actuacións dirixidas a corrixir as deficiencias, debilidades ou insuficiencias que se puxeran de manifesto, nunha parte delas ou nalgúns aspectos, sen completar a súa execución. Neste caso considerárase a recomendación parcialmente cumprida polo que se manterá a recomendación axustándoa ou reformulándoa no caso que sexa procedente.

3. Recomendación non aplicada

Considerárase que a recomendación non foi aplicada cando a entidade obxecto de control non ten realizado as actuacións dirixidas a corrixir as deficiencias, debilidades ou insuficiencias que se puxeran de manifesto, ou ben o tivera feito de xeito insuficiente o inadecuado de xeito que a recomendación segue sen aplicarse. Atendendo á diferente casuística que se produce, e sen prexuízo doutros casos que poidan considerarse, pódense distinguir, cando menos, as subcategorías seguintes.

3.1. Non aceptada, non compartida. Se a entidade obxecto de control non a ten tomado en consideración por discrepar coa recomendación efectuada polo Consello de Contas no seu informe de fiscalización.





3.2. Non contestada. Recomendacións sobre as que a entidade obxecto de control, en función da súa resposta ao seguimento efectuado, non se ten pronunciado nin expresa nin tanxencialmente, é dicir, non contestou ao seguimento efectuado individualmente da recomendación, ou o ten feito de xeito xenérico, poñendo de manifesto as medidas levadas a cabo pero sen vencellalas a unha recomendación concreta.

3.3. Aceptada. Pendente de aplicar. Se a entidade obxecto de control ten tomado en consideración a recomendación, mesmo reconece a súa pertinencia e está de acordo co seu contido, malia non habela aplicado. Tamén terá esta cualificación cando aínda que se teñen realizado actuacións foron levadas a cabo de xeito insuficiente ou incompleto. Enténdese que a recomendación sendo aceptada e compartida atópase pendente de aplicación.

3.4. Aceptada. En proceso de aplicación. Cando a entidade obxecto de control acepta a recomendación estando a levar a cabo actuacións que permiten considerar que está en proceso de aplicación.

4. Non válida no marco actual

Recomendacións que, aínda que válidas e pertinentes cando se emitiu o informe e para o exercicio fiscalizado, e aínda sendo aceptadas e recoñecidas pola entidade obxecto de control, non poden aplicarse no contexto actual, ao non darse as circunstancias que o permitan ou a mesma casuística que entón, é dicir, non se dan no momento actual os supostos dos feitos en función dos cales efectuouse a recomendación no pasado.

5. Non verificada

Recomendacións que, aínda que aceptadas ou mesmo aplicadas e corrixidas pola entidade obxecto de control, necesitarían obrigatoriamente dalgunha proba adicional para contrastar o manifestado pola entidade fiscalizada que excede o alcance previsto no traballo, ou ben o xeito de poder esclarecer as dúbidas xeradas pola contestación recibida ao seguimento realizado.


As recomendacións que non foron contestadas foron consideradas como non asumidas polo ente fiscalizado.

III. LIMITACIÓNS DAS ACTUACIÓNS

No desenvolvemento deste traballo non se puxeron de manifesto limitacións ao alcance.

IV. TRATAMENTO DAS CONTESTACIÓNS

De conformidade coa metodoloxía establecida no apartado II.4 deste informe, o Consello de Contas elaborou a listaxe de recomendacións que serían obxecto de seguimento e a remitiu á IXCA



Cod. Validación: 42SHTGL7Q9265QDW5KGNMHQD | Corrección: <https://consellocontasgalicia.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 85 a 192



no mes de decembro de 2021, concedendo un prazo que rematou o 15 de marzo de 2022, para que tanto a IXCA como as demais entidades concernidas polas recomendacións formulasen todas aquelas contestacións que en relación co seguimento das mesmas tiveran oportuno.

As contestacións ás recomendacións foron formuladas pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, a Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos, a Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos, a Dirección Xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos, a Dirección Xeral de Recursos Económicos do SERGAS, a Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa, A Dirección da Axencia Tributaria de Galicia, a Dirección Xeral da Función Pública, a Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio, a Subdirección Xeral de Xestión Económico-Patrimonial das Entidades Instrumentais do Sector Público Autonómico, a Secretaría Xeral Técnica da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, a Dirección Xeral de Recursos Económicos do SERGAS, o Servicio Técnico Xurídico II do SERGAS, a Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria e a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.

Estas entidades ofreceron os datos e explicacións das actuacións que se están a desenvolver para o cumprimento da recomendacións formuladas nos correspondentes informes de fiscalización. Estes datos e manifestacións avaliáronse co obxecto de determinar se as recomendacións foron admitidas, puxéronse en marcha as medidas ou mecanismos para solucionar as irregularidades ou deficiencias comunicadas ou si manifestan a súa disposición para solucionarlas no futuro.

Ao terse realizado o seguimento das recomendacións sobre a base das manifestacións realizadas polas entidades afectadas, a análise centrouse na valoración da coherencia das súas contestacións para a súa clasificación posterior, sen que formen parte do traballo a realización das probas substantivas de auditoría que sexan pertinentes.

Cando se considera que é necesario efectuar algunha proba adicional de comprobación, que excede o alcance previsto neste traballo, indícase, ao respecto da recomendación de que se trate, "non verificada", debendo ser analizada na forma e tempo oportunos, manténdose vixente o texto da recomendación.

Na avaliación da contestación realizada pola entidade afectada pode que o manifestado non se corresponda cos feitos que realmente se constatan nas fiscalizacións que periodicamente se efectúan e outras que se estean levando a cabo. Por ese motivo, os resultados deste traballo non condicionan os derivados de futuras fiscalizacións, nas que poderanse acadar conclusións diferentes das contidas aquí.

O texto das recomendacións e as contestacións ás mesmas, así como o nome da entidade que as formula, as consideracións e explicacións e as actuacións realizadas ou propostas, órgano responsable e prazo de implantación, figuran detalladas no Anexo 1 deste informe.





No Anexo 2 figura un cadro coa estatística das recomendacións vixentes e o seu grao de aplicación segundo a avaliación efectuada polo Consello de Contas. No Anexo 3 detállanse nun cadro cada unha das recomendacións, a cualificación das entidades fiscalizadas e a avaliación do Consello de Contas. Finalmente, no Anexo 4 figura un cadro comparativo das contestacións ás recomendacións e a súa avaliación, clasificadas por informes de fiscalización.

V. CONCLUSIONES

As 91 recomendacións analizadas foron contestadas polas entidades comprendidas no ámbito de aplicación dos dezaseis informes de fiscalización correspondentes ao período 2012-2019, que son obxecto de avaliación.

Un total de 14 recomendacións, que supoñen aproximadamente un 15,4%, non foron aceptadas polas entidades suxeitas a control, das cales unha considerouse non válida no marco actual.

Das 77 aceptadas, 20 estaban parcialmente aplicadas (un 22% do total), 14 en proceso de aplicación (un 15,4% do total), 32 estaban pendentes de aplicar (o 35% do total) e 11 (un 12% do total) precisarían da realización de probas adicionais de comprobación para contrastar o manifestado, polo que serán obxecto dunha avaliación posterior.

Respecto ao exercicio anterior, no que efectuouse un seguimento de 96 alegacións, que é un número semellante ao actual, o que permite realizar comparacións cun razoable grao de homoxeneidade, destaca:

- A importante redución do número de recomendacións non aceptadas polos órganos xestores, como consecuencia dunha mellor comunicación para realizar un seguimento máis detallado de cada unha das recomendacións clarexando as dúbidas que, de ser o caso, concorreran nos correspondentes supostos, co obxecto de que as recomendacións foran mellor comprendidas e compartidas por eles.
- importante incremento das recomendacións parcialmente aplicadas que, atopándose en proceso de aplicación ou pendentes de aplicación, rexistraron actuacións tendentes á súa completa implantación, téndose constatado importantes avances.
- número de recomendacións que se retiran por terse constatado o seu axeitado cumprimento é semellante ao número de recomendacións novas que se formulan, como consecuencia da seguinte anualidade de fiscalización.
- Mentres que o número de recomendacións pendentes de aplicar é semellante nas dúas anualidades, rexístrase un importante avance no número de recomendacións en proceso de aplicación por terse apreciado a posta en marcha das medidas tendentes a dar cumprimento ao recomendado polo Consello de Contas.



- Incrementábase tamén o número de recomendacións das que cómpre a realización de probas adicionais de comprobación, co obxecto de acadar unha avaliación máis axeitada. Esas probas deberán realizarse con ocasión dun traballo específico de fiscalización. Estas recomendacións que non puideron ser verificadas nesta actuación estatística, afectaron a cinco dos informes de fiscalización non recorrentes.
- Se nos fixamos soamente nos datos dos cinco informes recorrentes (53 recomendacións en 2019 e 51 recomendacións en 2018), a avaliación é parella, aínda que téñense rexistrado avances no cumprimento das recomendacións por parte dos xestores.
- máis destacable en sentido positivo é o notable incremento das recomendacións que se avaliaron como parcialmente cumpridas, téndose apreciado que os xestores realizaron claras actuacións de impulso cara ao cumprimento total das recomendacións formuladas.
- Hai que ter en conta que o cumprimento dalgunhas recomendacións esixe importantes cambios nos procedementos e mesmo precisan da aprobación de instrumentos normativos que requiren de prazos superiores aos daquelas actuacións máis sinxelas e que poden ser máis inmediatas. Neste sentido, as recomendacións máis sinxelas son aplicadas diligentemente polos xestores pero as máis relevantes precisan de recursos máis importantes para a súa completa implantación.

O número de recomendacións que o Consello considera correcta e completamente aplicadas é aínda moi escaso, polo que, tendo en conta o que antecede, á vista dos resultados da avaliación das contestacións das entidades obxecto de seguimento, o Consello de Contas considera que son apreciables os avances producidos respecto do ano anterior, pero aínda é insuficiente o grao acadado no cumprimento das recomendacións. En consecuencia, insta ás entidades fiscalizadas a mellorar a súa posta en práctica co obxectivo xeral de incrementar a calidade da xestión pública.





VI. RESULTADOS DO TRABALLO

VI.1. ANÁLISE SEGUNDO AS ENTIDADES FISCALIZADAS

Analizáronse 91 recomendacións contidas nos dezaseis informes de fiscalización obxecto de seguimento.


Cadro 1: Recomendacións obxecto de seguimento sector público autonómico

Nº	Informes de fiscalización Exercicios 2012 ao 2019	Número de recomendacións obxecto de seguimento
1	Conta Xeral da Comunidade Autónoma. Exercicio 2019	12
2	Fondos de Compensación Interterritorial. Exercicio 2019	10
3	Fondos procedentes da Unión Europea. Exercicio 2019	4
4	Fiscalización da Conta Xeral do Servizo Galego de Saúde. Exercicio 2019	14
5	Fiscalización da actividade económica das Entidades Públicas Instrumentais. Exercicio 2019	13
	FISCALIZACIÓNS RECORRENTES	53
6	Fiscalización da tesouraría da Administración Xeral. Ex. 2014-2016	3
7	Fiscalización do procedemento de xestión do inventario de bens do SERGAS. Ex. 2014-2016	3
8	Fiscalización da responsabilidade patrimonial do SERGAS. Ex. 2017	6
9	Fiscalización do concerto co hospital POVISA.	1
10	Procesos de extinción de entidades dependentes da C.A de Galicia. Ex. 2010-2016	4
11	Fiscalización do endebedamento autonómico. Ex. 2013-2017	1
12	Fiscalización dos gastos en bens correntes e servizos na Admón. Xeral da C.A. Ex. 2017	3
13	Fiscalización do Plan de Asistencia ao Ictus. Ex. 2017-2018	4
14	Fiscalización da execución da contratación do SERGAS Exercicios 2012 ao 2017	3
15	Fiscalización do programa 131A de Administración de Xustiza Exercicios 2014-2019	2
16	Fiscalización de gastos de persoal da Administración Xeral Exercicios 2014-2019	8
	FISCALIZACIÓNS NON RECORRENTES	38
Total fiscalizacións		91

As 91 recomendacións analizadas foron contestadas polos órganos concernidos nos correspondentes informes de fiscalización.



Gráfico 1. Sector público autonómico. Recomendacións totais por informes de fiscalización. Ex. 2019.



No cadro seguinte detállase o grao de aceptación das recomendacións segundo o criterio das entidades obxecto de seguimento.

Cadro 2: Grao aceptación recomendacións sector público autonómico segundo os xestores


Nº	Informes de fiscalización Ejercicios 2012 ao 2019	Número de recomendacións obxecto de seguimento	Contestacións		
			Non aceptadas	Aceptadas	Non contestadas
1	Conta Xeral da Comunidade Autónoma	12	3	9	0
2	Fondos de Compensación Interterritorial	10	0	10	0
3	Fondos procedentes da Unión Europea.	4	1	3	0
4	Conta Xeral do SERGAS	14	4	10	0
5	Actividade económica das Entidades Públicas Instrumentais	13	0	13	0
FISCALIZACIÓNS RECORRENTES		53	8	45	0
6	Tesouraría da Administración Xeral	3	0	3	0
7	Procedemento de xestión do inventario de bens do SERGAS	3	0	3	0
8	Responsabilidade patrimonial do SERGAS	6	2	4	0
9	Concerto co hospital POVISA	1	0	1	0
10	Procesos extinción de entidades dependentes da C.A de Galicia	4	1	3	0
11	Endebemento autonómico	1	0	1	0
12	Gastos en bens correntes e servizos na Admón. Xeral da C.A.	3	2	1	0
13	Plan de Asistencia ao Ictus	4	0	4	0
14	Execución da contratación do SERGAS Exercicios 2012 ao 2017	3	0	3	0
15	Programa 131A de Administración de Xustiza Ex.2014-2019	2	0	2	0
16	Gastos de persoal da Administración Xeral Ex.2014-2019	8	1	7	0
FISCALIZACIÓNS NON RECORRENTES		38	6	32	0
TOTAL FISCALIZACIÓNS		91	14	77	0





Segundo os seus propios datos, as entidades fiscalizadas aceptaron 77 recomendacións e non aceptaron 14.

Gráfico 2. Sector público autonómico. Recomendacións totais. Grao de aceptación segundo as entidades fiscalizadas. Ex. 2019.



Cadro 3: Grao de cumprimento recomendacións sector público autonómico segundo os xestores

Nº	Informes de fiscalización exercicios 2012 ao 2019	Número de recomendacións obxecto de seguimento	Grao aplicación segundo os xestores				
			Non aceptadas non aplicadas	Aceptadas			
				Aplicadas	Aplicadas parcialmente	En proceso de aplicación	Pendentes de aplicar
1	Conta Xeral da Comunidade Autónoma	12	3	5	0	0	4
2	Fondos de Compensación Interterritorial	10	0	4	0	4	2
3	Fondos procedentes da Unión Europea.	4	1	0	0	2	1
4	Conta Xeral do Servizo Galego de Saúde.	14	4	4	2	3	1
5	Actividade económica Entidades Públicas Instrumentais	13	0	0	2	4	7
FISCALIZACIÓNS RECORRENTES		53	8	13	4	13	15
6	Tesouraría da Administración Xeral	3	0	0	0	1	2
7	Procedemento xestión inventario bens SERGAS	3	0	0	0	2	1
8	Responsabilidade patrimonial do SERGAS	6	2	3	0	0	1
9	Concerto co hospital POVISA	1	0	0	0	0	1
10	Procesos de extinción de entidades dependentes da C.A de Galicia	4	1	0	1	1	1
11	Endebamento autonómico	1	0	0	0	1	0
12	Gastos en bens correntes e servizos na Admón. Xeral da C.A.	3	2	1	0	0	0
13	Plan de Asistencia ao Ictus	4	0	2	0	2	0
14	Execución da contratación do SERGAS Exercicios 2012 ao 2017	3	0	3	0	0	0
15	Programa 131A de Administración de Xustiza Exercicios 2014-2019	2	0	1	0	1	0
16	Gastos de persoal da Administración Xeral Exercicios 2014-2019	8	1	0	0	7	0
FISCALIZACIÓNS NON RECORRENTES		38	6	10	1	15	6
TOTAL FISCALIZACIÓNS		91	14	23	5	28	21




Cod. Validación: 42SHTGL709265QDWP5KGNMHQD | Corrección: <https://consellocontasgalicia.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 91 a 192



Das 91 recomendacións obxecto de seguimento, os órganos xestores manifestaron aceptar 77. Das aceptadas comunicaron que 23 as aplicaron na súa totalidade, 5 as teñen parcialmente aplicadas, atopándose 28 en proceso de aplicación e 21 pendentes de aplicar. Non aceptaron aplicar 14 recomendacións.

Gráfico 3. Sector público autonómico. Grao de aplicación recomendacións totais segundo as entidades fiscalizadas. Ex. 2019.



VI.2. ANÁLISE SEGUNDO A AVALIACIÓN DO CONSELLO DE CONTAS

Neste informe e de agora en adiante, no ámbito do sector público autonómico, realizarase unha análise detallada aplicando os criterios de avaliación do Consello de Contas sobre as contestacións realizadas polas entidades obxecto de control.

Unha vez examinadas as contestacións efectuadas polas entidades fiscalizadas, o Consello de Contas levou a cabo a avaliación da coherencia e a razoabilidade das mesmas, tendo en conta a experiencia dos auditores nos correspondentes informes de fiscalización, téndose acadado os seguintes resultados:



Cadro 4: Grao de cumprimento recomendacións sector público autonómico segundo o Consello de Contas


Nº	Informes de fiscalización Ex. 2012 ao 2019	Número recomendacións obxecto de seguimento	Grao de aplicación segundo o Consello de Contas						
			Non aceptadas Non aplicadas	Non válidas no marco actual. Non aplicadas	Aceptadas				
					Aplicadas	Aplicadas Parcialm.	En proceso de aplicación	Pendientes de aplicar	(*) Non verificadas
1	Conta Xeral da Comunidade Autónoma	12	4	0	0	3	0	5	0
2	Fondos de Compensación Interterritorial	10	0	0	0	2	5	3	0
3	Fondos procedentes da Unión Europea.	4	1	0	0	0	3	0	0
4	Conta Xeral do SERGAS	14	3	1	0	4	1	5	0
5	Entidades Públicas Dependentes	13	0	0	0	5	0	8	0
6	Tesouraría da Administración Xeral	3	0	0	0	0	0	3	0
7	Procedemento de xestión do inventario de bens do SERGAS	3	0	0	0	1	0	2	0
8	Responsabilidade patrimonial do SERGAS	6	2	0	0	0	0	1	3
9	Concerto co hospital POVISA	1	0	0	0	0	0	1	0
10	Procesos extinción entidades dependentes da C.A de Galicia	4	0	0	0	0	0	1	3
11	Endebemento autonómico	1	0	0	0	0	1	0	0
12	Gastos en bens correntes e servizos na Admón. Xeral da C.A.	3	2	0	0	0	0	0	1
13	Plan de Asistencia ao Ictus	4	0	0	0	1	0	1	2
14	Execución da contratación do SERGAS Exercicios 2012 ao 2017	3	0	0	0	3	0	0	0
15	Programa 131A de Administración de Xustiza Exercicios 2014-2019	2	0	0	0	0	0	0	0
16	Gastos de persoal da Administración Xeral Exercicios 2014-2019	8	1	0	0	1	4	2	0
Total		91	13	1	0	20	14	32	

Das 91 recomendacións analizadas, o Consello de Contas apreciou que 77 foron aceptadas e aplicadas en distintos graos: parcialmente 20, (22%); e en proceso de aplicación 14, (15,4%), quedando tomadas en consideración pero pendentes de aplicar 32, (35,2%). Na avaliación realizada polo Consello, evidenciáronse 11 contestacións que precisarían da realización dalgúna proba adicional para contrastar o manifestado, polo que considéranse como non verificadas e serán obxecto dunha avaliación posterior.

Non foron aplicadas por non ter sido aceptadas polas entidades fiscalizadas un total de 13, (14,3% do total das recomendacións). Así mesmo, púxose de manifesto que, despois das análises realizadas, unha recomendación que fora proposta avaliouuse como non válida no marco actual.




Gráfico 4. Sector público autonómico. Grao de aplicación das recomendacións. Ex. 2019.



Seguidamente detállanse as porcentaxes que representan sobre as 91 recomendacións analizadas, as distintas cualificacións do grao de aceptación e de cumprimento segundo a avaliación do Consello de Contas.

Gráfico 5. Sector público autonómico. Porcentaxe de aplicación das recomendacións segundo a avaliación do Consello de Contas. Ex. 2019.






VI.2.1. ANÁLISE DETALLADA POR INFORMES DE FISCALIZACIÓN SECTOR PÚBLICO AUTONÓMICO

A) INFORMES RECORRENTES

Informe de fiscalización da Conta Xeral da Comunidade Autónoma. Exercicios 2012 ao 2019.

Segundo a avaliación das contestacións ás recomendacións formuladas nestes informes de fiscalización, das 12 recomendacións formuladas, 4 non foron aplicadas por non ser aceptadas pola entidade fiscalizada, 3 avaliáronse como parcialmente aplicadas e outras 5 foron aceptadas e tidas en consideración, pero estaban pendentes de aplicar.

Gráfico 6. Grao de aplicación recomendacións Conta Xeral da C.A. Ex. 2019.




Informe de fiscalización dos Fondos de Compensación Interterritorial. Exercicios 2012 ao 2019.

Das 10 recomendacións formuladas 2 estaban parcialmente aplicadas, 5 atopábanse en proceso de aplicación, quedando outras 3 pendentes de aplicar.



Gráfico 7. Grao de aplicación recomendacións FFCL. Ex. 2019.



Informe de fiscalización dos Fondos procedentes da Unión Europea. Exercicios 2012 ao 2019.


Segundo o criterio do Consello de Contas das 4 recomendacións formuladas 3 atópanse actualmente en proceso de aplicación e unha non foi aceptada.

Informe de fiscalización da Conta Xeral do Servicio Galego de Saúde. Exercicios 2012 ao 2019.

Das 14 recomendacións formuladas, 3 non foron aceptadas polo órgano xestor, 4 avaliáronse como parcialmente aplicadas, unha estaba en proceso de aplicación, 5 atopábanse pendentes de aplicar e unha considerouse como non válida no marco xurídico actual.

Informe de fiscalización da actividade económica das entidades públicas instrumentais. Exercicios 2012 ao 2019.

Das 13 recomendacións formuladas, 8 avaliáronse como pendentes de aplicación e 5 consideráronse parcialmente aplicadas.






B) ANÁLISE COMPARATIVA DOS INFORMES DE FISCALIZACIÓN RECORRENTES. RECOMENDACIÓNS EXERCICIOS 2018 e 2019.

Para apreciar o grao de aplicación das recomendacións efectuadas nos informes correspondente aos exercicios 2018 e 2019, e levar a cabo unha análise comparativa, no cadro seguinte detállanse os datos obtidos na avaliación dos informes recorrentes.

Cadro 5: Grao de cumprimento recomendacións sector público autonómico Ex. 2019-2018

Grao aplicación recomendacións	Ex. 2019	Ex. 2018
Aceptada. Aplicada	0	4
Aceptada. Parcialmente aplicada	14	9
Aceptada. En proceso de aplicación	9	11
Aceptada. Pendente de aplicar	21	21
Non aceptada. Non aplicada	8	6
Non válida no marco actual. Non aplicada	1	0
Total	53	51

Gráfico 8. Sector público autonómico Grao de aplicación das recomendacións Informes recorrentes. Ex. 2019 - 2018.



O número de recomendacións vixentes nos dous exercicios obxecto de comparación permite efectuar unha análise cun grao de homoxeneidade axeitada para derivar algunhas conclusións.

Os resultados da avaliación son semellantes aos do ano anterior, aínda que téñense rexistrado avances no cumprimento das recomendacións por parte dos xestores.

O máis destacable en sentido positivo é o importante incremento das recomendacións que se avaliaron como parcialmente cumpridas, téndose apreciado que os xestores realizaron claras actuacións de impulso cara ao cumprimento total das recomendacións formuladas.

Hai que ter en conta que o cumprimento dalgunhas recomendacións esixe importantes cambios nos procedementos e mesmo precisan da aprobación de instrumentos normativos que requiren de prazos superiores aos daquelas actuacións máis sinxelas e que poden ser máis inmediatas. Neste



sentido, as recomendacións máis sinxelas son aplicadas diligentemente polos xestores pero as máis relevantes precisan de recursos máis importantes para a súa completa implantación.

C) INFORMES NON RECORRENTES

Informe de fiscalización da tesouraría da Administración Xeral. Exercicios 2014 ao 2016.

As 3 recomendacións formuladas polo Consello de Contas atópanse pendentes de aplicación.

Informe de fiscalización do procedemento de xestión do inventario de bens do SERGAS. Exercicios 2014 ao 2016.

Neste informe non recorrente formuláronse 3 recomendacións que o Consello de Contas, unha vez analizadas as correspondentes contestacións do órgano xestor, considera que dúas están pendentes de aplicación e unha avalíouse como parcialmente aplicada.

Informe de fiscalización da responsabilidade patrimonial do SERGAS. Exercicio 2017

Das 6 recomendacións formuladas polo Consello de Contas, 2 non foron aceptadas, 1 atópase pendente de aplicar e 3 precisarían de probas adicionais de comprobación polo que considéranse non verificadas.

Informe de fiscalización do concerto co hospital POVISA

O Consello de Contas efectuou o seguimento da única recomendación proposta no informe de fiscalización. O resultado foi que a recomendación está pendente de aplicación.

Informe de fiscalización sobre os procesos de extinción das entidades dependentes da C.A. de Galicia. Exercicio 2017

Das 4 recomendacións formuladas polo Consello de Contas, 1 está pendente de aplicar e as tres restantes non puideron ser verificadas, precisándose realizar probas adicionais de comprobación para acadar unha axeitada avaliación da súa aplicación.

Informe de fiscalización do endebedamento autonómico. Exercicios 2013-2017

A única recomendación que foi obxecto de seguimento atópase en proceso de aplicación.

Informe de fiscalización dos gastos en bens correntes e servizos na administración xeral da Comunidade Autónoma. Exercicio 2017

Das 3 recomendacións obxecto de seguimento dúas non foron aceptadas pola entidade fiscalizada e a outra, aínda que foi aceptada pola entidade precisaríase da realización de probas adicionais de comprobación para acadar unha correcta avaliación, polo que o Consello de Contas mantén a recomendación.





Informe de fiscalización do Plan de Asistencia ao Ictus. Exercicios 2017-2018

Das 4 recomendacións formuladas polo Consello de Contas unha avaliouuse como parcialmente aplicada, outra estaba pendente de aplicar e 2 precisarían de probas adicionais de comprobación polo que considéranse non verificadas.

Fiscalización da execución da contratación do SERGAS. Exercicios 2012-2017


As tres recomendacións formuladas no informe de fiscalización consideráronse parcialmente aplicadas.

Fiscalización do programa 131A de Administración de Xustiza. Exercicios 2014-2019

As 2 recomendacións obxecto de seguimento foron aceptadas pola entidade fiscalizada pero precisarían da realización de probas adicionais de comprobación para acadar unha correcta avaliación, polo que o Consello de Contas mantén as recomendacións.

Fiscalización de gastos de persoal da Administración Xeral. Exercicios 2014-2019

Das 8 recomendacións formuladas unha valorouse como parcialmente aplicada, 4 estaban en proceso de aplicación, 2 se atopaban pendentes de aplicación, e unha non foi aceptada.



VII. ANEXOS






ANEXO 1: RESULTADOS DO TRABALLO. ANÁLISE DO SEGUIMENTO DAS RECOMENDACIÓNS

1. Informe de fiscalización da Conta Xeral da Comunidade Autónoma. Exercicios 2012 a 2019.

Nos cadros que se insiren de seguido figuran o texto das recomendacións (R), as contestacións formuladas polas entidades fiscalizadas (C) e a avaliación do Consello de Contas (AC).

Recomendacións vixentes pendentes de aplicación

R	1. Deberían efectuarse as modificacións normativas oportunas a efectos de adiantar o prazo de rendición das contas a 30 de xuño do exercicio seguinte ao que se refiran, a fin de facilitar o achegamento no tempo do control externo a efectuar polo Consello de Contas. Esta recomendación non foi aceptada. A Intervención Xeral ofrece como medida de avance nesta recomendación o adianto no prazo de presentación da información adicional que repetidamente solicita o Consello para completar os seus traballos de fiscalización.
C	ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: IXCA DECISIÓN: Rexeitada CONTESTACIÓNS: Na actualidade as entidades dependentes que renden as súas contas dentro da Conta Xeral da Comunidade Autónoma, deben remitilas á Intervención Xeral antes do 30 de xuño. Unha vez recibida toda esta información, a Intervención elabora a Conta Xeral. ACTUACIÓNS PROPOSTAS: A Intervención comprométese a adiantar o envío da información adicional que habitualmente acompaña á Conta Xeral da comunidade Autónoma para a realización dos traballos de fiscalización ÓRGANO RESPONSABLE: IXCA PRAZO DE IMPLANTACIÓN: ---
AC	Non aceptada. Non aplicada. Mantense a recomendación




Cod. Validación: 42SHTGL7Q9265QDW5KGNMHQD | Corrección: <https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 103 a 192



Memoria de Actividades 2021

R	2. As necesidades atendidas co Fondo de continxencia deben responder estritamente ao carácter de imprevistas e non discrecionais, como esixe a LOEOSF. Esta recomendación non foi aceptada. A Administración entende que o Fondo de continxencia está regulado no artigo 55.bis do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, e nas leis de orzamentos de cada ano e que se utiliza exclusivamente para as finalidades establecidas nas devanditas normas.
C	ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: DX Planificación e Orzamentos DECISIÓN: Aceptación CONTESTACIÓNS: O Fondo de Continxencia usado en exercicios pasados é o correspondente ao Sergas. Formalízase a través de suplementos de crédito de acordo co artigo 55 bis do TRLXFP. Durante o exercicio 2020 se dedicou case na súa totalidade a cubrir gastos urxentes derivados do COVID. No 2021 se dedicou a cubrir os déficits do gasto de persoal que tamén se derivaron en grande medida da incidencia da pandemia. Polo tanto utilízase para cubrir necesidades inaprazables non previstas nos orzamentos iniciais ACTUACIÓNS PROPOSTAS: ÓRGANO RESPONSABLE: DX Planificación e Orzamentos PRAZO DE IMPLANTACIÓN: 2022
AC	Non aceptada. Non aplicada. Mantense a recomendación

R	3. Reiterar á Administración autonómica que recolla na súa memoria anual información sobre a significación dos compromisos financeiros asumidos pola Comunidade para financiar as infraestruturas públicas, o que determinará unha maior transparencia sobre a situación económico-financeira da Comunidade. Esta recomendación está pendente de aplicación, sen que da fiscalización realizada se verificasen avances na súa implantación. En calquera caso, a Intervención Xeral ofrece incluír esta información coa documentación adicional que se remite anualmente ao Consello de Contas para completar os traballos de fiscalización.
C	ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: IXCA DECISIÓN: Aceptada CONTESTACIÓNS: ACTUACIÓNS PROPOSTAS: O cumprimento desta recomendación debe enmarcarse no contexto da modificación do marco normativo contable. Non obstante, xa está a incluírse esta información coa documentación adicional que se remite anualmente ao Consello de Contas para completar os traballos de fiscalización. ÓRGANO RESPONSABLE: IXCA PRAZO DE IMPLANTACIÓN: Implantada
AC	Aceptada. Pendente de aplicación. Mantense a recomendación




Cod. Validación: 42SHTGL709265QDWP5KGNMHQD | Corrección: <https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma esPública | Páxina 104 a 192





R	4. Recoméndase completar a fiscalización previa con controis posteriores e estender o control financeiro sobre servizos ou áreas de xestión das Consellerías co obxecto de verificar o grao de cumprimento da legalidade en áreas máis susceptibles de riscos de xestión como as relativas á contratación ou á concesión de axudas públicas. A Intervención Xeral explica que o cumprimento desta recomendación debe enmarcarse no contexto da modificación do marco normativo contable. Establece como prazo de implantación o 2022.
C	ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: IXCA DECISIÓN: Aceptada e pendente de realización CONTESTACIÓNS: ACTUACIÓNS PROPOSTAS: Dende a Intervención Xeral estase a estudar a mellora global do control financeiro, proceso que xa arrancou coa creación da OGAC. ÓRGANO RESPONSABLE: IXCA PRAZO DE IMPLANTACIÓN:
AC	Aceptada. Pendente de aplicación. Mantense a recomendación

R	5. Recoméndase que a Intervención Xeral elabore un informe comprensivo das actuacións desenvolvidas no exercicio do control financeiro sobre as entidades que permita un coñecemento da súa situación en relación coa observancia da normativa que regula a súa xestión; así como das medidas de cara a superar as excepcións que, recorrentemente, se expoñen nos informes de auditoría das súas contas anuais. Esta recomendación foi aceptada, e prevese como prazo de implantación o exercicio 2021.
C	ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: Intervención Xeral da Comunidade Autónoma DECISIÓN: Aceptada e pendente de realización. CONTESTACIÓNS: ACTUACIÓNS PROPOSTAS: A Intervención Xeral realizará as actuacións necesarias para a elaboración dun informe que recolla as actuacións desenvolvidas no ámbito do control financeiro. Neste sentido, incluíuse expresamente no Plan da OGAC 2022 a elaboración dun informe resumo no que se recollan os controis realizados cos resultados e as recomendacións realizadas, así como os análises e estudos que, no seu caso, elabore a OGAC no desenvolvemento das súas funcións e competencias. ÓRGANO RESPONSABLE: Intervención Xeral da Comunidade Autónoma PRAZO DE IMPLANTACIÓN: 2022
AC	Aceptada. Pendente de aplicación. Mantense a recomendación




Memoria de Actividades 2021

R	6. Na xestión de subvencións públicas deben adoptarse medidas correctoras da desviación da execución que permitan ao órgano concedente verificar o cumprimento dos requisitos das bases dentro do exercicio orzamentario correspondente e rexistrar as obrigas dentro dese exercicio. Esta recomendación foi aceptada, sen que da fiscalización realizada se verificasen avances na súa implantación.
C	ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: IXCA DECISIÓN: Aceptada CONTESTACIÓNS: Todas as bases reguladoras incorporan prazos de xustificación para posibilitar a execución dentro do exercicio orzamentario. Porén, as incidencias propias dunha subvención, os distintos requirimentos que contempla a normativa reguladora de subvencións, poden determinar una demora na labor de verificación. Adiantar os prazos de xustificación, suporía, por outra banda, limitar os prazos para a execución da actividade subvencionada, xa que na elaboración das bases reguladoras deben conxugarse ambas realidades: o establecemento de un prazo de execución e xustificación que permita o desenvolvemento satisfactorio da actividade subvencionada, co establecemento dun prazo de verificación que permita asegurar o dereito do beneficiario ao cobro da axuda sen que exista ningún tipo de quebranto para a Facenda pública autonómica. ACTUACIÓNS PROPOSTAS: ÓRGANO RESPONSABLE: IXCA PRAZO DE IMPLANTACIÓN: xa realizada
AC	Aceptada. Pendente de aplicación. Mantense a recomendación






R	7. Dados os saldos dos investimentos destinados ao uso xeral e dos investimentos xestionados para outros entes públicos, recoméndase revisar os activos rexistrados nestes epígrafes do balance. Deben conciliarse os saldos contables e os que figuran no inventario, mediante a implementación de ferramentas informáticas que posibiliten a súa coordinación e integración. Esta recomendación foi aceptada, sen que da fiscalización realizada se verificasen avances na súa implantación. A Intervención Xeral acepta a recomendación, pero expón as dificultades que existen para a valoración do inventario, dados os problemas de carácter estrutural que impiden ter unha valoración completa, sen prexuízo de intentar adoptar medidas parciais que permitan avanzar no sentido da recomendación.
C	ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: IXCA DECISIÓN: Aceptada e pendente de realización CONTESTACIÓNS: ACTUACIÓNS PROPOSTAS: A Intervención Xeral acepta a recomendación do Consello de Contas, coincidindo en que todas as actuacións que melloren a información e transparencia deben ser estimadas e valoradas para a súa aplicación na medida do posible. Así mesmo, esta recomendación ten que relacionarse e integrarse con outras recomendacións do Consello de Contas e con outras actuacións necesarias para o avance e desenvolvemento da contabilidade e sistema contable da Xunta de Galicia e do seu sector público que é necesario emprender. ÓRGANO RESPONSABLE: IXCA PRAZO DE IMPLANTACIÓN: ---
AC	Aceptada. Pendente de aplicación. Mantense a recomendación



Memoria de Actividades 2021

R	8. Recoméndase o establecemento de obxectivos e indicadores de cumprimento cando se proceda á creación de novos incentivos fiscais, e a elaboración sistemática de estudos sobre os efectos dos beneficios fiscais nas políticas económicas e sociais ás que van destinados. Esta recomendación non foi aceptada.
C	ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: ATRIGA DECISIÓN: Rexeitada. A raíz das recomendacións do Consello de Contas, incluírase na Conta Xeral unha liquidación dos beneficios fiscais aplicados no exercicio, información que se enviaba con posterioridade a requirimento do Consello de Contas. Fixéronse as adaptacións oportunas no sistema de xestión tributaria que permiten obter de xeito fiable esta información, co obxectivo de poder avaliar o impacto das medidas tributarias aprobadas se ben a determinación dos indicadores e obxectivos non corresponden en todos os casos a esta axencia senón ao órgano competente por razón da materia. Deste xeito, na memoria que se xunta ao proxecto de orzamentos para o ano 2018 consta a devandita xustificación do establecemento e mantemento dos beneficios fiscais, tal e como se fixo en exercicios anteriores, coa previsión para ese ano. Hai que ter en conta que o beneficio social procurado ven implícito no propio beneficio fiscal implantado que, como se indicou, se detalla na memoria de beneficios fiscais de cada ano.
AC	Non aceptada. Non aplicada. Mantense a recomendación

R	9. Recoméndase revisar a estimación dos gastos por contingencias susceptibles de ser provisionadas que figuran no balance e informar destes pasivos na memoria das contas anuais. A estes efectos, a Intervención Xeral debería solicitar da Asesoría Xurídica a información relativa aos que puidesen derivarse dos procedementos xudiciais en curso. Esta recomendación foi aceptada, sen que da fiscalización realizada se verificasen avances na súa implantación.
C	ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: IXCA DECISIÓN: Rexeitar CONTESTACIÓNS: A Intervención Xeral aínda estando de acordo en que calquera actuación que mellore a información e transparencia debe ser considerada para a súa implementación na medida do posible, no momento actual non pode obter esta información da Asesoría Xurídica. A información non está dispoñible debido ás dificultades de cuantificación das contingencias derivadas dos numerosos procedementos xudiciais e limitacións de medios. ÓRGANO RESPONSABLE: Intervención Xeral da Comunidade Autónoma
AC	Non aceptada. Non aplicada. Mantense a recomendación






Seguimento das recomendacións dos informes anteriores

R	10. Debe incluírse na memoria información sobre os acredores por operacións devengadas a fin do exercicio pendentes de aplicación ao orzamento, que explique os saldos recollidos no epígrafe correspondente do balance (conta 409 ou 413). Esta recomendación foi aceptada e parcialmente aplicada coa remisión ao Consello dos movementos da conta 409.
C	ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: IXCA DECISIÓN: Aceptada CONTESTACIÓNS: Dentro da información adicional que acompañou á presentación da Conta Xeral 2019, xa enviouse información sobre os acredores por operacións devindicadas pendentes de aplicación ao orzamento. Así mesmo, para o 2020 tamén. ACTUACIÓNS PROPOSTAS: Xa realizada ÓRGANO RESPONSABLE: IXCA PRAZO DE IMPLANTACIÓN:
AC	Aceptada. Aplicada parcialmente. Mantense a recomendación

R	11. Recoméndase ditar neste exercicio 2020 unha nova instrución de contabilidade por parte da Consellería de Facenda, que normalice o contido da Conta Xeral, detalle a información que debe conter, regule as especificidades que, no seu caso, esixa cada tipo de entidade, e estableza o procedemento de elaboración e remisión da información e habilite a rendición telemática da Conta Xeral. Esta recomendación foi aceptada, e iniciáronse os traballos de desenvolvemento normativo para dar reposta a eses obxectivos.
C	ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: Intervención Xeral da Comunidade Autónoma DECISIÓN: Aceptada e pendente de realización. CONTESTACIÓNS: ACTUACIÓNS PROPOSTAS: A Intervención Xeral ten pendente aprobar un novo Plan de Contabilidade Pública. ÓRGANO RESPONSABLE: Intervención Xeral da Comunidade Autónoma PRAZO DE IMPLANTACIÓN: 2022
AC	Aceptada. Aplicada parcialmente. Mantense a recomendación



Cod. Validación: 42SHTGL709265QDW5KGNMHQD | Corrección: https://consellocontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma esPublico | Páxina 109 a 192



Memoria de Actividades 2021

R	12. <i>Recoméndase elaborar unha base de datos, que se remita ao Consello como información complementaria da Conta Xeral, que identifique os reparos formulados, as observacións e incidencias postas de manifesto polos interventores delegados no exercicio da fiscalización previa e a súa aceptación ou non polo órgano xestor e que informe das discrepancias existentes e da súa resolución.</i> Esta recomendación foi aceptada, e facilitouse por parte da Intervención Xeral unha base de datos que identifica os expedientes con reparos e observacións postas de manifesto polos interventores delegados no exercicio da fiscalización previa, aínda que non se dispuxo de información cualitativa sobre o obxecto dos reparos, da súa aceptación ou non polo órgano xestor, e que informe das discrepancias existentes e da súa resolución.
C	ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: IXCA DECISIÓN: Aceptada CONTESTACIÓN: Dentro da información adicional que acompañou á presentación da Conta Xeral 2019, enviouse información sobre reparos formulados no exercicio. Así mesmo, tamén se enviaron para 2020. Por outra banda, segundo o manifestado polo Consello de Contas no eido das reunións dos Grupos de Traballo para o seguimento das recomendacións dáse por cumprida esta recomendación. ACTUACIÓNS PROPOSTAS: ÓRGANO RESPONSABLE: Intervención Xeral da Comunidade Autónoma. PRAZO DE IMPLANTACIÓN: implantada
AC	Aceptada. Aplicada parcialmente. Mantense a recomendación






2. INFORME DE FISCALIZACIÓN DOS FONDOS DE COMPENSACIÓN INTERTERRITORIAL. EJERCICIO 2019

RECOMENDACIÓN

Nos cadros que se insiren de seguido figuran o texto das recomendacións (R), as contestacións formuladas polas entidades fiscalizadas (C) e a avaliación do Consello de Contas (AC).

Seguimento de recomendacións de exercicios anteriores

R	<i>1. Implantación dun rexistro contable específico para os proxectos financiados cos FFCI, integrado no sistema contable da IXCA, co fin de que cada centro xestor da contabilidade, tanto da administración xeral como da administración institucional, teña coñecemento das distintas operacións que se derivan da execución dos citados Fondos, non só na vertente de gastos senón tamén na de ingresos. A información contable que se obteña debe responder ás necesidades, por un lado, dos xestores dos citados Fondos e, por outro, dos encargados do control dos mesmos.</i> A IXCA, como órgano responsable, acepta esta recomendación e considera que está pendente de realización. A Intervención Xeral asume a recomendación do Consello de Contas, estando de acordo en que calquera actuación que mellore a información e transparencia debe ser considerada para a súa implementación na medida do posible. Esta recomendación debe ser contextualizada xunto con outras recomendacións que realiza o Consello de Contas, e tamén xunto con outras moitas actuacións necesarias para a evolución e desenvolvemento do sistema contable e da contabilidade da Xunta de Galicia e do Sector Público de Galicia que é necesario acometer. Desde a Subdirección Xeral de Contabilidade traballárase para a consecución do resultado recomendado polo Consello de Contas na medida en que os recursos dispoñibles e a asignación de prioridades dentro do conxunto de actuacións que é necesario realizar o permitan. Non indican prazo de implementación. Esta recomendación está vixente no exercicio 2019 e pendente de aplicación.
C	ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: Intervención Xeral da Comunidade Autónoma DECISIÓN: Aceptada e pendente de realización. CONTESTACIÓNS: Neste momento estase desenvolvendo unha nova aplicación informática dedicada especificamente ao seguimento dos proxectos financiados con FFCI. Esta previsto a posta en marcha ao longo do exercicio 2022 ou 2023. ACTUACIÓNS PROPOSTAS: ÓRGANO RESPONSABLE: Intervención Xeral da Comunidade Autónoma PRAZO DE IMPLANTACIÓN: 2022-2023
AC	Aceptada. Pendente de aplicación. Mantense a recomendación



Cod. Validación: 42SHTGL709265QDWP5KGNMHQD | Corrección: <https://consellocontasgalicia.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 111 a 192



Memoria de Actividades 2021

R	<i>2. Realización de modificacións no orzamento de ingresos da CA co fin de adaptalo ás materializadas no orzamento de gastos do Minhafp.</i> Esta recomendación foi aceptada pola DX de Planificación e Orzamentos, órgano responsable da mesma. A citada DX indica que os compromisos de ingresos na contabilidade da Xunta de Galicia serán coherentes co recoñecido como pendente de cobro por parte da Administración do Estado que resulte do inicialmente asignado á CA menos o xa recoñecido como ingreso, independentemente da execución de gastos na CA. Fixan como prazo de implementación o exercicio 2021. Esta recomendación segue vixente no exercicio 2019 e pódese considerar que está en proceso de implementación coa publicación da Orde do 15 de novembro de 2019 sobre desenvolvemento da xestión orzamentaria dos ingresos procedentes de transferencias correntes e de capital. Ademais no exercicio 2020 indicaron que se ía poñer en marcha a aplicación informática.
C	ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: DX Planificación e Orzamentos DECISIÓN: Aceptación CONTESTACIÓNS: Cando se axuste a cifra definitiva no orzamento de gastos para 2022 se fará a correspondente modificación positiva ou negativa no orzamento de ingresos ACTUACIÓNS PROPOSTAS: Axuste do orzamento de ingresos á cifra definitiva ÓRGANO RESPONSABLE: DX Planificación e Orzamentos PRAZO DE IMPLANTACIÓN: 2022
AC	Aceptada. En proceso de aplicación. Mantense a recomendación






R	3. Incorporación ao orzamento, por parte dos xestores da CA, de todos os remanentes de crédito que están pendentes de incorporar. Esta recomendación foi aceptada pola DX de Planificación e Orzamentos, órgano responsable xunto coa DXPFTeFE. Manifestan que se incorporará ao orzamento 2021 a totalidade do pendente de certificación, realizándose modificacións cualitativas dos FFCI de ser necesario pola asignación destes remanentes a outros proxectos dos FFCI ou órganos de xestión. O prazo para a implementación desta recomendación sería, segundo a DX de Planificación e Orzamentos, o exercicio 2021. No Informe de fiscalización dos FFCI no exercicio 2018, considerábase parcialmente aplicada esta recomendación porque no citado exercicio se incorporaron remanentes de crédito pendentes de incorporar desde o exercicio 2016. Á vista das actuacións levadas a cabo pódese considerar que esta recomendación está parcialmente aplicada.
C	ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACION: DXPFTeFE DECISIÓN: Aceptada CONTESTACIÓN: Os remanentes de crédito do exercicio 2019 están incorporados e executados na súa totalidade. ACTUACIÓNS PROPOSTAS: Incorporación dos remanentes dos FCI 2020 e 2021. ÓRGANO RESPONSABLE: DXPFTeFE PLAZO DE IMPLANTACIÓN: 2022.
AC	Aceptada. Parcialmente aplicada. Mantense a recomendación



Memoria de Actividades 2021

R	4. Axilización da tramitación dos expedientes de modificacións cualitativas e cuantitativas de proxectos, co fin de non retrasar as peticións de fondos ao Minhafp. Esta recomendación foi aceptada pola DXPFTEFE e consideran que está aplicada. Manifestan que os expedientes de modificacións cualitativas e cuantitativas xa son tramitados coa máxima axilidade, exceptuando o suposto de minoración de crédito nun proxecto onde a minoración implicaría devolución de fondos; nese caso hai que esperar a que se produza outra certificación con dereito a petición de fondos en outro proxecto dos FFCI do mesmo ano para compensar a minoración proposta. Non se pode entender que esta recomendación está aplicada mentres existan saldos pendentes de certificar e de gastar, porque na medida que se incorporen ao orzamento de gastos os remanentes pendentes de incorporar e as obrigas anuladas en exercicios pechados, posiblemente en proxectos distintos e xestores distintos, cómpre tramitar estas modificacións cualitativas e cuantitativas. Pódese dicir que esta recomendación non se verá aplicada en tanto non estean aplicadas as recomendacións 3 e 5.
C	ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACION: DXPFTEFE DECISIÓN: Aceptada CONTESTACIÓN: Non existen modificacións pendentes de tramitación correspondentes a FCI anteriores a 2019. ACTUACIÓNS PROPOSTAS: Continuar coa axilización dos expedientes de modificacións. ÓRGANO RESPONSABLE: DXPFTEFE PRAZO DE IMPLANTACIÓN: 2022
AC	Aceptada. Pendente de aplicación. Mantense a recomendación

R	5. Certificación á DXPFTEFE, por parte dos xestores dos Fondos, das obrigas anuladas na liquidación do orzamento de exercicios pechados, para que esta adecúe as peticións de fondos á execución real dos proxectos. Así mesmo, incorporarán ao orzamento de gastos o importe das obrigas anuladas. Esta recomendación foi aceptada pola DXPFTEFE e consideran que estará aplicada no exercicio 2021. Indican ao respecto que se remitirán instrucións aos órganos correspondentes para que se informe das obrigas anuladas de exercicios pechados, así como da necesidade de incorporar ao orzamento de gastos o importe da anulación de ditas obrigas. Esta recomendación segue vixente e pendente de aplicación.
C	ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: DXPFTEFE DECISIÓN: Aceptada CONTESTACIÓN: Non se produciu ningún suposto de anulación de obrigas na liquidación dos orzamentos de 2019, 2020 e 2021.
AC	Aceptada. Pendente de aplicación. Mantense a recomendación






R	6. Realización, por parte dos xestores dos FFCI, das actuacións necesarias para acadar o obxectivo de que ao remate do exercicio se xustifique a totalidade dos Fondos ante a Administración do Estado, coa finalidade de que os recursos se utilicen máis eficientemente. Esta recomendación foi aceptada pola DXPFTEFE, e manifestan que xa está aplicada. Fan referencia ao incremento das taxas de execución e certificación dos FFCI. Hai que recoñecer o incremento que experimentou a execución dos FFCI desde o exercicio 2014, no que as obrigas recoñecidas só alcanzaban o 53% da dotación e as peticións de fondos representaban o 49% da mesma. Podemos considerar que esta recomendación está aplicada no que respecta á execución dos FFCI no exercicio 2019 que alcanza o 93% da dotación, pero está pendente de aplicación se consideramos os remanentes pendentes de incorporar e as obrigas anuladas en exercicios pechados que, en conxunto, ascenden a 4.971.636,94 euros.
C	ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACION: DXPFTEFE DECISIÓN: Aceptada CONTESTACIÓN: Están xustificadas a totalidade dos fondos dos exercicios anteriores a 2019. ACTUACIÓNS PROPOSTAS: Execución e certificación da totalidade dos fondos de compensación Interterritorial dos exercicios 2020 e 2021. ORGANO RESPONSABLE: órganos xestores e DXPFTEFE PLAZO DE IMPLANTACION: 2022
AC	Aceptada. Parcialmente aplicada. Mantense a recomendación

Recomendacións efectuadas no informe de fiscalización do exercicio 2019


R	7. Cando de produzan diferenzas de dotación entre a CA e o Minhac, situación que se produce neste exercicio posiblemente como consecuencia da prórroga dos orzamentos xerais do Estado, a CA deberá axustar no exercicio a dotación dos FFCI que figuran no seu orzamento á dotación vixente no Ministerio.
C	ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: DX Planificación e Orzamentos DECISIÓN: Aceptación CONTESTACIÓN: O orzamento de gasto está actualmente adaptado aos compromisos de ingreso recoñecidos polo Estado: Saldo de proxectos FCI (1990-2020) segundo o Estado: 42.970,34 Crédito en Xunta 42.970,34 Dotación de proxectos FCI 2021 segundo o Estado 38.550,65 Crédito en Xunta 38.550,65 ACTUACIÓNS PROPOSTAS: Cando se coñeza a cifra definitiva de 2022 se axustará o orzamento da Comunidade Autónoma. ÓRGANO RESPONSABLE: DX Planificación e Orzamentos PRAZO DE IMPLANTACIÓN: Implantada
AC	Aceptada. En proceso de aplicación. Mantense a recomendación



Memoria de Actividades 2021

R	8. Co fin de manter o equilibrio orzamentario a CA deberá realizar as modificacións pertinentes no orzamento de ingresos.
C	ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: DX Planificación e Orzamentos DECISIÓN: Aceptación CONTESTACIÓNS: Cando se axuste a cifra definitiva no orzamento de gastos para 2022 se fará a correspondente modificación positiva ou negativa no orzamento de ingresos ACTUACIÓNS PROPOSTAS: Axuste do orzamento de ingresos á cifra definitiva ÓRGANO RESPONSABLE: DX Planificación e Orzamentos PRAZO DE IMPLANTACIÓN: 2022
AC	Aceptada. En proceso de aplicación. Mantense a recomendación

R	9. A Administración da CA deberá tomar as medidas oportunas para depurar os saldos pendentes de pagamento de exercicios pechados, dada a antigüidade dos mesmos. Do mesmo xeito deberá incorporar ao orzamento todos os remanentes de crédito pendentes de incorporar así como as obrigas anuladas e dadas de baixa en contabilidade en exercicios pechados coa finalidade de poder certificar ao Minhac os saldos pendentes e, no caso de que o gasto xa estea certificado, cumprir coa LFFCI que esixe a execución dos proxectos na súa totalidade. No caso de que a incorporación destes saldos pendentes de execución implique cambio de proxecto ou a creación doutros novos deberán tramitar as preceptivas modificacións cualitativas e/ou cuantitativas de proxectos.
C	ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACION: DXPFTEFE DECISIÓN: Aceptada. CONTESTACIÓNS: A día de hoxe están depurados todos os saldos pendentes de pago de exercicios pechados e incorporados e executados ata o 2019. Están pendentes de incorporar os saldos do exercicio 2020 e 2021. ACTUACIÓNS PROPOSTAS: Execución e certificación da totalidade dos fondos de compensación Interterritorial dos exercicios 2020 e 2021. ÓRGANO RESPONSABLE: DXPFTEFE PRAZO DE IMPLANTACIÓN: 2022
AC	Aceptada. En proceso de aplicación. Mantense a recomendación



Cod. Validación: 42SHTGL7Q926QDWP5KGNMHQD | Corrección: <https://consellodecontabilidad.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 116 a 192





R	<i>10. Axilizar na medida do posible a implementación do rexistro contable específico para os proxectos financiados cos FFCL, integrado no sistema contable da IXCA, nos termos indicados en fiscalizacións anteriores.</i>
C	ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: Intervención Xeral da Comunidade Autónoma DECISIÓN: Aceptada e pendente de realización CONTESTACIÓNS: Neste momento estase desenvolvendo unha nova aplicación informática dedicada especificamente ao seguimento dos proxectos financiados con FFCL. Esta previsto a posta en marcha ao longo do exercicio 2022 ou 2023 ÓRGANO RESPONSABLE: Intervención Xeral da Comunidade Autónoma PRAZO DE IMPLANTACIÓN: 2022-2023
AC	Aceptada. En proceso de aplicación. Mantense a recomendación




3. INFORME DE FISCALIZACIÓN DOS FONDOS EUROPEOS. EJERCICIO 2019

Recomendacións do exercicio 2019

Nos cadros que se insiren de seguido figuran o texto das recomendacións (R), as contestacións formuladas polas entidades fiscalizadas (C) e a avaliación do Consello de Contas (AC).

R	<i>1.-Recoméndase adoptar as medidas necesarias, en relación cos proxectos europeos cuxa xestión administrativa está asignada ás diversas Seccións, que permitan mellorar os índices de execución do financiamento europeo co obxectivo de achegar estes aos ratios da execución xeral do orzamento da Comunidade Autónoma, e conseguir así diminuír os diferenciais negativos que se veñen producindo de forma reiterada.</i> <i>Na medida que fose posible, deberían concentrarse as operacións naqueles sectores (en correspondencia cos obxectivos do marco financeiro europeo) e naquelas unidades administrativas, entidades públicas ou privadas especializadas neles, que se mostren máis eficaces e eficientes na execución dos proxectos europeos.</i>
C	ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACION: DXPFTEFE DECISIÓN: Aceptada CONTESTACIÓN: Como é habitual na execución dos programas operativos, os índices de execución adoitan incrementarse expoñencialmente a medida que se avanza no período de programación. Neste contexto, compre concluír que non se prevén dificultades para culminar a execución do programa a decembro de 2023. En relación ao segundo apartado da recomendación, hai que ter presente as exixencias de concentración temática previstas no RDC, que implican dedicar un mínimo do 60% de todos os recursos aos Obxectivos Temáticos de I+D+i, TICs, desenvolvemento e innovación empresarial e economía baixa en carbono. Sen prexuízo do cal, se ao longo do período de programación, se detectasen problemas que puidesen dificultar a execución do programa considerárase formular unha reprogramación nuns termos que, sen menoscabo da lóxica de intervención, permita acadar os obxectivos programados e culminar con éxito a execución do programa. ACTUACIÓNS PROPOSTAS: Análise continua do estado de execución dos programas operativos. ÓRGANO RESPONSABLE: órganos xestores e DXPFTEFE PRAZO DE IMPLANTACIÓN: 2022
AC	Aceptada. En proceso de aplicación. Mantense a recomendación.





R	2.-Con respecto á base de datos XUMCO e en relación cos nosos anteriores informes recomendase que de forma progresiva e na medida que se vaia avanzando na implementación dos traballos complexos que se vén desenvolvendo nesta materia: 1) proceder á unificación dos criterios de identificación das modalidades coa base de datos da Conta Xeral. 2) que a base de datos XUMCO incorpore a identificación de todos os beneficiarios de Fondos Europeos (co seu DNI ou CIF), e igualmente deberanse especificar os códigos e o nome completo das modalidades dos diferentes programas operativos de forma idéntica á Conta Xeral, 3) na medida que fose posible deberíase poder identificar os sectores económicos finalistas beneficiarios dos proxectos con financiamento europeo.
C	ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: Intervención Xeral da Comunidade Autónoma DECISIÓN: Aceptada e pendente de realización. ACTUACIÓNS PROPOSTAS: A Intervención Xeral ten iniciado unha revisión das diferentes bases de datos que se envían ao Consello de Contas cara a homoxeneizar a información que se rende nas mesmas. ÓRGANO RESPONSABLE: Intervención Xeral da Comunidade Autónoma PRAZO DE IMPLANTACIÓN: 2022
AC	Aceptada. En proceso de aplicación. Mantense a recomendación

R	3.-Recoméndase, seguindo o sinalado xa nos nosos anteriores informes, que o sistema de baixas de créditos - correspondentes a Fondos Europeos- contabilizadas ao final do exercicio (con data 31 de decembro) sobre os remanentes de crédito non comprometidos (e finalistas que cofinancian) para a súa reprogramación en exercicios posteriores, sexa substituído progresivamente nos vindeiros exercicios (para intentar reducir paulatinamente as baixas de final de exercicio) por un sistema que permita realizar as reprogramacións ao longo do exercicio, a medida que os proxectos vanse desenvolvendo en función da eficacia destes e das dificultades de xestión que se van presentando e que xustifican ditas reprogramacións.
C	ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: DX Planificación e Orzamentos DECISIÓN: Rexeitada CONTESTACIÓNS: Este centro directivo no comparte a dita recomendación, por canto as reprogramacións se realizan en diferentes momentos temporais, pero especialmente no momento de elaboración dos orzamentos cando se celebran as diferentes comisións multilaterais que se crean ao efecto e na que interveñen todos os actores involucrados (xestores, DXPO, DX Tesouro e Fondos...). ÓRGANO RESPONSABLE: DX Planificación e Orzamentos
AC	Non aceptada. Non aplicada. Mantense a recomendación




Cod. Validación: 425HTGL709265QDWP5KGNMHQD | Corrección: <https://consellocontasgalicia.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma esPública | Páxina 119 a 192



Memoria de Actividades 2021

R	4.-Recoméndase en relación coa entrada en vigor do novo marco financeiro e os programas vinculados ao mesmo que estes teñan unha identificación precisa que permita esclarecer a pertenza dos distintos proxectos ao novo marco ou aos anteriores.
C	ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: DXPFTFE DECISIÓN: Aceptada. CONTESTACIÓNS: Os programas operativos teñen unha identificación específica na contabilidade a través dos proxectos contables e dos códigos de modalidade de financiamento. Cando se aproben os novos programas para o MFP 2021-2027 e se presuposten os proxectos correspondentes, estes terán unha nova codificación que os vincule coas actuacións dos programas 2021–2027 ACTUACIÓNS PROPOSTAS: Vincular os proxectos contables coas actuacións do programa 2021-2027 ÓRGANO RESPONSABLE: DXPFTeFE PRAZO DE IMPLANTACIÓN: Cando se aprobe e presuposte os novos programas operativos 21-27 ----- ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: DX Planificación e Orzamentos DECISIÓN: Aceptación CONTESTACIÓNS: Como en anteriores programas operativos se establecerá un sistema de identificación de proxectos, en principio sobre a base dos seguintes atributos: Programa operativo Tipo de fondo Obxectivo temático Obxectivo específico Campo de intervención-actuación Estes parámetros identifican perfectamente a actuación que se está a realizar así como o seu xestor. Cando se orzamente o seguinte programa operativo se manterá en principio esta estrutura sempre que sexa axeitada ao disposto no futuro programa, En caso contrario se farán as modificacións precisas. ACTUACIÓNS PROPOSTAS: ÓRGANO RESPONSABLE: DX Planificación e Orzamentos PRAZO DE IMPLANTACIÓN: Implantado
AC	Aceptada. En proceso de aplicación. Mantense a recomendación





4. INFORME DE FISCALIZACIÓN DA CONTA XERAL DO SERVICIO GALEGO DE SAÚDE. EXERCICIO 2019

Seguimento das recomendacións de exercicios anteriores

Nos cadros que se insiren de seguido figuran o texto das recomendacións (R), as contestacións formuladas polas entidades fiscalizadas (C) e a avaliación do Consello de Contas (AC).

R	1. <i>"Deben establecerse condicións que posibiliten un sistema estable de financiamento así como medidas rigorosas para o seu cumprimento".</i> Esta recomendación considérase parcialmente cumprida, xa que, se ben o resultado financeiro do Sergas é positivo, as desviacións entre o orzamento inicial e o definitivo mantéñense, non podendo garantir o cumprimento do principio de orzamento limitativo que debe presidir a xestión do organismo.
C	ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: DX Planificación e Orzamentos DECISIÓN: Aceptada CONTESTACIÓNS: Tódalas actuacións da DX de Planificación e Orzamentos van encamiñadas a dotar ao SERGAS do recursos financeiros necesarios para o seu óptimo funcionamento. A complexidade tanto cuantitativa, pola cantidade de recursos empregados, como cualitativa (persoal, aprovisionamentos...) require por parte desta dirección Xeral certa flexibilidade na asignación temporal dos créditos precisamente coa finalidade de asegurar o financiamento do 100% das necesidades do organismo. ÓRGANO RESPONSABLE: DX Planificación e Orzamentos PRAZO DE IMPLANTACIÓN: XA IMPLANTADA
AC	Aceptada. Parcialmente aplicada. Mantense a recomendación


R	2. <i>"Recoméndase a regularización dos concertos que se manteñen no tempo sen soporte contractual axeitado, así como as autorizacións de uso de elevada antigüidade".</i> Considérase que a recomendación se cumpriu parcialmente xa que, se ben nas provincias de Lugo e A Coruña se regularizaron os concertos existentes, nas de Ourense e Pontevedra non se actualizaron.
C	ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: SERVIZO GALEGO DE SAÚDE. DECISIÓN: ACEPTADA. CONTESTACIÓNS: Están regularizados os contratos de prestacións de servizos sanitarios nas Áreas Sanitarias da Coruña, Ferrol, Santiago e Lugo. Tramitouse a licitación do Acordo Marco de Ourense, pero quedou deserta. Estase a tramitar o expediente de licitación de Vigo, que está pendente de adjudicar. ACTUACIÓNS PROPOSTAS: Tramitar novamente a licitación de Ourense e a tramitación da licitación de Pontevedra. A medida que se regularicen os expedientes de contratación diminuírase a utilización das autorizacións de uso. ÓRGANO RESPONSABLE: XERENCIA, DIRECCIÓN XERAL DE ASISTENCIA SANITARIA DO SERGAS. PRAZO DE IMPLANTACIÓN: A regularización debe ser continua.
AC	Aceptada. Parcialmente aplicada. Mantense a recomendación



Recomendacións vixentes pendentes de aplicación

R	<i>3. O organismo autónomo debe implantar un sistema integral de contabilidade de acordo coas esixencias do Plan Xeral de Contabilidade Pública de Galicia, co fin de dispor de información adicional á administrativo-orzamentaria, e presentar as contas anuais de acordo coas esixencias do referido Plan.</i>
C	ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: Intervención Xeral da Comunidade Autónoma DECISIÓN: Aceptada e pendente de realización CONTESTACIÓNS: ACTUACIÓNS PROPOSTAS: No marco dos traballos de aprobación dun novo Plan de contabilidade pública implantarase no Sergas un sistema que permita coñecer información adicional á aquela de natureza orzamentaria e presentar as contas anuais de acordo coas esixencias do novo Plan. ÓRGANO RESPONSABLE: Intervención Xeral da Comunidade Autónoma PRAZO DE IMPLANTACIÓN:---
AC	Aceptada. Pendente de aplicación. Mantense a recomendación

R	<i>4. As fundacións de investigación vinculadas aos centros sanitarios, que están incluídas no inventario de entidades do sector público (INVENTE), deben integrarse no sector público autonómico e, por ende, no SPSG. Así mesmo, as súas contas deben someterse a rendición.</i>
C	ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: SERVIZO GALEGO DE SAÚDE. DECISIÓN: REXEITADA. CONTESTACIÓNS: As fundacións de investigación a que se retire o informe non cumpren os requisitos recollidos na Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do Sector Público de Galicia. Dende o punto de vista normativo non poderían ter a consideración de fundacións do sector público autonómico e non procede a súa incorporación ao sistema sanitario público. ACTUACIÓNS PROPOSTAS: Determinar a súa natureza, dada a discrepancia existente, no seo dos traballos que se están a realizar sobre o rexistro das entidades dependentes na LOFAXGA. ÓRGANO RESPONSABLE: CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E CONSELLERÍA DE SANIDADE. PRAZO DE IMPLANTACIÓN: Se procede, unha vez determinada a súa natureza.
AC	Non aceptada. Non aplicada. Mantense a recomendación





R	<i>5. As modificacións orzamentarias deben reducirse ás estritamente necesarias para non desvirtuar o seu carácter excepcional.</i>
C	ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: DX Planificación e Orzamentos DECISIÓN: Aceptada CONTESTACIÓNS: O gran número de modificacións orzamentarias que esta dirección Xeral tramita ao longo do exercicio ven imposta por necesidades sobrevidas do xestores. De feito na elaboración dos orzamentos analízanse as modificacións orzamentarias dos exercicios pechados para intentar evitalas. ACTUACIÓNS PROPOSTAS: Afondar na mellora da orzamentación inicial para evitar estas modificacións ÓRGANO RESPONSABLE: DX Planificación e Orzamentos PRAZO DE IMPLANTACIÓN: Implantado
AC	Aceptada. Pendente de aplicación. Mantense a recomendación

R	<i>6. As diferentes modalidades de modificacións orzamentarias deben aplicarse conforme ás finalidades previstas; en particular, debe evitarse a utilización de baixas de crédito como alternativa, máxime cando estas non dispoñen dunha canle procedimental e de control establecida normativamente. Debe regularse a codificación dos expedientes e asegurar o seu cumprimento.</i>
C	ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: DX Planificación e Orzamentos DECISIÓN: Rexeitada CONTESTACIÓNS: A baixa se utiliza como fonte de financiamento de ampliacións de crédito cando a lei así o dispón; en consecuencia lle é aplicable o procedemento de tramitación dunha ampliación, recollido no TRLFP e as lei de Orzamentos. Noutros casos é consecuencia dun menor ingreso alleo co fin de manter o equilibrio financeiro recollido no artigo 9 da lei de Orzamentos. ÓRGANO RESPONSABLE: DX Planificación e Orzamentos
AC	Non aceptada. Non aplicada. Mantense a recomendación



Cod. Validación: 42SHTGL709265QDWP5KGNMHQD | Corrección: <https://consellocontasgalicia.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 123 a 192



Memoria de Actividades 2021

R	<i>7. Debe limitarse o emprego das redistribucións, que permiten alterar a asignación funcional e orgánica dos créditos sen que iso supoña a tramitación dun expediente de modificación de crédito.</i>
C	ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: SERVIZO GALEGO DE SAÚDE. DECISIÓN: REXEITADA. CONTESTACIÓNS: As redistribucións veñen reguladas na Lei de Orzamentos para 2022, que no seu artigo 6, apartado 3 establece que no Sergas serán vinculantes entre si os créditos destinados a gastos de funcionamento autorizados no mesmo concepto, na mesma estrutura organizativa de xestión integrada e en distinto programa. Tamén indica que serán vinculantes entre si os créditos destinados a gastos de funcionamento autorizados no mesmo concepto e programa e en distinta estrutura organizativa de xestión integrada. As redistribucións destes créditos deben ser autorizadas pola persoa titular do Servizo Galego de Saúde e trámítanse a través do expediente correspondente. ACTUACIÓNS PROPOSTAS: As requiridas polas respectivas leis anuais de orzamentos. ÓRGANO RESPONSABLE: Consellería de Facenda/Servizo Galego de Saúde. PRAZO DE IMPLANTACIÓN: Non procede.
AC	Non válida no marco actual. Retírase a recomendación


R	<i>8. Considérase conveniente regularizar e depurar os dereitos recoñecidos pendentes de cobro e as obrigas pendentes de pagamento de exercicios anteriores, en especial os de maior antigüidade.</i>
C	ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: SERVIZO GALEGO DE SAÚDE. DECISIÓN: ACEPTADA. CONTESTACIÓNS: No exercicio anterior comunicouse que se ía establecer un procedemento para a regularización e depuración dos dereitos e obrigas pendentes. Este procedemento aínda non está establecido. ACTUACIÓNS PROPOSTAS: Iniciar as actuacións que conduzan á anulación, tanto dos dereitos como das obrigas pendentes de maior antigüidade. ÓRGANO RESPONSABLE: Consellería de Sanidade e Consellería de Facenda e Administración Pública. PRAZO DE IMPLANTACIÓN: 2022
AC	Aceptada. Pendente de aplicación. Mantense a recomendación





R	<i>9. Debe establecerse un marco que regule o proceso de imputación contable dos gastos derivados de compromisos contraídos sen a existencia de crédito ou sen someterse aos procedementos previstos legalmente para o seu recoñecemento. Así mesmo, o sistema contable debe establecer a correspondente referencia para a súa identificación.</i>
C	ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: SERVIZO GALEGO DE SAÚDE. DECISIÓN: ACEPTADA. CONTESTACIÓNS: Esta recomendación xa está implantada. ACTUACIÓNS PROPOSTAS: No exercicio anterior remitiuse a Instrución que regula o proceso de imputación contable de obrigas pendentes de recoñecer. ÓRGANO RESPONSABLE: Consellería de Sanidade/Servizo Galego de Saúde. PRAZO DE IMPLANTACIÓN: Implantada.
AC	Aceptada. Parcialmente aplicada. Mantense a recomendación

R	<i>10. A información nos diarios de operacións debe permitir identificar sen lugar a dúbidas o gasto/ingreso que se está a contabilizar mediante unha descrición axeitada.</i>
C	ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: SERVIZO GALEGO DE SAÚDE. DECISIÓN: ACEPTADA. CONTESTACIÓNS: Comunicouse a todos os xestores do Servizo Galego de Saúde a información que deben conter os documentos contables. ACTUACIÓNS PROPOSTAS: Elaboración dunha instrución na que se indica a información mínima que deben conter os documentos contables para unha axeitada identificación. ÓRGANO RESPONSABLE: Dirección Xeral de Recursos Económicos. PRAZO DE IMPLANTACIÓN: Implantada
AC	Aceptada. Pendente de aplicación. Mantense a recomendación




Cod. Validación: 42SHTGL709265QDWP5KGNMHQD | Corrección: <https://consellocontasgalicia.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 125 a 192



Memoria de Actividades 2021

R	<i>11. Deben actualizarse os documentos de relación entre o Sergas e as entidades dependentes e aprobarse os contratos de xestión para as axencias. Tamén se debe asegurar, a efectos da correcta consolidación de contas, que as obrigas recoñecidas a favor destas entidades se contabilicen de forma homoxénea e no marco dos instrumentos de relación.</i>
C	ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: SERVIZO GALEGO DE SAÚDE/CONSELLERÍA DE SANIDADE. DECISIÓN: ACEPTADA. CONTESTACIÓNS: Esta recomendación está implantada parcialmente e/ou en fase de implantación. Actualmente está aprobado o contrato-programa co 061. Estanse tramitando os contratos-programa con Medicina Xenómica (pendente de enviar a aprobación do Consello da Xunta), de INGO e de Galaria. Está tamén na fase final de tramitación o documento da Axencia de Coñecemento. ACTUACIÓNS PROPOSTAS: Levar a cabo no exercicio actual as actuacións necesarias para a aprobación dos documentos de relación entre o Sergas e as fundacións, axencias e sociedades. ÓRGANO RESPONSABLE: Consellería de Sanidade/Servizo Galego de Saúde. PRAZO DE IMPLANTACIÓN: 2022
AC	Aceptada. Parcialmente aplicada. Mantense a recomendación


R	<i>12. Debe avaliarse a adecuación do modelo de relación coas entidades dependentes nas que o seu obxecto é a prestación de servizos.</i>
C	ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: SERVIZO GALEGO DE SAÚDE/CONSELLERÍA DE SANIDADE. DECISIÓN: ACEPTADA. CONTESTACIÓNS: Esta recomendación está relacionada coa anterior (9). Na medida en que se están actualizando os documentos de relación entre o Sergas e as entidades dependentes do Sergas ou da Consellería de Sanidade, estase dando cumprimento a esta recomendación. ACTUACIÓNS PROPOSTAS: Tramitación e aprobación dos documentos de relación da Consellería de Sanidade/Sergas coas entidades dependentes. ÓRGANO RESPONSABLE: Consellería de Sanidade/Servizo Galego de Saúde. PRAZO DE IMPLANTACIÓN: 2022
AC	Aceptada. Pendente de aplicación. Mantense a recomendación





R	13. Debería limitarse o emprego do Fondo de Manobra e os pagamentos a xustificar en aras á transparencia xa que as melloras e axilidade na tramitación dos pagamentos en firme non xustifican o seu emprego.
C	ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: SERVIZO GALEGO DE SAÚDE/CONSELLERÍA DE SANIDADE. DECISIÓN: Aceptada parcialmente. CONTESTACIÓNS: O fondo de manobra emprégase nos casos absolutamente imprescindibles e naqueles outros que facilitan a xestión de forma considerable como no caso no que hai un número moi importante de terceiros implicados. Os pagamentos a xustificar só se empregan nos Servizos Centrais do Servizo Galego de Saúde e na Consellería de Sanidade. ACTUACIÓNS PROPOSTAS: Estudio e revisión do emprego dos pagamentos a xustificar. ÓRGANO RESPONSABLE: Consellería de Sanidade/Servizo Galego de Saúde. PRAZO DE IMPLANTACIÓN: Parcialmente aplicada.
AC	Aceptada. En proceso de aplicación. Mantense a recomendación

R	14. Debería modificarse a estrutura da clasificación orgánica do orzamento para adecuarse ás novas estruturas de xestión co fin de posibilitar un maior control, responsabilidade e eficiencia na xestión do orzamento
C	ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: SERVIZO GALEGO DE SAÚDE/CONSELLERÍA DE SANIDADE. DECISIÓN: Rexeitada. CONTESTACIÓNS: A clasificación orgánica do orzamento está adaptada ás novas estruturas de xestión (Áreas Sanitarias e Servizos Centrais do Servizo Galego de Saúde). Cada unha das Áreas Sanitaria conta co seu propio orzamento de gastos cunha clasificación orgánica propia e cada Área é responsable da execución do seu propio orzamento. ACTUACIÓNS PROPOSTAS: Son as recollidas na elaboración anual dos anteproxectos de orzamentos. ÓRGANO RESPONSABLE: Consellería de Sanidade e Sergas/Consellería de Facenda e Administración Pública. PRAZO DE IMPLANTACIÓN: Implantada ----- ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: DX Planificación e Orzamentos DECISIÓN: CONTESTACIÓNS: A estrutura orgánica do orzamento é a que se deriva dos distintos decretos de estrutura da Administración da CC.AA. Ademais os Plans estratéxicos permiten a través dun amplo conxunto de indicadores valorar a eficiencia e a eficacia na execución dos orzamentos. De feito o seguimento do plan estratéxico xa forma parte dos orzamentos anuais. ÓRGANO RESPONSABLE: DX Planificación e Orzamentos.
AC	Non aceptada. Non aplicada. Mantense a recomendación



Cod. Validación: 42SHTGL709265QDWP5KGNMHQD | Corrección: https://consellocontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma esPública | Páxina 127 a 192




5. INFORME ECONÓMICO-FINANCIERO DAS ENTIDADES INSTRUMENTAIS. EJERCICIO 2019

Recomendacións aceptadas parcialmente aplicadas


Nos cadros que se insiren de seguido figuran o texto das recomendacións (R), as contestacións formuladas polas entidades fiscalizadas (C) e a avaliación do Consello de Contas (AC).

R	<i>1. Actualizar o marco de contabilidade pública ben mediante a aprobación dun novo plan galego ou ben acolléndose ao Plan xeral de contabilidade pública aprobado pola Administración central.</i> Esta recomendación foi aceptada e iniciouse a súa aplicación. A Lei 7/2019, do 23 de decembro, de medidas fiscais e administrativas incorpora unha modificación do Texto refundido da lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia sobre a estrutura e contido da Conta Xeral. O desenvolvemento normativo desta reforma e a aprobación do novo plan atópanse pendentes de aplicación.
C	ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: IXCA DECISIÓN: Aceptada. ACTUACIÓNS PROPOSTAS: É preciso abordar a reforma e actualización do marco normativo en materia económica, orzamentaria e contable, que inclúa a aprobación dun novo plan de contabilidade pública da Comunidade Autónoma así como as directrices necesarias para poder acadar unha visión consolidada das contas do sector público autonómico. Ademais nos traballos de reforma e actualización do marco normativo en materia económica, orzamentaria e contable, que inclúa a aprobación dun novo Plan de contabilidade pública da Comunidade Autónoma realizarase unha revisión do contido das memorias. A aprobación do no Plan de Contabilidade Pública de Galicia responde á Resolución 5 do Pleno do Parlamento de Galicia do 26 de marzo de 2019. ÓRGANO RESPONSABLE: Intervención Xeral da Comunidade Autónoma PRAZO DE IMPLANTACIÓN: 2022-2023
AC	Aceptada. Parcialmente aplicada. Mantense a recomendación





R	2. Xerar información contable consolidada que ofrezca unha visión global da situación económica do sector público autonómico. En particular, en liña coa memoria dos orzamentos iniciais, incluír na Conta Xeral un estado de liquidación orzamentario de gastos e ingresos do conxunto do sector público autonómico. Esta recomendación foi aceptada e verificouse que no exercicio 2019 xúntase á Conta xeral unha memoria con información consolidada na que se debe afondar para incorporar tamén información das entidades con orzamento estimativo.
C	ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: IXCA DECISIÓN: Aceptada e pendente de realización ACTUACIÓNS PROPOSTAS: É preciso abordar a reforma e actualización do marco normativo en materia económica, orzamentaria e contable, que inclúa a aprobación dun novo Plan de contabilidade pública da Comunidade Autónoma así como as directrices necesarias para poder acadar unha visión consolidada das contas do sector público autonómico. Ademais nos traballos de reforma e actualización do marco normativo en materia económica, orzamentaria e contable, que inclúa a aprobación dun novo plan de contabilidade pública da Comunidade Autónoma realizarase unha revisión do contido das memorias. A aprobación do novo Plan de Contabilidade Pública de Galicia responde á Resolución 5 do Pleno do Parlamento de Galicia do 26 de marzo de 2019. ÓRGANO RESPONSABLE: Intervención Xeral da Comunidade Autónoma PRAZO DE IMPLANTACIÓN:
AC	Aceptada. Parcialmente aplicada. Mantense a recomendación



Memoria de Actividades 2021


R	<i>3. Establecer sistemas de control sobre os consorcios, os fondos de capital risco e as fundacións e sociedades públicas nas que a participación da Xunta non é superior ao 50% pero nas que é o socio público maioritario.</i> Aprécianse avances no control dos consorcios mediante a contratación por parte da Intervención Xeral de auditorías sobre as súas contas anuais. Débese seguir afondando no control destas entidades e incluíndo no ámbito de control as fundacións e sociedades nas que a Xunta sexa socio maioritario aínda que participe con outras administracións sen que ningunha illadamente ostente unha posición de control.
C	ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: Intervención Xeral da Comunidade Autónoma DECISIÓN: Aceptada e parcialmente aplicada. CONTESTACIÓNS: De conformidade co disposto no artigo 122.3 da Lei 40/2015, de 1 de outubro de 2015, de Réxime Xurídico do Sector Público, realízase anualmente unha auditoría de contas dos consorcios autonómicos. No que respecta aos fondos de capital risco estase a realizar unha auditoría de sistemas de Xesgalicia que inclúe expresamente a avaliación do procedemento que segue a entidade en relación coa toma de decisión de investimento, os criterios de seleccións aplicados e, con carácter xeral, o sistema de xestión, execución, seguimento e control das operacións que realizan dos Fondos de Capital-Risco e Sociedades de Capital Risco administradas. ACTUACIÓNS PROPOSTAS: Con carácter xeral, estase a estudar a mellora de todo o sistema de control e auditoría. En particular, os fondos de capital risco son xestionados por Xesgalicia. Na auditoría de legalidade da mesma analizáronse a xestión da mesma en relación cos fondos de capital risco da Xunta. No que respecta aos consorcios, mediante acordo do Consello de decembro do 2021, incluíuse ao CGSIB no ámbito do control financeiro permanente. No Plan da OGAC para o 2022 terase en conta esta recomendación ÓRGANO RESPONSABLE: Intervención Xeral da Comunidade Autónoma PRAZO DE IMPLANTACIÓN:
AC	Aceptada. Parcialmente aplicada. Mantense a recomendación





R	<i>4. Someter a avaliación periódica o funcionamento das axencias para xulgar se están a cumprir os seus obxectivos e constitúe a forma máis eficiente para acadalos. Este control de eficacia ten que ter como base o contrato de xestión das entidades polo que estes deben ser elaborados e aprobados en cada axencia.</i>
C	ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa DECISIÓN: Aceptada CONTESTACIÓNS: O Plan xeral de xestión e mellora da calidade dos servizos do sector público autonómico de Galicia 2021-2023 preveu como primeira medida "impulsar a elaboración dos instrumentos de xestión das entidades instrumentais do sector público autonómico de Galicia". Dentro desta medida, como actuación concreta, aprobouse o Programa de mellora da xestión das entidades integrantes do sector público autonómico de Galicia, que distribuíu as súas actuacións nun marco temporal de tres anos, cunha planificación que centrou os esforzos durante o ano 2021 na dotación de contratos de xestión para as axencias públicas autonómicas, no ano 2022 na aprobación de contratos programa para as fundacións do sector público autonómico de Galicia e no ano 2023, na aprobación destes instrumentos para as sociedades mercantís públicas autonómicas. Actualmente contan con contrato de xestión aprobado as seguintes entidades: a Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia 061, o Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia, a Axencia Galega de Calidade Alimentaria, a Axencia Galega de Infraestruturas, a Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecido, a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde e a Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica. Co obxecto de facilitar a localización dos contratos de xestión e contratos programa creouse ademais un apartado específico no Portal de Transparencia e Goberno Aberto. ACTUACIÓNS PROPOSTAS: Finalizar a tramitación dos contratos de xestión das axencias públicas autonómicas e continuar coa execución da Fase II do Programa de mellora da xestión das entidades integrantes do sector público autonómico de Galicia centrada na aprobación de contratos programa para as fundacións do sector público autonómico. ÓRGANO RESPONSABLE: O órgano responsable da execución final das actuacións son as propias entidades instrumentais. O proceso impulsarase e coordinarase dende DXARA. PRAZO DE IMPLANTACIÓN: 2022-2023
AC	Aceptada. Parcialmente aplicada. Mantense a recomendación


R	<i>5. Elaborar por parte da Intervención Xeral un informe comprensivo dos principais resultados de control financeiro permanente e auditoría pública.</i>
C	ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: Intervención Xeral da Comunidade Autónoma DECISIÓN: Aceptada e pendente de realización CONTESTACIÓNS: O Plan de Control Financeiro e Auditoría Pública para o ano 2022 da Oficina Galega de Auditoría e Control inclúe expresamente a elaboración dun informe resumo de todas as actuacións de control recollidas nel. ÓRGANO RESPONSABLE: Intervención Xeral da Comunidade Autónoma PRAZO DE IMPLANTACIÓN: 2022
AC	Aceptada. Parcialmente aceptada. Mantense a recomendación



Recomendacións aceptadas pendentes de aplicación

R	<i>6. Incluir na memoria dos organismos autónomos a información prevista no plan público co fin de que estas poidan explicar, comentar e ampliar a información dos restantes estados contables.</i>
C	ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: IXCA DECISIÓN: Aceptada e pendente de realización ACTUACIÓN PROPOSTAS: É preciso abordar a reforma e actualización do marco normativo en materia económica, orzamentaria e contable, que inclúa a aprobación dun novo plan de contabilidade pública da Comunidade Autónoma así como as directrices necesarias para poder acadar unha visión consolidada das contas do sector público autonómico. Ademais nos traballos de reforma e actualización do marco normativo en materia económica, orzamentaria e contable, que inclúa a aprobación dun novo plan de contabilidade pública da Comunidade Autónoma realizarase unha revisión do contido das memorias. A aprobación do no Plan de Contabilidade Pública de Galicia responde á Resolución 5 do Pleno do Parlamento de Galicia do 26 de marzo de 2019. ÓRGANO RESPONSABLE: Intervención Xeral da Comunidade Autónoma PRAZO DE IMPLANTACIÓN:
AC	Aceptada. Pendente de aplicación. Mantense a recomendación


R	<i>7. Elaborar instrucións, guías e resolucións que desenvolvan a normativa contable, en particular, desenvolver o formato e contido da información económico-financeira que deben achegar as entidades instrumentais, así como a información adicional que deben facilitar as entidades sometidas ao plan de contabilidade privado.</i>
C	ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: IXCA DECISIÓN: Aceptada e pendente de realización ACTUACIÓN PROPOSTAS: É preciso abordar a reforma e actualización do marco normativo en materia económica, orzamentaria e contable, que inclúa a aprobación dun novo plan de contabilidade pública da Comunidade Autónoma así como as directrices necesarias para poder acadar unha visión consolidada das contas do sector público autonómico. Ademais nos traballos de reforma e actualización do marco normativo en materia económica, orzamentaria e contable, que inclúa a aprobación dun novo Plan de contabilidade pública da Comunidade Autónoma realizarase unha revisión do contido das memorias. A aprobación do no Plan de Contabilidade Pública de Galicia responde á Resolución 5 do Pleno do Parlamento de Galicia do 26 de marzo de 2019. ÓRGANO RESPONSABLE: Intervención Xeral da Comunidade Autónoma PRAZO DE IMPLANTACIÓN:
AC	Aceptada. Pendente de aplicación. Mantense a recomendación





R	<i>8. Poñer en marcha o rexistro das entidades dependentes prevista na LOFAXGA e establecer sistemas de identificación das entidades que poden reunir os requisitos legais para seren consideradas integrantes do sector público autonómico.</i>
C	ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: Intervención Xeral da Comunidade Autónoma DECISIÓN: Aceptada e pendente de realización ACTUACIÓNS PROPOSTAS: Dende a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma estase a traballar na posta en marcha do Rexistro de entidades previsto no artigo 52 da LOFAXGA, dando tamén cumprimento a proposta de resolución número 7 aprobada polo Pleno do Parlamento de Galicia na súa sesión de 26 de marzo de 2019. ÓRGANO RESPONSABLE: Intervención Xeral da Comunidade Autónoma PRAZO DE IMPLANTACIÓN: 2022
AC	Aceptada. Pendente de aplicación. Mantense a recomendación

R	<i>9. Instar aos entes instrumentais a subministrar información sobre o custo de actividades e indicadores de xestión como medio para avanzar na dirección por obxectivos e no control de eficiencia.</i>
C	ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa DECISIÓN: Aceptada CONTESTACIÓNS: O Plan xeral de xestión e mellora da calidade dos servizos do sector público autonómico de Galicia 2021-2023 preveu como primeira medida "impulsar a elaboración dos instrumentos de xestión das entidades instrumentais do sector público autonómico de Galicia". Dentro desta medida, como actuación concreta, aprobouse o Programa de mellora da xestión das entidades integrantes do sector público autonómico de Galicia, que distribuíu as súas actuacións nun marco temporal de tres anos, cunha planificación que centrou os esforzos durante o ano 2021 na dotación de contratos de xestión para as axencias públicas autonómicas, no ano 2022 na aprobación de contratos programa para as fundacións do sector público autonómico de Galicia e no ano 2023, na aprobación destes instrumentos para as sociedades mercantís públicas autonómicas. Ao longo do 2021 comezaronse os traballos para a elaboración dos contratos de xestión, que se centraron nas axencias públicas autonómicas, e procedeuse á aprobación dos contratos das seguintes entidades: a Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia -061, o Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia, a Axencia Galega de Calidade Alimentaria e a Axencia Galega de Infraestruturas. Así mesmo, xa se comezaron os traballos de elaboración dos contratos de xestión das demais axencias públicas autonómicas e estanse comezando coa elaboración por parte dalgunhas fundacións do sector público autonómico, en concreto da Axencia Galega de Servizos Sociais, a Axencia Tributaria de Galicia, a Axencia Galega de Industrias Culturais, a Axencia Galega da Industria Forestal, a Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos, o Instituto Enerxético de Galicia, a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, a Axencia de Turismo de Galicia, a Axencia Galega de Innovación, o Instituto Galego de Promoción Económica, a Axencia Galega Para A Xestión do Coñecemento en Saúde, a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, a Fundación Pública Galega de Medicina Genómica e a Fundación Pública Instituto Galego De Oftalmoloxía. ACTUACIÓNS PROPOSTAS: Finalizar a tramitación dos contratos de xestión das axencias públicas autonómicas que actualmente están en fase máis avanzada e continuar coa execución da Fase II do Programa de mellora da xestión das




Cod. Validación: 425HTGL709265QDWP5KGNMHQD | Corrección: https://consellocontasgalicia.sedelectronica.gal/ Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 133 a 192



Memoria de Actividades 2021

	entidades integrantes do sector público autonómico de Galicia centrada na aprobación de contratos programa para as fundacións do sector público autonómico. Así mesmo, habilitarase un novo espazo no Portal de Transparencia e Goberno Aberto no que se irán publicando os contratos de xestión e contratos programa conforme se vaian aprobando. ÓRGANO RESPONSABLE: O órgano responsable da execución final das actuacións son as propias entidades instrumentais. O proceso impulsarase e coordinarase dende DXARA. PRAZO DE IMPLANTACIÓN: 2022-2023
AC	Aceptada. Pendente de aplicación. Mantense a recomendación

R	<i>10. Instar aos consorcios e fundacións públicas nas que a Administración autonómica participe á adaptación dos seus estatutos para sinalar expresamente cal é a Administración de adscrición tal como esixe a normativa básica contida na Lei 40/2015 de réxime xurídico do sector público.</i>
C	ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa DECISIÓN: Aceptada ACTUACIÓNS PROPOSTAS: A Xunta de Galicia instará aos consorcios e fundacións públicas do sector público autonómico á adaptación dos seus estatutos para sinalar expresamente cal é a administración de adscrición. ÓRGANO RESPONSABLE: O órgano responsable da execución final das actuacións son as propias entidades instrumentais. O proceso impulsarase e coordinarase dende DXARA. PRAZO DE IMPLANTACIÓN: 2022-2023
AC	Aceptada. Pendente de aplicación. Mantense a recomendación






R	<i>11. Ampliar as restantes axencias, as entidades públicas empresariais, fundacións e sociedades á participación da Intervención Xeral na contratación e seguimento dos traballos e informes de auditoría de contas anuais.</i>
C	ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: Intervención Xeral da Comunidade Autónoma DECISIÓN: Aceptada. ACTUACIÓNS PROPOSTAS: A Intervención Xeral está a realizar a auditoría das contas anuais das axencias e consorcios autonómicos. Nos futuros plans de control que se desenrolen por parte da OGAC estudarase a posibilidade da implantación de auditorías de contas anuais ás restantes entidades do sector público autonómico. ÓRGANO RESPONSABLE: Intervención Xeral da Comunidade Autónoma PRAZO DE IMPLANTACIÓN:
AC	Aceptada. Pendente de aplicación. Mantense a recomendación

Recomendacións do exercicio 2019

R	<i>12. Actualizar a normativa de réxime financeiro e orzamentario en materia de control e regular o tipo de control aplicable ás distintas entidades conciliando o perímetro dos orzamentos e da Conta xeral coas sometidas a control interno, nas súas distintas modalidades, por parte da Intervención Xeral.</i>
C	ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: IXCA DECISIÓN: Aceptada CONTESTACIÓNS: A Intervención Xeral comprende a recomendación do Consello de Contas, estando de acordo en que calquera actuación que mellore o control debe ser considerada para a súa implementación na medida do posible. Esta recomendación debe ser contextualizada xunto con outras recomendacións que realiza o Consello de Contas, e tamén xunto con outras moitas actuacións necesarias para a evolución e desenvolvemento global do control financeiro e auditoría que é necesario acometer. Dende a Intervención Xeral estase a estudar a mellora global do control financeiro, proceso que xa arrancou coa creación da OGAC. ÓRGANO RESPONSABLE: IXCA PRAZO DE IMPLANTACIÓN:
AC	Aceptada. Pendente de aplicación. Mantense a recomendación



Memoria de Actividades 2021

R	13. Someter a auditoría contable as contas anuais dos organismos autónomos.
C	ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: IXCA DECISIÓN: CONTESTACIÓNS: Este tipo de entidades xa están sometidas a un control por parte da Xunta, ben fiscalización previa ou control financeiro. Así mesmo, a Intervención Xeral comprende a recomendación do Consello de Contas, estando de acordo en que calquera actuación que mellore o control debe ser considerada para a súa implementación na medida do posible. Esta recomendación debe ser contextualizada xunto con outras recomendacións que realiza o Consello de Contas, e tamén xunto con outras moitas actuacións necesarias para a evolución e desenvolvemento global do control financeiro e auditoría que é necesario acometer. ÓRGANO RESPONSABLE: IXCA PRAZO DE IMPLANTACIÓN:
AC	Aceptada. Pendente de aplicación. Mantense a recomendación





INFORMES NON RECORRENTES


6. INFORME DE FISCALIZACIÓN DA TESOURERÍA DA ADMINISTRACIÓN XERAL. EXERCICIO 2014-2016

Nos cadros que se insiren de seguido figuran o texto das recomendacións (R), as contestacións formuladas polas entidades fiscalizadas (C) e a avaliación do Consello de Contas (AC).

Recomendacións que se manteñen vixentes

R	1. Recoméndase segregar as contas contables ata un nivel suficiente que permita identificar os saldos dos distintos tipos de contas bancarias e coñecer a xestión realizada en relación cos pagamentos a xustificar.
C	ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: Intervención Xeral da Comunidade Autónoma DECISIÓN: Aceptada e pendente de realización ACTUACIÓNS PROPOSTAS: No eido da nova normativa que se aprobará para a actualización do marco contable abordárase esta cuestión. ÓRGANO RESPONSABLE: Intervención Xeral da Comunidade Autónoma PRAZO DE IMPLANTACIÓN: 2022
AC	Aceptada. Pendente de aplicación. Mantense a recomendación

R	2. Debería implantarse un proceso informático contable que integrando as contas de habilitación asegure a consistencia de datos entre as existencias en metálico das actas de arqueo e o saldo final do estado de situación de fondos.
C	ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: Intervención Xeral da Comunidade Autónoma DECISIÓN: Aceptada e pendente de realización CONTESTACIÓNS: A Intervención Xeral acepta a recomendación do Consello de Contas, estando de acordo en que calquera actuación que mellore a información e transparencia debe ser considerada para a súa implementación na medida do posible. Esta recomendación debe ser contextualizada xunto con outras recomendacións que realiza o Consello de Contas, e tamén xunto con outras moitas actuacións necesarias para a evolución e desenvolvemento do sistema contable e da contabilidade da Xunta de Galicia e do Sector Público de Galicia que é necesario acometer. ÓRGANO RESPONSABLE: IXCA PRAZO DE IMPLANTACIÓN:
AC	Aceptada. Pendente de aplicación. Mantense a recomendación




Cod. Validación: 42SHTGL7Q9265QDW5KGNMHQD | Corrección: <https://consellocontasgalicia.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 137 a 192



Memoria de Actividades 2021

R	3. Recoméndase que a Dirección Xeral de Política Financeira e Tesouro ou a Intervención Delegada de Facenda realicen unha circularización anual de todas as posicións activas e pasivas da Tesourería da Comunidade Autónoma, que permita un maior control das contas de habilitación e de centros con autonomía de xestión.
C	ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACION: DXPFTeFE. DECISIÓN: Aceptada CONTESTACIÓN: Creación e posta en funcionamento do rexistro de Contas de acordo co establecido no Art. 18 da orde do 2 de decembro de 2019. ACTUACIÓNS PROPOSTAS: Envío diario de ficheiros por canal editran por parte das entidades e os saldos das contas de habilitación e de centros con autonomía de xestión. Necesidade de autorización da DXPFTFE para a apertura de contas nunha entidade de crédito. Circularización coas entidades para depuración dos datos do Rexistro. ÓRGANO RESPONSABLE: DXPFTeFE PRAZO DE IMPLANTACIÓN: 2022
AC	Aceptada. Pendente de aplicación. Mantense a recomendación





7. INFORME DE FISCALIZACIÓN DO PROCEDEMENTO DE XESTIÓN DO INVENTARIO DE BENS DO SERGAS. EXERCICIOS 2014 A 2016

Nos cadros que se insiren de seguido figuran o texto das recomendacións (R), as contestacións formuladas polas entidades fiscalizadas (C) e a avaliación do Consello de Contas (AC).

Recomendacións que se manteñen vixentes


R	1. Coa finalidade de permitir que o inventario contribúa a amosar a imaxe fiel da situación patrimonial do Sergas o organismo debería elaborar o balance, a conta do resultado económico-patrimonial e a memoria, como resultado seu sometemento ao réxime de contabilidade pública.
C	ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: Servizo Galego de Saúde DECISIÓN: Aceptada. CONTESTACIÓNS: O Servizo Galego de Saúde contabiliza todas as súas operacións no sistema contable XUMCO. ACTUACIÓNS PROPOSTAS: Coordinación coa Intervención Xeral para a aplicación do Plan Xeral de Contabilidade Pública. ÓRGANO RESPONSABLE: Intervención Xeral/Sergas. PRAZO DE IMPLANTACIÓN: En proceso de implantación.
AC	Aceptada. Pendente de aplicación. Mantense a recomendación

R	2. Sería aconsellable establecer un mecanismo de conexión entre a aplicación de xestión do inventario coas aplicacións de compras e mantemento de activos.
C	ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: Servizo de Patrimonio. DX Recursos Económicos do SERGAS. DECISIÓN: Aceptada. CONTESTACIÓNS: Mesmo programa informático para inventario e mantemento. Complexidade informática para a conexión co aplicativo de compras. En Vigo xa está implantando dende o ano 2021, por problemas de configuración non se implantou nas outras Area Sanitarias. ACTUACIÓNS PROPOSTAS: Implantación no 2022 ÓRGANO RESPONSABLE: Servizo de Patrimonio PRAZO DE IMPLANTACIÓN: 1 a 15 de marzo Área Sanitaria de Pontevedra, 16 ao 31 de Marzo Ourense, 1 ao 15 de abril Santiago, 16 de abril a 30 de abril Ferrol, del 1 ao 15 de maio Lugo y del 16 ao 30 de maio A Coruña.
AC	Aceptada. Parcialmente aplicada. Mantense a recomendación



Memoria de Actividades 2021

R	3. Debería arbitrarse un sistema informático que permitise o enlace entre a aplicación da contabilidade orzamentaria do Sergas e a de xestión de inventario.
C	ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: SERVIZO GALEGO DE SAÚDE DECISIÓN: Aceptada CONTESTACIÓNS: Necesidade dun cambio do programa de inventario ACTUACIÓNS PROPOSTAS: Este programa estaría enlazado cos programas de compras e mantemento de activos e a primeira fase sería o traspaso de datos do actual programa de inventario A4 ao novo , partindo de que os datos e os parámetros utilizados serían os mesmos. Esta implantación utilizará novas funcionalidades que permitan a conexión tamén coa contabilidade orzamentaria. ÓRGANO RESPONSABLE: SERGAS PRAZO DE IMPLANTACIÓN: ---
AC	Aceptada. Pendente de aplicación. Mantense a recomendación



**8. INFORME DE FISCALIZACIÓN DA RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL DO SERGAS. EX 2017**

Nos cadros que se insiren de seguido figuran o texto das recomendacións (R), as contestacións formuladas polas entidades fiscalizadas (C) e a avaliación do Consello de Contas (AC).

RECOMENDACIÓNS

R	1. Recoméndase potenciar a notificación de incidentes e eventos adversos e reforzar a análise exhaustiva da súa orixe e do impacto que supoñen, avanzando cara ao obxectivo de diminuír a súa frecuencia e minorar as súas consecuencias e efectos.
C	ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: Servizo Técnico Xurídico II. DECISIÓN: Aceptada e xa realizada. CONTESTACIÓNS: O Decreto 137/2019, do 10 de outubro, polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde sinala como un dos seus obxectivos principais a humanización na asistencia sanitaria; este modelo pretende ter como un dos obxectivos principais analizar, avaliar e mellorar os aspectos que teñen que ver con dimensións cualitativas da calidade da información, confidencialidade, o trato ou a accesibilidade aos servizos por parte dos nosos/as pacientes. Poténciase a mellora continua na organización, promovendo a mellora da humanización dos servizos asistenciais dos centros sanitarios do Servizo Galego de Saúde. Entre as funcións que se lle asignan ao Servizo de Humanización e Atención á Cidadanía (dependente da subdirección xeral homónima) está a coordinación e o impulso de actuacións de conciliación de conflitos entre pacientes e institucións sanitarias e a potenciación e coordinación da rede de cidadáns/ as mediadores/ as. Así mesmo, no relativo á análise, a plataforma RRPPA permite desagregar información dos expedientes en materia de responsabilidade patrimonial por centro e por servizo sanitario, sendo unha ferramenta de análise sobre a orixe e incidencia das reclamacións nesta materia. ACTUACIÓNS PROPOSTAS: En relación co decreto de estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde, como xa se expuxo, creáronse unha serie de unidades que xa están en funcionamento en cada unha das áreas sanitarias. Asemade, coas últimas actualizacións do aplicativo de responsabilidade patrimonial da Consellería de Sanidade conseguiuase que se filtre o número de expedientes por centro hospitalario e incluso por especialidade médica, o cal facilita a análise da súa orixe e o impacto que supoñen sobre o total. Así mesmo, dende o Servizo Técnico Xurídico II, de acordo co tratamento dos datos que se poden extraer dos aplicativos informáticos, faise un seguimento dos custos económicos de cada expediente, unha análise dos principais tipos de sinistros e as súas causas, a evolución da xurisprudencia nunha materia tan sensible como a responsabilidade patrimonial, etc. ÓRGANO RESPONSABLE: SECRETARÍA XERAL TÉCNICA DA CONSELLERÍA DE SANIDADE. PRAZO DE IMPLANTACIÓN: Non procede.
AC	Aceptada. Non verificada. Mantense a recomendación




Memoria de Actividades 2021

R	2. Considérase necesario poñer en funcionamento unha plataforma informática integral única que recolla todos aqueles aspectos relativos á xestión das reclamacións de responsabilidade patrimonial. Na súa falta, recoméndase que se adopten medidas para unha maior integración e interconexión entre as aplicacións actualmente existentes, de forma que se facilite o transvasamento automático de información entre elas co obxecto de lograr unha maior coherencia, representatividade e homoxeneidade, así como un mellor seguimento das reclamacións desde o seu inicio ata a súa resolución definitiva.
C	ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: Servizo Técnico Xurídico II en colaboración coa Área de Transformación Dixital da Facenda Autonómica da Consellería de Facenda (CIXTEC - AMTEGA). DECISIÓN: Aceptada e pendente de realizar. CONTESTACIÓN: O obxectivo é que se produza unha integración dos aplicativos da Consellería de Facenda e da Consellería de Sanidade co fin de evitar duplicidades e disfuncionalidades no tratamento da información e na achega de datos e documentacións. Isto axudará a un mellor seguimento dos procedementos. ACTUACIÓNS PROPOSTAS: Implementación do servizo web para a integración do Sistema de Información de Xestión de Riscos e Sistemas de Información do Servizo Galego de Saúde/Consellería de Sanidade. ÓRGANO RESPONSABLE: AMTEGA (para a implementación do citado servizo web) e a Consellería de Sanidade, a cal terá que adaptar os seus aplicativos para a comunicación da información dos expedientes ao Sistema de Información de Xestión de Riscos. PRAZO DE IMPLANTACIÓN: A contrata está por dous anos, como se pode ver na seguinte ligazón: https://www.contratosdegalicia.gal/licitacionN=803926&OR=215&ID=801&S=C&lang=gl. Así pois, dende que se asine o contrato, haberá dous anos para realizalo.
AC	Aceptada. Pendente de aplicación. Mantense a recomendación





R	3. Recoméndase, ademais, a mellora das aplicacións informáticas utilizadas de forma que permitan a explotación de información estatística agregada sobre todos aqueles aspectos relevantes, posibilitando unha adecuada análise que contribúa a un mellor desenvolvemento da xestión de riscos.
C	ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: Servizo Técnico Xurídico II. DECISIÓN: Aceptada e xa realizada CONTESTACIÓNS: No momento de realización do Informe de fiscalización da responsabilidade patrimonial do Servizo Galego de Saúde a plataforma RRPPA estaba na versión 01.12.0000, atopándose na actualidade, tras as melloras realizadas no aplicativo, na versión 01.23.0002, cuxa última actualización tivo data 24.01.2022. O aplicativo RRPPA está en constante actualización e mellora con intercambio de información e suxestións por parte das unidades tramitadoras aos servizos de soporte dos programas especiais. ACTUACIÓNS PROPOSTAS: Como xa se expuxo, as actualizacións da aplicación informática son continuas, sendo unha ferramenta en constante evolución. Son as propias unidades tramitadoras, nas distintas fases procedementais, as que poñen en coñecemento das persoas responsables da área de programas especiais (soporte informático) as súas inxerencias e propostas de mellora. Evidentemente, como calquera actualización informática, os tempos de resposta e implantación delas son maiores ou menores dependendo da magnitude da revisión que se propón. Sinalar como dato orientativo que, polo menos, realízase unha actualización anual da plataforma. No anterior estudo de seguimento das recomendacións formuladas (que se levou a cabo na segunda metade do ano 2020) o aplicativo funcionaba coa versión 01.23.0000. ÓRGANO RESPONSABLE: SECRETARÍA XERAL TÉCNICA SANIDADE. PRAZO DE IMPLANTACIÓN: Non procede.
AC	Aceptada. Non verificada. Mantense a recomendación



Cod. Validación: 42SHTGL709265QDW5KGNMHQD | Corrección: <https://consellocontasgalicia.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 143 a 192



Memoria de Actividades 2021


R	4. Considérase conveniente que a prima correspondente á responsabilidade patrimonial sanitaria apareza detallada e diferenciada na póliza que se subscriba para permitir, así, un mellor coñecemento da súa idoneidade e da súa adecuación á evolución da sinistralidade.
C	ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: Servizo Técnico Xurídico II coa colaboración da Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio da Consellería de Facenda. DECISIÓN: Non aceptada. CONTESTACIÓNS: A póliza que cubre a responsabilidade civil/patrimonial da Administración autonómica é única dende hai moitos anos, con dúas seccións, pero única. Con isto preténdese, por un lado, garantir unha mellor xestión, coordinación e seguimento, e por outro, aproveitar as sinerxías que diso se derivan, favorecendo a presentación de ofertas que dalgunha maneira permitan "integrar" ou compensar os distintos tipos de aseguramento. Mentres a Consellería de Facenda e Administración Pública, como tomadora da póliza pola súa condición de órgano competente en materia de seguros, considere conveniente saír aos mercados cunha única póliza, non estamos en disposición de distribuír a prima entre ambas as dúas. Esta opción é tamén a recomendada pola corredoría de seguros contratada por esa consellería, como entidade encargada do asesoramento especializado nesta materia. ACTUACIÓNS PROPOSTAS: Non procede. ÓRGANO RESPONSABLE: SECRETARÍA XERAL TÉCNICA DA CONSELLERÍA DE SANIDADE/CONSELLERÍA DE FACENDA. PRAZO DE IMPLANTACIÓN: Non procede.
AC	Non aceptada. Non aplicada. Mantense a recomendación

R	5. O funcionamento da Comisión de Seguimento debería ser obxecto dunha regulación que estableza aspectos como a súa composición, a periodicidade das reunións, as súas atribucións e as pautas procedimentais.
C	ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: Servizo Técnico Xurídico II. DECISIÓN: Non aceptada. CONTESTACIÓNS: A Comisión de Seguimento (da que forma parte esencial tamén a Consellería de Facenda) se reúne regularmente para tratar sobre expedientes concretos de responsabilidade patrimonial sanitaria e ten a súa base na relación contractual entre a Consellería de Facenda e a compañía aseguradora que cubre esta clase de sinistros, a cal normalmente acaba facendo fronte á posible responsabilidade económica da Administración. A razón da súa existencia, regulada nos pregos de prescricións da contratación correspondente, é a necesidade de ter controlado o risco e minimizar a dita responsabilidade, o que beneficia tanto á Administración Pública como á compañía de seguros. Considérase que a devandita comisión está suficientemente regulada nos pregos de prescricións que recollen a relación contractual entre a compañía de seguros, a corredoría e a Consellería de Facenda. ACTUACIÓNS PROPOSTAS: Non procede. ÓRGANO RESPONSABLE: SECRETARÍA XERAL TÉCNICA DA CONSELLERÍA DE SANIDADE/CONSELLERÍA DE FACENDA. PRAZO DE IMPLANTACIÓN: Non procede.
AC	Non aceptada. Non aplicada. Mantense a recomendación





R	6. As circunstancias do sector asegurador no ámbito sanitario e o elevado aumento das primas fan aconsellable a avaliación e estudo doutras posibles alternativas para a cobertura dos riscos derivados das reclamacións patrimoniais sanitarias.
C	ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: Servizo Técnico Xurídico II coa colaboración da Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio da Consellería de Facenda. DECISIÓN: Aceptada e xa realizada. CONTESTACIÓNS: A transferencia do risco a un terceiro fai necesario contar cunha póliza de seguros. O aseguramento proporciona seguridade contra o risco e cumpre unha función económica dado que limita a incerteza económica sobre o futuro, xa que ao tratarse de riscos de acontecemento incerto (en canto ao propio feito, ao momento da súa realización e á súa contía), a existencia dun seguro evita un prexuízo económico continxente mediante un gravame económico real e soportable. ACTUACIÓNS PROPOSTAS: Dado que o contrato de seguro que cobre a responsabilidade civil/patrimonial da Xunta de Galicia vence o 04/10/2022, na actualidade estase estudando a sinistralidade da póliza e as alternativas que o mercado ofrece para satisfacer as necesidades desta Administración autonómica. ÓRGANO RESPONSABLE: SECRETARÍA XERAL TÉCNICA SANIDADE/CONSELLERÍA DE FACENDA. PRAZO DE IMPLANTACIÓN: Non procede.
AC	Aceptada. Non verificada. Mantense a recomendación




9. INFORME DE FISCALIZACIÓN DO CONCERTO CO HOSPITAL POVISA

Nos cadros que se insiren de seguido figuran o texto das recomendacións (R), as contestacións formuladas polas entidades fiscalizadas (C) e a avaliación do Consello de Contas (AC).

RECOMENDACIÓNS

R	1. O Sergas debe facer unha análise de custos das prestacións sanitarias (de tipo asistencial e farmacéutico) tendo en conta as características da poboación atendida para poder fixar con exactitude o importe da cápita a satisfacer a Povisa e permitir unha axeitada comparativa co custo por paciente atendido nos centros públicos. Isto obrigaría ao Sergas a establecer un sistema de contabilidade analítica e a realizar unha análise de eficacia e eficiencia na provisión pública da sanidade, o que permitiría ofrecer transparencia á forma de fixación da cápita do concerto.
C	ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: SERVIZO GALEGO DE SAÚDE DECISIÓN: Aceptada. CONTESTACIÓNS: No actual concerto establécese un sistema caputivo, a través da asignación dunha cápita por cada usuario dos que opten por recibir esta asistencia hospitalaria a través do sistema de libre elección. A cápita quedou fixada inicialmente en 540 €. Con data 1 de xaneiro de 2019 asínase a cláusula adicional 3§ ao concerto de 1 de setembro de 2014, pola que se modifican diferentes estipulacións ao mesmo, entre elas, a estipulación 4§ (Condicións económicas e revisión de prezos) pola que se reduce a cápita a 504,79 € e a estipulación 19§ (Condicións de execución) na que se indica que o Sergas levará a cabo as subministracións a Povisa da medicación subsidiaria de ser dispensada a pacientes externos na consulta externa de atención farmacéutica. Esta medida púxose en marcha no momento en que Povisa se adheriu ao aplicativo de xestión e prescrición do Sergas SILICON. Mediante a aplicación da cláusula quinta a cápita actualízase a 515,68 €. O cálculo do orzamento estableceuse consonte á metodoloxía empregada para a asignación de cápita por poboación de referencia. A metodoloxía tivo en conta os gastos dos hospitais do Servizo Galego de Saúde, en función da poboación que teñan asignada. Obtívose así o gasto por hospital por poboación. Así mesmo, dito gasto foi depurado por áreas de actividade (investigación, docencia, formación; coste estrutural, investimentos, actividade e poboación non incluída) co que se obtivo o gasto normalizado por hospital e área. Da depuración deste gasto, mediante a análise da oferta e a demanda das áreas por fluxo obtívose a cápita. Tomouse como punto de partida unha poboación de referencia de 139.000 persoas, como tope máximo. ACTUACIÓNS PROPOSTAS: Analizar a situación para a realización dun novo contrato, de ser o caso. A actual prórroga remata o día 31 de agosto de 2022. ÓRGANO RESPONSABLE: Servizo Galego de Saúde. PRAZO DE IMPLANTACIÓN: Non aplicar ata novo contrato de prestacións de asistencia sanitaria.
AC	Aceptada. Pendente de aplicación. Mantense a recomendación





10. INFORME SOBRE OS PROCESOS DE EXTINCIÓN DE ENTIDADES DEPENDENTES DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA. EJERCICIOS 2010-2016

Nos cadros que se insiren de seguido figuran o texto das recomendacións (R), as contestacións formuladas polas entidades fiscalizadas (C) e a avaliación do Consello de Contas (AC).


RECOMENDACIÓNS

R	1. Poñer en marcha os procesos de integración pendentes do persoal dos entes extinguidos homoxeneizando o réxime e condicións de todo o persoal ao servizo dunha mesma entidade.
C	ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: Dirección Xeral da Función Pública DECISIÓN: En execución CONTESTACIÓNS: Neste momento estanse a tramitar os procedementos de integración como persoal laboral da Xunta de Galicia do persoal laboral fixo procedente do extinto Cixtec e da EPOSH. Neste caso unha parte da tramitación do procedemento corresponde tanto a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Facenda e Administración Pública, no caso do Cixtec e a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, no caso da Eposh. Outra parte do procedemento corresponde á Dirección Xeral da Función Pública e a correspondente Comisión encargada de realizar a proposta de integración, comisión no que se atopan representadas á correspondente Secretaría Xeral Técnica, as Direccións Xerais de Función Pública e Avaliación e Reforma Administrativa e as organizacións sindicais presentes na Mesa Xeral de Empregados Públicos.
AC	Aceptada. Non verificada. Precísanse probas adicionais de comprobación. Mantense a recomendación

R	2. Realizar un estudo de avaliación en cada entidade co obxectivo de racionalizar as estruturas resultantes derivadas do persoal asumido e de amortizar e non repoñer as baixas nos postos de traballo non necesarios por duplicados ou redundantes o que reportaría un verdadeiro aforro económico nese horizonte temporal de medio prazo.
C	ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa DECISIÓN: Rexeitada CONTESTACIÓNS: Xa se procedeu a un estudo e avaliación de cada entidade, xa que os tres plans de racionalización do sector público activados foron precedidos dunha avaliación sistemática sobre o funcionamento dos devanditos organismos. Analizouse a estrutura organizativa, administrativa, financeira, de persoal e contractual das distintas entidades, así como a relación destas con outras administracións, institucións ou empresas, a avaliación de cada organismo concluíu cos informes de auditoría correspondentes. ACTUACIÓNS PROPOSTAS: ÓRGANO RESPONSABLE: PRAZO DE IMPLANTACIÓN: ---
AC	Aceptada. Non verificada. Precísanse probas adicionais de comprobación. Mantense a recomendación



R	3. Culminar o proceso de integración contable e adscrición dos bens das entidades extinguidas ás entidades que asumiron eses medios materiais.
C	Entidade que formula a contestación: Subdirección xeral de Xestión Económico-Patrimonial das Entidades Instrumentais do Sector Público Autonómico. Decisión: Con carácter xeral, pode concluírse que cuantitativamente, o proceso de adscrición, se procede, ou de integración, no seu caso, está executado nunha gran parte. Contestación: Como proba do anterior, sirvan as seguintes situacións a título de exemplo. En concreto: - Sociedade Autoestrada Alto de Santo Domingo- Ourense, S.A. (ACEOUSA). Actuacións propostas: Foi absorbida polo seu accionista único SOCIEDADE PÚBLICA DE INVESTIMENTOS DE GALICIA, S.A.U., con extinción mediante disolución sen liquidación e transmisión en bloque de todo o patrimonio á Sociedade Absorbente, que adquiriu, por sucesión universal, os dereitos e obrigas da Sociedade Absorbida. Acordo adoptado polas Xuntas Xerais o 29/04/2011 e con efectos desde o 16/06/2011. Órgano responsable: SPI Galicia. - BANTEGAL Actuacións propostas: De conformidade co artigo 16 da Lei 15/2010, de 28 de decembro de medidas fiscais e administrativas, mediante escritura outorgada o 29 de outubro de 2012, outorgada ante o Notario de Santiago D. José Manuel Amigo Vázquez, co número de protocolo n 2501, o seu patrimonio quedou integrado no da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural. Órgano responsable: Axencia Galega de Desenvolvemento Rural SOGASERSO Fundación Galega para a Prevención de Riscos Laborais Actuacións propostas: Mediante escritura outorgada o 2 de xullo de 2010, ante o Notario de Santiago de Compostela D. Manuel Remuñán López, co número de protocolo 1087, a Administración xeral da Comunidade Autónoma alleou as súas 9.450 accións de SOGASERSO, co que perdeu a súa condición de accionista na devandita sociedade. Órgano responsable: Secretaría xeral técnica e do Patrimonio da Consellería de Facenda e Administración Pública. Xestur A Coruña, S.A, Xestur Lugo, S.A., Xestur Ourense, S.A.,e Xestur Pontevedra, S.A. Actuacións propostas: Fusiónáronse nunha nova sociedade anónima denominada "XESTIÓN DO SOLO DE GALICIA-XESTUR, constituída mediante escritura outorgada ante o Notario de Santiago. Héctor Ramiro Pardo García, o 23 de decembro de 2013, co número de Protocolo 1814. Deste xeito, integrase todo o patrimonio no da sociedade de nova creación. Órgano responsable: Xestión do Solo de Galicia - Xestur, S.A. Sociedade de Imaxe e Promoción Turística de Galicia, S.A. Actuacións propostas: Trala súa liquidación, o seu patrimonio integrouse no da Administración xeral da Comunidade Autónoma. Procede sinalar que as instalacións da Barcia, onde radicaba o domicilio social de TURGALICIA foron adscritas á Axencia Turismo de Galicia. Órgano responsable: Axencia Turismo de Galicia. Sociedade para o Desenvolvemento Comarcal de Galicia, S.A.




Cod. Validación: 42SHTGL7Q9265QDW5KGNMHQD | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/ Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 148 a 192





	Actuacións propostas: De conformidade co artigo 16 da Lei 15/2010, de 28 de decembro de medidas fiscais e administrativas, o seu patrimonio integrouse no patrimonio da Comunidade Autónoma e adscrito á Axencia Galega de Desenvolvemento Rural. Destacan neste aspecto os inmobles que foron sede das Fundacións Comarcais de Castro Caldelas, Celanova e Ribadavia. Neste sentido subliñar que o que foi centro comarcal das terras de Caldelas foi cedido á Deputación de Ourense no 2017. En canto ás fundación Comarcais, rematado o proceso de liquidación, que foi supervisado polo Protectorado da Consellería de Medio Rural, sen que dispuxeran de bens inmobles, resultando na meirande parte dos casos mobiliario e equipamento de oficina que foi adscrito á Consellería de Medio Rural Órgano responsable: Axencia Galega de Desenvolvemento Rural.
AC	Aceptada. Non verificada. Precísanse probas adicionais de comprobación. Mantense a recomendación

R	4. Desenvolver o rexistro de entidades do sector público da Comunidade prevista na Lei de Organización e Funcionamento da Administración Xeral de Galicia.
C	ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: Intervención Xeral da Comunidade Autónoma DECISIÓN: Aceptada e pendente de realización CONTESTACIÓNS: ACTUACIÓNS PROPOSTAS: Dende a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma estase a traballar na posta en marcha do Rexistro de entidades previsto no artigo 52 da LOFAXGA, dando tamén cumprimento a proposta de resolución número 7 aprobada polo Pleno do Parlamento de Galicia na súa sesión de 26 de marzo de 2019. ÓRGANO RESPONSABLE: Intervención Xeral da Comunidade Autónoma PRAZO DE IMPLANTACIÓN: 2022
AC	Aceptada. Pendente de aplicación. Mantense a recomendación



Cod. Validación: 42SHTGL709265QDWP5KGNMHQD | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/ Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 149 a 192




11. INFORME DE SEGUIMIENTO DA FISCALIZACIÓN DO ENDEBEDAMENTO AUTONÓMICO EJERCICIOS 2013-2017

Nos cadros que se insiren de seguido figuran o texto das recomendacións (R), as contestacións formuladas polas entidades fiscalizadas (C) e a avaliación do Consello de Contas (AC).

Seguimento de recomendacións

R	1. A Administración autonómica deberá continuar cunha xestión prudente da débeda que permita garantir os maiores aforros posibles nos custos financeiros, tendo en conta a existencia de factores de risco significativos, como poden ser cambios nas favorables condicións financeiras do endebedamento autonómico en mans do Estado a través dos préstamos co ICO na Facidade Financeira (FF), un menor crecemento da economía rexional, ou unha menor inflación.
C	ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACION: DXPFTEFE DECISIÓN: Aceptada CONTESTACIÓNS: A Xunta de Galicia continua a desenvolver unha xestión prudente da débeda que permita garantir a sostenibilidade da facenda autonómica nos vindeiros exercicios. ACTUACIÓNS PROPOSTAS: Continuar coa xestión prudente do endebedamento ORGANO RESPONSABLE: DXPFTEFE PRAZO DE IMPLANTACION: 2022.
AC	Aceptada. En proceso de aplicación. Mantense a recomendación






12. INFORME DE FISCALIZACIÓN DOS GASTOS EN BENS CORRENTES E SERVIZOS NA ADMINISTRACIÓN XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA. EXERCICIO 2017

Nos cadros que se insiren de seguido figuran o texto das recomendacións (R), as contestacións formuladas polas entidades fiscalizadas (C) e a avaliación do Consello de Contas (AC).

RECOMENDACIÓNS


R	1. Recómendase á Consellería de Facenda que estableza criterios de limitación cuantitativa para a utilización do sistema de pagos a xustificar e que non utilice dito sistema cando dispoña da acreditación documental para tramitar os pagos polo procedemento ordinario.
C	ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: Intervención Xeral da Comunidade Autónoma DECISIÓN: Rexeitada CONTESTACIÓNS: O artigo 77 do Texto Refundido da Lei de Réxime financeiro e orzamentario de Galicia admite tres supostos nos que poden realizarse pagos a xustificar: a) Cando os documentos xustificativos non podan axuntarse antes de efectuar a proposta de pago. b) Cando se considere conveniente a utilización deste sistema para axilizar significativamente a xestión dos créditos. c) Cando as ordes de pago teñan por obxecto satisfacer gastos en localidades onde non existan dependencias do organismo autónomo de que se trate. Os pagos a xustificar estanse a realizar dentro dos parámetros fixados na Lei de Réxime financeiro e orzamentario de Galicia, carecendo de sentido limitar o seu importe cuantitativo; calquera que sexa o importe do gasto realizado, pode resultar máis axeitado e eficiente para a xestión orzamentaria a utilización do sistema de pagos a xustificar, especialmente se se realiza un control rigoroso dos mesmos. ACTUACIÓNS PROPOSTAS: ÓRGANO RESPONSABLE: Intervención Xeral da Comunidade Autónoma PRAZO DE IMPLANTACIÓN:
AC	Non aceptada. Non aplicada. Mantense a recomendación



Cod. Validación: 42SHTGL7Q9265QDW5KGNMHQD | Corrección: <https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 151 a 192



R	2. A Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio, cara ao futuro, debe limitar na medida do posible os procedementos de contratación directa para o arrendamento de inmobles e dar prioridade aos concursos públicos. Tamén debe regularizar sen máis dilación a totalidade dos arrendamentos dos inmobles en situación de tácita recondución.
C	ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio DECISIÓN: Rexeitamento CONTESTACIÓNS: O goberno galego dende fai varios anos en política de arrendamentos mantén o criterio de "alugueres 0" e, en consonancia con esta medida, está rebaixando anualmente a partida destinada a este tipo de gasto. Neste marco de actuación faise imprescindible a total flexibilidade da contratación de cara a permitir que todos os contratos poidan resolverse sen indemnización ou, de non ser posible, coa mínima indemnización. De ahí as figuras utilizadas da contratación directa e da tácita recondución. A contratación directa estase utilizando como regra xeral para os arrendamentos que finalizan, onde as distintas consellerías realizaron unha inversión nos inmobles para adaptalos as súas necesidades e o traslado suporía a necesidade de realizar unha nova inversión nun novo inmovble ademais dos gastos de traslado e alteración do funcionamento administrativo. Con estas premisas as distintas consellerías sempre propoñen a continuación no inmovble arrendado se non existen alternativas para ocupar locais ou edificios en propiedade. Ademais, este tipo de contratación ten cobertura legal, ao permitilo o apartado 1ª, do artigo 61 da Lei 5/2011, do 30 de setembro de patrimonio de Galicia, relativo ás peculiaridades ou singularidades do ben, posto que un inmovble que xa está sendo ocupado reúne unhas condicións de singularidade e peculiaridade que non existen noutros. Tamén se están realizando contratacións directas en supostos nos que se precisa dun inmovble alternativo durante un curto período de tempo, con motivo de obras en locais propios. Tramitar un concurso no que obrigatoriamente debe publicarse un anuncio en prensa co custo que iso supón para o adxudicatario non resultaría viable. En canto á regularización dos inmobles en situación de tácita recondución, tamén se enmarca nas actuacións de cara á resolución dos contratos para permitir a resolución sen custo. Ademais, dita figura está permitida no artigo 1.566 do Código Civil e na propia Lei 5/2011, do 30 de setembro, artigo 60, figura típica do tráfico xurídico privado que é onde teñen efectos os contratos subscritos pola Administración xeral. ACTUACIÓNS PROPOSTAS: --- ÓRGANO RESPONSABLE: --- PRAZO DE IMPLANTACIÓN: ---
AC	Non aceptada. Non aplicada. Mantense a recomendación





R	3. Recoméndase á Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza que planifique adecuadamente as contratacións do servizo de limpeza dos edificios administrativos e publique anuncios de información previa no perfil do contratante da Plataforma de contratos da Comunidade Autónoma.
C	ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: Secretaría Xeral Técnica da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo DECISIÓN: Aceptación da recomendación CONTESTACIÓNS: A Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo efectúa, tanto no exercicio orzamentario como nun escenario plurianual, unha adecuada programación e planificación da actividade de contratación, avaliando as necesidades existentes e analizando as licitacións que deben levarse a cabo. Dentro da actividade contractual da consellería atópase a tramitación dos contratos centralizados que lle corresponden en virtude do disposto no <i>Acordo do Consello da Xunta do 18 de setembro de 2014 polo que se aproba o Catálogo de medios e prestacións susceptible de autoprovisión e se toma razón das subministracións, obras, servizos e calquera outra prestación susceptible de contratación centralizada</i>. No Anexo II do Acordo atribúese a esta consellería, entre outras, a contratación de xeito centralizado do servizo de limpeza dos edificios administrativos. En cumprimento do establecido no artigo 28.4 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (no sucesivo, LCSP) a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo procederá, no primeiro trimestre deste ano 2022, á publicación da actividade de contratación prevista para este exercicio no Perfil do contratante aloxado na Plataforma de contratos da Comunidade Autónoma. Deste xeito darase a coñecer o Plan de contratación da consellería, co contido establecido no artigo 134 e no Anexo III da LCSP para os anuncios de información previa, facilitando os datos relativos ao obxecto e ás características dos contratos e dos procedementos de adxudicación. Ademais de dar cumprimento ás esixencias de transparencia establecidas na lexislación vixente, a publicación desta planificación permite dar a coñecer aos licitadores os contratos que se prevén realizar no período, facilitando a súa posterior concorrência e permitindo, ao mesmo tempo, acadar os obxectivos de eficiencia, eficacia e mellora da calidade da contratación administrativa. ACTUACIÓNS PROPOSTAS: Publicación do Plan de contratación no Perfil do Contratante no primeiro trimestre do exercicio. ÓRGANO RESPONSABLE: Secretaría Xeral Técnica da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo PRAZO DE IMPLANTACIÓN: A recomendación de planificación da actividade contractual atópase implantada.
AC	Aceptada. Non verificada. Precísanse probas adicionais de comprobación



Cod. Validación: 42SHTGL7Q926QDWP5KGNMHQD | Corrección: <https://consellocontasgalicia.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 153 a 192




13. INFORME DE FISCALIZACIÓN DO PLAN DE ASISTENCIA AO ICTUS. EJERCICIOS 2017-2018

Nos cadros que se insiren de seguido figuran o texto das recomendacións (R), as contestacións formuladas polas entidades fiscalizadas (C) e a avaliación do Consello de Contas (AC).

RECOMENDACIÓNS

R	1. Débese incidir nas campañas de divulgación que faciliten unha rápida identificación dos síntomas, tanto por parte da poboación xeral como por parte dos profesionais sanitarios, dado que é unha patoloxía tempo-dependente. Igualmente, resulta conveniente continuar fomentando desde a administración pública os estilos de vida saudable por tratarse dunha enfermidade que se pode previr en moitos dos casos.
C	ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: DIRECCIÓN XERAL DE ASISTENCIA SANITARIA. DECISIÓN: ACEPTADA. CONTESTACIÓNS: As campañas informativas facilitan a identificación dos síntomas e en coordinación coa Dirección Xeral de Saúde Pública fóméntanse os estilos de vida saudables. ACTUACIÓNS PROPOSTAS: Continuar coas campañas informativas desenvolvidas nos centros asistenciais da rede do Servizo Galego de Saúde e reforzar as actuacións dirixidas á poboación xeral. Aproveitase o día mundial do ictus para realizar ditas campañas formativas-informativas. ÓRGANO RESPONSABLE: Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria. PRAZO DE IMPLANTACIÓN: Implantada.
AC	Aceptada. Parcialmente aplicada. Mantense a recomendación


R	2. Aconséllase valorar a oportunidade de actualizar, modificar, ampliar ou, no seu caso, homoxeneizar os protocolos de actuación dos distintos hospitais.
C	ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: DIRECCIÓN XERAL DE ASISTENCIA SANITARIA. DECISIÓN: Aceptada. CONTESTACIÓNS: Estase a revisar o Plan de Asistencia ao ICTUS en Galicia para adaptalo aos requirimentos actuais e para homoxeneizar os protocolos de actuación para os distintos hospitais da rede hospitalaria de Galicia. Está sendo unha tarefa actual a desenvolver pola Comisión. ACTUACIÓNS PROPOSTAS: Revisión do Plan de Asistencia ao ICTUS en Galicia. ÓRGANO RESPONSABLE: Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria PRAZO DE IMPLANTACIÓN: A partir de decembro de 2021
AC	Aceptada. Non verificada. Precísanse probas adicionais de comprobación. Mantense a recomendación





R	3. Deberíase avaliar a posibilidade e conveniencia de dotar aos centros de nivel 2 dos medios precisos para que poidan levar a cabo o tratamento endovascular como fan na actualidade os hospitais de nivel 3.
C	ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: DIRECCIÓN XERAL DE ASISTENCIA SANITARIA. DECISIÓN: Aceptada. CONTESTACIÓNS: Estase avaliar a posibilidade sinalada nesta recomendación. ACTUACIÓNS PROPOSTAS: Avaliarase dita conveniencia en función das recomendacións e guías de referencia, así como as recomendacións da actualización do Plan a realizar polos membros expertos da Comisión. ÓRGANO RESPONSABLE: Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria. PRAZO DE IMPLANTACIÓN: 2022
AC	Aceptada. Pendente de aplicación. Mantense a recomendación

R	4. Considérase imprescindible que por parte do Sergas se verifique a introdución áxil e rigorosa dos datos no rexistro de ictus implantado no ano 2019, de xeito que resulte unha ferramenta válida para analizar o seguimento dos indicadores que recolle o Plan Ictus ou os novos que se pretendan implantar.
C	ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: DIRECCIÓN XERAL DE ASISTENCIA SANITARIA. DECISIÓN: Aceptada. CONTESTACIÓNS: O Servizo Galego de Saúde realiza unha revisión semestral, nos meses de xuño e decembro, dos datos introducidos no rexistro do ICTUS co obxecto de analizar o seguimento dos indicadores recollidos no Plan. ACTUACIÓNS PROPOSTAS: Revisión semestral do Rexistro de Atención ao ICTUS. ÓRGANO RESPONSABLE: Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria. PRAZO DE IMPLANTACIÓN: Anual.
AC	Aceptada. Non verificada. Precísanse probas adicionais de comprobación. Mantense a recomendación




14. Informe de fiscalización da execución da contratación do SERGAS Exercicios 2012 ao 2017

Nos cadros que se insiren de seguido figuran o texto das recomendacións (R), as contestacións formuladas polas entidades fiscalizadas (C) e a avaliación do Consello de Contas (AC).

As seguintes recomendacións fanse tendo en conta que no período fiscalizado aínda non entrara en vigor a Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, que introduce importantes modificacións en relación cos aspectos sinalados, reforzando a necesidade de levar a cabo unha axeitada planificación da contratación, limitando os supostos nos que se poden acordar prórrogas por razóns de interese público e incidindo na importancia da figura do responsable do contrato.

R	1. Debe procederse a unha análise realista e rigorosa da prestación que se contrata e a unha planificación adecuada da súa duración (cronograma de inicio das actuacións de preparación da nova contratación), coa finalidade de evitar que os contratos se prolonguen sen xustificación e limitar desta forma a concorrencia competitiva.
C	ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: SERVIZO GALEGO DE SAÚDE DECISIÓN: ACEPTADA CONTESTACIÓNS: Plan de Compras. Os plans de compras son instrumentos de planificación destinados a recoller o conxunto de contratacións que unha organización prevé tramitar nun determinado período temporal. ACTUACIÓNS PROPOSTAS: Instrución 11/2021 de procedemento de elaboración e xestión dos plans de compras. ÓRGANO RESPONSABLE: DIRECCIÓN XERAL DE RECURSOS ECONÓMICOS PRAZO DE IMPLANTACIÓN: IMPLANTADA
AC	Aceptada. Parcialmente aplicada. Mantense a recomendación

R	2. Deben limitarse o máis posible (reducir en número e importe) e a supostos debidamente xustificadas (mediante unha definición precisa da prestación) as modificacións contractuais para evitar desvirtuar a prestación orixinalmente contratada.
